



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 279
5 de novembro de 2025

Fascículo 1

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de novembro de 2025, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 37244, 12/PL-000011) [131546](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 37737 (12/PNP-002763)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 14 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e as demandas que debe dirixir ao Goberno central en relación coa tributación pola recollida de residuos sólidos urbanos e co seu financiamento [131561](#)

■ 38081 (12/PNP-002793)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para rectificar a súa política sanitaria e implantar un novo modelo de Atención Primaria con máis recursos, persoal suficiente e mellores condicións laborais [131565](#)

Admisión a trámite e publicación

■ 37586 (12/PNP-002752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Hermelo Piñeiro, María Dolores e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da elaboración e avaliación dun estudo técnico respecto das necesidades da comarca do Morrazo en canto aos servizos de atención sanitaria continuada e urxente [131570](#)



I 37593 (12/PNP-002753)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que inclúa unha partida nos próximos orzamentos destinada a cofinanciar a construción dun novo pavillón polideportivo no concello de Oroso

[131574](#)**I 37631 (12/PNP-002756)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que leve a cabo na CSAG un proceso de investigación e control respecto dos protocolos e procedementos que segue para a posta en marcha de proxectos audiovisuais

[131578](#)**I 37666 (12/PNP-002757)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que incorpore un docente adicional de Audición e Linguaxe no CEIP de Prácticas López Ferreiro, de Santiago de Compostela

[131582](#)**I 37686 (12/PNP-002758)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que habilite e traslade ás comunidades autónomas unha partida específica destinada ao financiamento dos comedores escolares

[131586](#)**I 37697 (12/PNP-002759)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para mellorar o sistema de protección de menores en Galicia

[131590](#)**I 37717 (12/PNP-002761)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre a información que a Consellería do Mar debe trasladar ao Parlamento de Galicia en relación coa presenza e co impacto que está a ter a ousa no litoral galego

[131600](#)**I 37728 (12/PNP-002762)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a postura e as medidas que debe adoptar o Goberno galego co fin de reforzar a Unidade de Policía Adscrita (UPA)

[131604](#)**I 37751 (12/PNP-002764)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha para a construción dun instituto de ensinanza secundaria en Valdoviño [131609](#)

I 37775 - 37795 (12/PNP-002765)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central en relación co problema derivado dos fallos detectados nas pulseiras e no sistema de seguimento das vítimas de violencia de xénero [131613](#)

[131618](#)

I 37781- 37795 (12/PNP-002766)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación coa acollida dos menores inmigrantes solicitantes de asilo que se atopan en Canarias [131621](#)

[131618](#)

I 37785 (12/PNP-002767)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa aplicación e a dotación orzamentaria da Lei ELA [131626](#)

I 37790 (12/PNP-002768)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que actualice a súa achega económica aos colexios da avogacía e se poida garantir o servizo da xustiza gratuíta [131634](#)

I 37802 (12/PNP-002769)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar co obxectivo de mellorar as condicións laborais do persoal das escolas infantís de 0 a 3 anos [131638](#)

I 37813 (12/PNP-002770)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da adopción das medidas que correspondan para que a Inspección Educativa cumpra coa normativa en materia de normalización lingüística [131644](#)

I 37833 (12/PNP-002771)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa implantación obrigatoria do rexistro horario dixital nas empresas [131649](#)



I 37837 (12/PNP-002772)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de accións consensuadas co obxecto de fomentar a lectura e impulsar o sector do libro galego

[131655](#)**I 37843 (12/PNP-002773)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que garanta a transferencia a Galicia dos fondos completos e actualizados destinados ás políticas activas de emprego e á formación

[131660](#)**I 37845 (12/PNP-002774)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e 8 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coas políticas para garantir a remuda xeracional e o futuro no sector pesqueiro

[131665](#)**I 37849 (12/PNP-002775)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e 8 máis**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central para a defensa do sector conserveiro galego ante o novo marco arancelario aplicado pola Unión Europea ao aceiro importado

[131670](#)**I 37853 (12/PNP-002776)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e 8 máis**

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central e á UE para a defensa dos intereses da frota galega de pesca, singularmente a de cerco e de arrastre litoral

[131675](#)**I 37857 (12/PNP-002777)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e 8 máis**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para apoiar a frota galega de pesca de fondo ante os vetos da Comisión Europea

[131680](#)**I 37871 (12/PNP-002778)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar o funcionamento das liñas de autobús entre Carballo e A Coruña

[131685](#)**I 37877 (12/PNP-002779)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar o servizo de autobuses entre Carballo e A Coruña [131690](#)

I 37885 (12/PNP-002780)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para reforzar e actualizar as súas políticas contra a violencia de xénero [131695](#)

I 37931 (12/PNP-002781)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego para o impulso dun proxecto integral de conservación, protección e dinamización do Parque da Natureza de Castiñeiras, situado nos concellos de Vilaboa e Marín [131701](#)

I 37937 (12/PNP-002782)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe poñer en marcha co obxectivo de reforzar as súas políticas públicas contra a violencia de xénero e as demandas que debe trasladar ao Goberno central nesta materia [131706](#)

I 37941 (12/PNP-002783)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación dun recurso específico destinado a axudar as empresas a detectar, acompañar e apoiar as vítimas de violencia de xénero [131713](#)

I 37942 (12/PNP-002784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego da aprobación no prazo máximo dun ano dos plans de xestión de cada un dos espazos naturais incluídos na Rede Natura 2000 [131717](#)

I 37954 (12/PNP-002785)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da introdución das denominadas «zonas ben conservadas en estudo» no marco das figuras de protección do patrimonio natural e da biodiversidade [131721](#)

I 37957 (12/PNP-002786)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de desenvolver o Plan de seguimento e implementación da Estratexia da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas [131725](#)



I 37966 (12/PNP-002787)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia co fin de garantir a ausencia de discriminacións nos procesos sanitarios de derivacións desde a atención primaria ás distintas especialidades hospitalarias, especialmente na área da provincia de Ourense

[131730](#)**1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión****1.3.6.2.1. Proposicións presentadas****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación****I 37736 (12/PNC-003274)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e 14 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e as demandas que debe dirixir ao Goberno central en relación coa tributación pola recollida de residuos sólidos urbanos e co seu financiamento

[131736](#)**I 37982 (12/PNC-003304)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e 4 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para facer fronte ás consecuencias ambientais do incendio da comarca de Valdeorras iniciado en Larouco

[131740](#)**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación****I 37585 (12/PNC-003260)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Hermelo Piñeiro, María Dolores e 8 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da elaboración e avaliación dun estudo técnico respecto das necesidades da comarca do Morrazo en canto aos servizos de atención sanitaria continuada e urxente

[131745](#)**I 37594 (12/PNC-003261)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que inclúa unha partida nos próximos orzamentos destinada a cofinanciar a construción dun novo pavillón polideportivo no concello de Oroso

[131749](#)**I 37595 (12/PNC-003262)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que inclúa unha partida nos próximos orzamentos destinada a cofinanciar a construción dun novo pavillón polideportivo no concello de Oroso

[131753](#)

I 37603 (12/PNC-003263)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da reintegración da nova parada solicitada polo CEIP Vicente Arias de la Maza, de Lalín, na liña de autobús escolar

[131757](#)**I 37632 (12/PNC-003267)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que leve a cabo na CSAG un proceso de investigación e control respecto dos protocolos e procedementos que segue para a posta en marcha de proxectos audiovisuais

[131762](#)**I 37667 (12/PNC-003268)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que incorpore un docente adicional de Audición e Linguaxe no CEIP de Prácticas López Ferreiro, de Santiago de Compostela

[131766](#)**I 37685 (12/PNC-003269)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que habilite e traslade ás comunidades autónomas unha partida específica destinada ao financiamento dos comedores escolares

[131770](#)**I 37696 (12/PNC-003270)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para mellorar o sistema de protección de menores en Galicia

[131774](#)**I 37716 (12/PNC-003272)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre a información que a Consellería do Mar debe trasladar ao Parlamento de Galicia en relación coa presenza e co impacto que está a ter a ousa no litoral galego

[131784](#)**I 37727 (12/PNC-003273)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a postura e as medidas que debe adoptar o Goberno galego co fin de reforzar a Unidade de Policía Adscrita (UPA)

[131788](#)**I 37752 (12/PNC-003275)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha para a construción dun instituto de ensinanza secundaria en Valdoviño [131793](#)

I 37774 - 37795 (12/PNC-003276)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central en relación co problema derivado dos fallos detectados nas pulseiras e no sistema de seguimento das vítimas de violencia de xénero [131797](#)

[131618](#)

I 37780 - 37795 (12/PNC-003277)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación coa acollida dos menores inmigrantes solicitantes de asilo que se atopan en Canarias [131802](#)

[131618](#)

I 37784 (12/PNC-003278)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa aplicación e a dotación orzamentaria da Lei ELA [131807](#)

I 37789 (12/PNC-003279)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que actualice a súa achega económica aos colexios da avogacía e se poida garantir o servizo da xustiza gratuíta [131815](#)

I 37803 (12/PNC-003280)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar co obxectivo de mellorar as condicións laborais do persoal das escolas infantís de 0 a 3 anos [131819](#)

I 37812 (12/PNC-003281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da adopción das medidas que correspondan para que a Inspección Educativa cumpra coa normativa en materia de normalización lingüística [131825](#)

I 37821 (12/PNC-003282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da colocación de pasos de peóns para mellorar a seguranza viaria na avenida Salvador Allende en Nós, no concello de Oleiros [131830](#)



I 37832 (12/PNC-003283)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 8 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa implantación obrigatoria do rexistro horario dixital nas empresas

[131834](#)**I 37836 (12/PNC-003284)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de accións consensuadas co obxecto de fomentar a lectura e impulsar o sector do libro galego

[131840](#)**I 37842 (12/PNC-003285)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que garanta a transferencia a Galicia dos fondos completos e actualizados destinados ás políticas activas de emprego e á formación

[131845](#)**I 37844 (12/PNC-003286)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e 8 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coas políticas para garantir a remuda xeracional e o futuro no sector pesqueiro

[131850](#)**I 37848 (12/PNC-003287)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e 8 máis**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central para a defensa do sector conserveiro galego ante o novo marco arancelario aplicado pola Unión Europea ao aceiro importado

[131855](#)**I 37852 (12/PNC-003288)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e 8 máis**

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central e á UE para a defensa dos intereses da frota galega de pesca, singularmente a de cerco e de arrastre litoral

[131860](#)**I 37856 (12/PNC-003289)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e 8 máis**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para apoiar a frota galega de pesca de fondo ante os vetos da Comisión Europea

[131865](#)**I 37862 (12/PNC-003290)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da cobertura permanente das prazas de facultativos pertencentes ao Centro de Saúde de Forcarei [131870](#)

I 37866 (12/PNC-003291)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar cabo a Xunta de Galicia relacionadas cos desprendementos que se producen nos cantís da praia do Xunqueiro, localizada en Mera, concello de Oleiros [131874](#)

I 37872 (12/PNC-003292)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar o funcionamento das liñas de autobús entre Carballo e A Coruña [131878](#)

I 37878 (12/PNC-003293)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar o servizo de autobuses entre Carballo e A Coruña [131883](#)

I 37884 (12/PNC-003294)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para reforzar e actualizar as súas políticas contra a violencia de xénero [131888](#)

I 37920 (12/PNC-003295)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que concrete as obras de mellora da seguridade viaria na estrada AC-400 entre os núcleos de Valiñas e Peiro de Arriba, en Culleredo, e o seu prazo de execución [131894](#)

I 37932 (12/PNC-003296)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego para o impulso dun proxecto integral de conservación, protección e dinamización do Parque da Natureza de Castiñeiras, situado nos concellos de Vilaboa e Marín [131898](#)

I 37936 (12/PNC-003297)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe poñer en marcha co obxectivo de reforzar as súas políticas públicas contra a violencia de xénero e as demandas que debe trasladar ao Goberno central nesta materia [131903](#)



I 37940 (12/PNC-003298)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación dun recurso específico destinado a axudar as empresas a detectar, acompañar e apoiar as vítimas de violencia de xénero [131910](#)

I 37943 (12/PNC-003299)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat**

Sobre a demanda ao Goberno galego da aprobación no prazo máximo dun ano dos plans de xestión de cada un dos espazos naturais incluídos na Rede Natura 2000 [131914](#)

I 37949 (12/PNC-003300)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a demanda ao Goberno galego da introdución das denominadas «zonas ben conservadas en estudo» no marco das figuras de protección do patrimonio natural e da biodiversidade [131918](#)

I 37958 (12/PNC-003301)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat**

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de desenvolver o Plan de seguimento e implementación da Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas [131922](#)

I 37965 (12/PNC-003302)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia co fin de garantir a ausencia de discriminacións nos procesos sanitarios de derivacións desde a atención primaria ás distintas especialidades hospitalarias, especialmente na área da provincia de Ourense [131927](#)

I 37971 (12/PNC-003303)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar adiante para restituír e garantir o servizo sanitario de urxencias de Moaña [131933](#)

1.4. Procedementos de información**1.4.3. Interpelacións****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación****I 37981 (12/INT-001385)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e 23 máis**

Sobre as actuacións postas en marcha e previstas polo Goberno galego respecto das consecuencias económicas e ambientais, especialmente hidrolóxicas, do incendio da comarca de Valdeorras iniciado en Larouco [131938](#)



I 38080 (12/INT-001387)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis**

Sobre a situación de alarma na que se atopa a Atención Primaria

[131943](#)**Admisión a trámite e publicación****I 37575 (12/INT-001366)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre as liñas de actuación da Xunta de Galicia ante a detección de problemas no funcionamento dos mecanismos de protección das vítimas de violencia de xénero

[131949](#)**I 37596 (12/INT-001367)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 3 máis**

Sobre a política de colaboración da Xunta de Galicia cos concellos dirixida a mellorar a dotación das infraestruturas locais para a práctica deportiva, con especial atención ao caso do novo polideportivo de Oroso

[131953](#)**I 37611 (12/INT-001368)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da composición do Consello Galego de Estatística

[131957](#)**I 37633 (12/INT-001369)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia e 3 máis**

Sobre a praxe seguida pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia na selección e incorporación de programas

[131962](#)**I 37644 (12/INT-001370)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre o balance e as propostas que fai o Consello da Cultura Galega verbo dos servizos de normalización lingüística e dos equipos de dinamización da lingua galega

[131966](#)**I 37668 (12/INT-001371)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre o nivel de cobertura de profesorado especializado para garantir un ensino inclusivo nos centros educativos públicos, nomeadamente no CEIP de Prácticas López Ferreiro, de Santiago de Compostela

[131970](#)**I 37695 (12/INT-001372)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a situación actual do sistema de protección de menores en Galicia

[131975](#)

I 37715 (12/INT-001373)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**Sobre a produtividade dos bancos marisqueiros galegos e a presenza da ouxa (*Myliobatis aquila*)[131985](#)**I 37726 (12/INT-001374)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre o criterio da Xunta de Galicia en relación co financiamento da Unidade da Policía Adscrita (UPA)

[131989](#)**I 37788 (12/INT-001375)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre o grao de apoio que presta a Xunta de Galicia ao servizo de asistencia xurídica gratuíta

[131993](#)**I 37807 (12/INT-001376)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as condicións laborais e salariais do persoal das escolas infantís de 0 a 3 anos privadas

[131997](#)**I 37835 (12/INT-001377)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as estratexias que desenvolve a Xunta de Galicia para o impulso do sector do libro galego e a dinamización da lectura

[132003](#)**I 37873 (12/INT-001378)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre o funcionamento do transporte público por estrada en Galicia, singularmente das liñas de autobús que unen Carballo e A Coruña

[132008](#)**I 37879 (12/INT-001379)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á mellora da mobilidade na comarca da Costa da Morte, especialmente en canto ao servizo de transporte público por estrada

[132013](#)**I 37883 (12/INT-001380)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a postura e as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do novo Pacto de Estado contra a violencia de xénero

[132018](#)**I 37947 (12/INT-001381)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat**

Sobre a xestión que leva cabo o Goberno galego dos espazos incluídos na Rede Natura 2000

[132023](#)

I 37950 (12/INT-001382)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as políticas de protección ambiental e da biodiversidade que leva a cabo o Goberno galego e o rango legal das denominadas «zonas ben conservadas en estudo»

[132027](#)**I 37962 (12/INT-001383)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat**

Sobre a concreción e o desenvolvemento da Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas

[132031](#)**I 37964 (12/INT-001384)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a eventual existencia de protocolos sanitarios con limitacións ou discriminacións nas derivacións desde a atención primaria a algunhas especialidades hospitalarias, concretamente na provincia de Ourense

[132035](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de novembro de 2025, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 37244, 12/PL-000011)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 37861, o escrito do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 37244, 12/PL-000011).

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade acorda:

1º. Ampliar, por única vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 37244, 12/PL-000011), ata o día 17 de novembro de 2025, ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios e darlle traslado á Xunta de Portavoces.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2025

Mguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de novembro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 37737 (12/PNP-002763)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 14 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e as demandas que debe dirixir ao Goberno central en relación coa tributación pola recollida de residuos sólidos urbanos e co seu financiamento



- 38081 (12/PNP-002793)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para rectificar a súa política sanitaria e implantar un novo modelo de Atención Primaria con máis recursos, persoal suficiente e mellores condicións laborais

Admisión a trámite e publicación

- 37586 (12/PNP-002752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Hermelo Piñeiro, María Dolores e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da elaboración e avaliación dun estudo técnico respecto das necesidades da comarca do Morrazo en canto aos servizos de atención sanitaria continuada e urxente

- 37593 (12/PNP-002753)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que inclúa unha partida nos próximos orzamentos destinada a cofinanciar a construción dun novo pavillón polideportivo no concello de Oroso

- 37631 (12/PNP-002756)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 3 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que leve a cabo na CSAG un proceso de investigación e control respecto dos protocolos e procedementos que segue para a posta en marcha de proxectos audiovisuais

- 37666 (12/PNP-002757)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que incorpore un docente adicional de Audición e Linguaxe no CEIP de Prácticas López Ferreiro, de Santiago de Compostela

- 37686 (12/PNP-002758)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que habilite e traslade ás comunidades autónomas unha partida específica destinada ao financiamento dos comedores escolares

- 37697 (12/PNP-002759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para mellorar o sistema de protección de menores en Galicia



- 37717 (12/PNP-002761)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a información que a Consellería do Mar debe trasladar ao Parlamento de Galicia en relación coa presenza e co impacto que está a ter a ousa no litoral galego

- 37728 (12/PNP-002762)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a postura e as medidas que debe adoptar o Goberno galego co fin de reforzar a Unidade de Policía Adscrita (UPA)

- 37751 (12/PNP-002764)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha para a construción dun instituto de ensinanza secundaria en Valdoviño

- 37775 - 37795 (12/PNP-002765)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central en relación co problema derivado dos fallos detectados nas pulseiras e no sistema de seguimento das vítimas de violencia de xénero

A Mesa admitea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 37795.

- 37781- 37795 (12/PNP-002766)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación coa acollida dos menores inmigrantes solicitantes de asilo que se atopan en Canarias

A Mesa admitea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 37795.

- 37785 (12/PNP-002767)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa aplicación e a dotación orzamentaria da Lei ELA

- 37790 (12/PNP-002768)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que actualice a súa achega económica aos colexios da avogacía e se poida garantir o servizo da xustiza gratuíta



- 37802 (12/PNP-002769)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar co obxectivo de mellorar as condicións laborais do persoal das escolas infantís de 0 a 3 anos

- 37813 (12/PNP-002770)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da adopción das medidas que correspondan para que a Inspección Educativa cumpra coa normativa en materia de normalización lingüística

- 37833 (12/PNP-002771)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa implantación obrigatoria do rexistro horario dixital nas empresas

- 37837 (12/PNP-002772)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de accións consensuadas co obxecto de fomentar a lectura e impulsar o sector do libro galego

- 37843 (12/PNP-002773)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que garanta a transferencia a Galicia dos fondos completos e actualizados destinados ás políticas activas de emprego e á formación

- 37845 (12/PNP-002774)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coas políticas para garantir a remuda xeracional e o futuro no sector pesqueiro

- 37849 (12/PNP-002775)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central para a defensa do sector conserveiro galego ante o novo marco arancelario aplicado pola Unión Europea ao aceiro importado

- 37853 (12/PNP-002776)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis



Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central e á UE para a defensa dos intereses da frota galega de pesca, singularmente a de cerco e de arrastre litoral

- 37857 (12/PNP-002777)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para apoiar a frota galega de pesca de fondo ante os vetos da Comisión Europea

- 37871 (12/PNP-002778)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar o funcionamento das liñas de autobús entre Carballo e A Coruña

- 37877 (12/PNP-002779)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar o servizo de autobuses entre Carballo e A Coruña

- 37885 (12/PNP-002780)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para reforzar e actualizar as súas políticas contra a violencia de xénero

- 37931 (12/PNP-002781)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego para o impulso dun proxecto integral de conservación, protección e dinamización do Parque da Natureza de Castiñeiras, situado nos concellos de Vilaboa e Marín

- 37937 (12/PNP-002782)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe poñer en marcha co obxectivo de reforzar as súas políticas públicas contra a violencia de xénero e as demandas que debe trasladar ao Goberno central nesta materia

- 37941 (12/PNP-002783)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación dun recurso específico destinado a axudar as empresas a detectar, acompañar e apoiar as vítimas de violencia de xénero



- 37942 (12/PNP-002784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego da aprobación no prazo máximo dun ano dos plans de xestión de cada un dos espazos naturais incluídos na Rede Natura 2000

- 37954 (12/PNP-002785)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da introdución das denominadas «zonas ben conservadas en estudo» no marco das figuras de protección do patrimonio natural e da biodiversidade

- 37957 (12/PNP-002786)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de desenvolver o Plan de seguimento e implementación da Estratexia da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas

- 37966 (12/PNP-002787)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia co fin de garantir a ausencia de discriminacións nos procesos sanitarios de derivacións desde a atención primaria ás distintas especialidades hospitalarias, especialmente na área da provincia de Ourense

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 37736 (12/PNC-003274)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 14 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia e as demandas que debe dirixir ao Goberno central en relación coa tributación pola recollida de residuos sólidos urbanos e co seu financiamento

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37982 (12/PNC-003304)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 4 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para facer fronte ás consecuencias ambientais do incendio da comarca de Valdeorras iniciado en Larouco

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 37585 (12/PNC-003260)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Hermelo Piñeiro, María Dolores e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da elaboración e avaliación dun estudo técnico respecto das necesidades da comarca do Morrazo en canto aos servizos de atención sanitaria continuada e urxente
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37594 (12/PNC-003261)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que inclúa unha partida nos próximos orzamentos destinada a cofinanciar a construción dun novo pavillón polideportivo no concello de Oroso

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37595 (12/PNC-003262)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que inclúa unha partida nos próximos orzamentos destinada a cofinanciar a construción dun novo pavillón polideportivo no concello de Oroso

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 37603 (12/PNC-003263)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da reintegración da nova parada solicitada polo CEIP Vicente Arias de la Maza, de Lalín, na liña de autobús escolar

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37632 (12/PNC-003267)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 3 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que leve a cabo na CSAG un proceso de investigación e control respecto dos protocolos e procedementos que segue para a posta en marcha de proxectos audiovisuais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37667 (12/PNC-003268)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que incorpore un docente adicional de Audición e Linguaxe no CEIP de Prácticas López Ferreiro, de Santiago de Compostela

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 37685 (12/PNC-003269)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que habilite e traslade ás comunidades autónomas unha partida específica destinada ao financiamento dos comedores escolares

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37696 (12/PNC-003270)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para mellorar o sistema de protección de menores en Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37716 (12/PNC-003272)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a información que a Consellería do Mar debe trasladar ao Parlamento de Galicia en relación coa presenza e co impacto que está a ter a ousa no litoral galego

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37727 (12/PNC-003273)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a postura e as medidas que debe adoptar o Goberno galego co fin de reforzar a Unidade de Policía Adscrita (UPA)

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37752 (12/PNC-003275)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha para a construción dun instituto de ensinanza secundaria en Valdoviño

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37774 - 37795 (12/PNC-003276)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central en relación co problema derivado dos fallos detectados nas pulseiras e no sistema de seguimento das vítimas de violencia de xénero

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

A Mesa admitea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 37795.



- 37780 - 37795 (12/PNC-003277)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación coa acollida dos menores inmigrantes solicitantes de asilo que se atopan en Canarias

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

A Mesa admitea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 37795.

- 37784 (12/PNC-003278)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa aplicación e a dotación orzamentaria da Lei ELA

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37789 (12/PNC-003279)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de que actualice a súa achega económica aos colexios da avogacía e se poida garantir o servizo da xustiza gratuíta

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37803 (12/PNC-003280)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar co obxectivo de mellorar as condicións laborais do persoal das escolas infantís de 0 a 3 anos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37812 (12/PNC-003281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da adopción das medidas que correspondan para que a Inspección Educativa cumpra coa normativa en materia de normalización lingüística

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37821 (12/PNC-003282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da colocación de pasos de peóns para mellorar a seguranza viaria na avenida Salvador Allende en Nós, no concello de Oleiros

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37832 (12/PNC-003283)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis



Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa implantación obrigatoria do rexistro horario dixital nas empresas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37836 (12/PNC-003284)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de accións consensuadas co obxecto de fomentar a lectura e impulsar o sector do libro galego

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37842 (12/PNC-003285)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que garanta a transferencia a Galicia dos fondos completos e actualizados destinados ás políticas activas de emprego e á formación

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37844 (12/PNC-003286)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coas políticas para garantir a remuda xeracional e o futuro no sector pesqueiro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37848 (12/PNC-003287)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central para a defensa do sector conserveiro galego ante o novo marco arancelario aplicado pola Unión Europea ao aceiro importado

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37852 (12/PNC-003288)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe reclamar ao Goberno central e á UE para a defensa dos intereses da frota galega de pesca, singularmente a de cerco e de arrastre litoral

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37856 (12/PNC-003289)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 8 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo para apoiar a frota galega de pesca de fondo ante os vetos da Comisión Europea

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 37862 (12/PNC-003290)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da cobertura permanente das prazas de facultativos pertencentes ao Centro de Saúde de Forcarei

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37866 (12/PNC-003291)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar cabo a Xunta de Galicia relacionadas cos desprendementos que se producen nos cantís da praia do Xunqueiro, localizada en Mera, concello de Oleiros

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37872 (12/PNC-003292)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar o funcionamento das liñas de autobús entre Carballo e A Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37878 (12/PNC-003293)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar o servizo de autobuses entre Carballo e A Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37884 (12/PNC-003294)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia para reforzar e actualizar as súas políticas contra a violencia de xénero

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37920 (12/PNC-003295)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que concrete as obras de mellora da seguridade viaria na estrada AC-400 entre os núcleos de Valiñas e Peiro de Arriba, en Culleredo, e o seu prazo de execución

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37932 (12/PNC-003296)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo



Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego para o impulso dun proxecto integral de conservación, protección e dinamización do Parque da Natureza de Castiñeiras, situado nos concellos de Vilaboa e Marín

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37936 (12/PNC-003297)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe poñer en marcha co obxectivo de reforzar as súas políticas públicas contra a violencia de xénero e as demandas que debe trasladar ao Goberno central nesta materia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37940 (12/PNC-003298)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación dun recurso específico destinado a axudar as empresas a detectar, acompañar e apoiar as vítimas de violencia de xénero

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37943 (12/PNC-003299)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego da aprobación no prazo máximo dun ano dos plans de xestión de cada un dos espazos naturais incluídos na Rede Natura 2000

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37949 (12/PNC-003300)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da introdución das denominadas «zonas ben conservadas en estudo» no marco das figuras de protección do patrimonio natural e da biodiversidade

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37958 (12/PNC-003301)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de desenvolver o Plan de seguimento e implementación da Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37965 (12/PNC-003302)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis



Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia co fin de garantir a ausencia de discriminacións nos procesos sanitarios de derivacións desde a atención primaria ás distintas especialidades hospitalarias, especialmente na área da provincia de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37971 (12/PNC-003303)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar adiante para restituír e garantir o servizo sanitario de urxencias de Moaña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 37981 (12/INT-001385)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 23 máis

Sobre as actuacións postas en marcha e previstas polo Goberno galego respecto das consecuencias económicas e ambientais, especialmente hidrolóxicas, do incendio da comarca de Valdeorras iniciado en Larouco

- 38080 (12/INT-001387)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre a situación de alarma na que se atopa a Atención Primaria

Admisión a trámite e publicación

- 37575 (12/INT-001366)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as liñas de actuación da Xunta de Galicia ante a detección de problemas no funcionamento dos mecanismos de protección das vítimas de violencia de xénero

- 37596 (12/INT-001367)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a política de colaboración da Xunta de Galicia cos concellos dirixida a mellorar a dotación das infraestruturas locais para a práctica deportiva, con especial atención ao caso do novo polideportivo de Oroso

- 37611 (12/INT-001368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da composición do Consello Galego de Estatística



- 37633 (12/INT-001369)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 3 máis

Sobre a praxe seguida pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia na selección e incorporación de programas

- 37644 (12/INT-001370)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o balance e as propostas que fai o Consello da Cultura Galega verbo dos servizos de normalización lingüística e dos equipos de dinamización da lingua galega

- 37668 (12/INT-001371)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre o nivel de cobertura de profesorado especializado para garantir un ensino inclusivo nos centros educativos públicos, nomeadamente no CEIP de Prácticas López Ferreiro, de Santiago de Compostela

- 37695 (12/INT-001372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a situación actual do sistema de protección de menores en Galicia

- 37715 (12/INT-001373)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a produtividade dos bancos marisqueiros galegos e a presenza da ouxa (*Myliobatis aquila*)

- 37726 (12/INT-001374)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o criterio da Xunta de Galicia en relación co financiamento da Unidade da Policía Adscrita (UPA)

- 37788 (12/INT-001375)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o grao de apoio que presta a Xunta de Galicia ao servizo de asistencia xurídica gratuíta

- 37807 (12/INT-001376)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as condicións laborais e salariais do persoal das escolas infantís de 0 a 3 anos privadas

- 37835 (12/INT-001377)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as estratexias que desenvolve a Xunta de Galicia para o impulso do sector do libro galego e a dinamización da lectura



- 37873 (12/INT-001378)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o funcionamento do transporte público por estrada en Galicia, singularmente das liñas de autobús que unen Carballo e A Coruña

- 37879 (12/INT-001379)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á mellora da mobilidade na comarca da Costa da Morte, especialmente en canto ao servizo de transporte público por estrada

- 37883 (12/INT-001380)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a postura e as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do novo Pacto de Estado contra a violencia de xénero

- 37947 (12/INT-001381)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a xestión que leva cabo o Goberno galego dos espazos incluídos na Rede Natura 2000

- 37950 (12/INT-001382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as políticas de protección ambiental e da biodiversidade que leva a cabo o Goberno galego e o rango legal das denominadas «zonas ben conservadas en estudo»

- 37962 (12/INT-001383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a concreción e o desenvolvemento da Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas

- 37964 (12/INT-001384)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a eventual existencia de protocolos sanitarios con limitacións ou discriminacións nas derivacións desde a atención primaria a algunhas especialidades hospitalarias, concretamente na provincia de Ourense

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:57:06
Nº Rexistro: 37737
Data envío: 28/10/2025 13:57:06.329

Asinado o día 28/10/2025
13:52
Por Dolores Hermelo

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Dolores Hermelo Piñeiro, Moisés Rodríguez Pérez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, Katherinie Varela Fernández, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Cristina Sanz Arias, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo prezo que pagan os cidadáns de España pola recollida de lixo que se disparou ata máximo históricos

Exposición de Motivos:

Un dos factores que máis influíron na suba da inflación, segundo acreditan os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) e o custo do servizo da recollida do lixo. A nova taxa dispara a factura un 30% e xa é un dos compoñentes que máis suben do Índice de Prezos de Consumo (IPC) no conxunto de España.

Este dato, común para o conxunto de España, vén a desmentir o falso argumento empregado desde os grupos da oposición que intentan responsabilizar á Xunta de Galicia ou a Sogama por esta suba de prezos, que en cambio si ten o seu fundamento nunha Lei estatal 7/2022, aprobada polo Executivo de Pedro Sánchez, e que os concellos están a repercutir gradualmente nos últimos meses.

A segunda gran loitada ten que ver con que o taxazo pola recollida do lixo responde a unha esixencia comunitaria -a transposición da Directiva Europea de Residuos- feito desmentido polas autoridades comunitarias, polo que se acredita que a imposición desta nova taxa, que obriga aos concellos a unha suba xeneralizada da factura, é unha decisión política de Pedro Sánchez.

Desde o Grupo Parlamentario Popular vimos insistindo en que este novo canon estatal é unha medida meramente recadatoria que, lonxe de contribuír á redución de residuos ou ao coidado do medio ambiente, tan só ten un obxectivo: complicar a situación dos municipios que ser vén forzados a subir os cobros por imposición de Sánchez que, como boa formación de esquerda, ante cada problema deseña un imposto.

Asinado o día 28/10/2025 ás
13:52
Por Gonzalo Trenor López

Asinado o día 28/10/2025 ás
13:52
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Cómpre en consecuencia que o Goberno galego demande do Executivo central que respecte a autonomía e liberdade municipal para establecer os seus propios tributos, permitindo que os concellos poidan aliviar a carga fiscal dos seus cidadáns sen imposicións ideolóxicas ou do ecoloxismo radical mal entendido e derivadas dunha incorrecta interpretación da Directiva Europea de Residuos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1º- Derrogar a obrigatoriedade imposta pola Lei 7/2022 de establecer unha taxa ou prestación patrimonial que repercute o 100% do custo da xestión de residuos urbanos nos cidadáns

2º- Solicitar a reforma da Lei 7/2022 para garantir:

- a) O respecto á autonomía local e a potestade tributaria local.
- b) Un sistema flexible de financiamento que permita aos concellos cubrir o servizo con cargo aos seus orzamentos ou mediante modelos mixtos.
- c) A incorporación de incentivos á reciclaxe e a economía circular, en lugar de penalizacións indiscriminadas.
- d) A posibilidade de bonificacións sociais para familias vulnerables, pensionistas ou autónomos con baixos ingresos.

3º- Crear un Plan Nacional de Infraestruturas para a Economía Circular, cofinanciado con fondos europeos, que permita mellorar os sistemas locais de recollida e tratamento de residuos sen trasladar todo o custo ao cidadán

Asemade insta á Xunta de Galicia, a promover unha campaña informativa, que aclare a orixe estatal deste taxazo e a intensificar a aposta do Goberno galego por apoiar aos concellos e incentivar a concienciación para que o conxunto da sociedade avance de xeito paulatino no seu compromiso coa reciclaxe, coa redución do lixo e coa reutilización, e non en medidas baseadas na suba de impostos e da recadación.”

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/10/2025 13:52:29
Gonzalo Trenor López na data 28/10/2025 13:52:39
Dolores Hermelo Piñeiro na data 28/10/2025 13:52:47
Moisés Rodríguez Pérez na data 28/10/2025 13:53:00
Carmen Pomar Tojo na data 28/10/2025 13:53:10
José Luis Ferro Iglesias na data 28/10/2025 13:53:20
Cristina Campero Dorado na data 28/10/2025 13:53:33
Argimiro Marnotes Fernández na data 28/10/2025 13:53:48
Rubén Lorenzo Gómez na data 28/10/2025 13:54:02
Roberto Rodríguez Martínez na data 28/10/2025 13:54:10
Katherinie Varela Fernández na data 28/10/2025 13:54:20
Paula Prado del Rio na data 28/10/2025 13:54:32
Julio García Comesaña na data 28/10/2025 13:54:50
Cristina Sanz Arias na data 28/10/2025 13:55:03
Ethel Vázquez Mourelle na data 28/10/2025 13:55:21
María Magdalena Perez Millares na data 28/10/2025 13:55:30



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:57:06
Nº Rexistro: 37737
Data envío: 28/10/2025 13:57:06.329

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 13:57:07

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á situación de alarma permanente na que se encontra a Atención Primaria.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola situación na que se atopa a a Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de Galiza está en situación de alerta permanente, o seu deterioro non cesa, consecuencia das políticas de acoso do Partido Popular na Xunta de Galiza.

Levamos anos demandándolle ao PP que tome medidas para deixar de poñer en risco a saúde e a vida d@s galeg@s coa súa política de deterioro da sanidade pública galega.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Non só non atendeu ningunha das peticións, senón que segue dando pasos cara o precipicio, cara o abismo, como consecuencia seguen as listas de espera para ter cita nos centros de saúde, seguen os PACs con déficits de profesionais, as crianzas sen pediatras...

Pola contra todas as actuacións levadas a cabo van encamiñadas cara roubarlle @s galeg@s o dereito a unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade, onde as persoas sexan atendidas en función das súas necesidades de saúde e non da súa capacidade económica. O obxectivo é cambiar a tarxeta sanitaria pola tarxeta bancaria.

Existe unha alerta xeneralizada polas consecuencias negativas ao longo de toda a cadea asistencial. Listas de espera tanto en atención primaria como hospitalaria, sobrecarga de profesionais, diagnósticos tardíos, de xeito que as enfermidades que puideron ser detectadas precozmente progresan sen control, reducindo as opcións de tratamento eficaces. Isto xera ansiedade, incerteza e carga emocional insoportábel nas persoas doentes. Cada atraso en consultas, cada diagnóstico tardío é unha condena ao sufrimento e nicho de negocio para a sanidade privada.

A consecuencia directa e a cada vez máis baixa calidade asistencial, a pesares do esforzo dxs profesionais, que non teñen mans abondo para atender a demanda, e tamén a perda de confianza no sistema sanitario.

A realidade é que a continuidade asistencial está seriamente ameazada, nunha situación límite, do nivel asistencial fundamental que é a Atención Primaria, onde se resolven entre o 80 e 90 por cento dos procesos de saúde. É preciso poñer en marcha un cambio de modelo, un plan real que a faga atractiva e deixe de estar secundarizada, desprestixiada, minusvalorada, convertida en despacho de doentes.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a rectificar a súa política sanitaria e a poñer en marcha de inmediato un novo modelo de Atención Primaria que garanta a atención sanitaria de calidade á poboación, convertela no auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario, con profesionais suficientes, para que poidan dispor dos recursos, tempo, número de doentes... No inmediato:

1.- Aumentar o orzamento destinado á Atención Primaria até chegar ao 25%, na actual lexislatura.

4.-Rematar coa política de precariedade e explotación nas condicións laborais, contratar pola causalidade do mesmo, reducir a rotación e mobilidade ao mínimo imprescindible...

5.- Poñer en marcha un Plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais.

6.- Incorporación de categorías novas en número suficiente para formar auténticos equipos multidisciplinares: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos- optometristas...

7.- Derogación da Lei 2/2022, de 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 04/11/2025 8:56:48
Daniel Castro García na data 04/11/2025 8:56:54
Luis Bará Torres na data 04/11/2025 8:57:01
Olalla Rodil Fernández na data 04/11/2025 8:57:09
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/11/2025 8:57:15
Paulo Ríos Santomé na data 04/11/2025 8:57:23
Rosana Pérez Fernández na data 04/11/2025 8:57:32
Ariadna Fernández González na data 04/11/2025 8:57:40
Iria Carreira Pazos na data 04/11/2025 8:57:48
José Manuel Golpe Acuña na data 04/11/2025 8:57:59
Secundino Fernández Fernández na data 04/11/2025 8:58:09
Carmela González Iglesias na data 04/11/2025 8:58:15
Sonia Vidal Lamas na data 04/11/2025 8:58:22
Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/11/2025 8:58:29
Saleta Chao Rivas na data 04/11/2025 8:58:38
Óscar Insua Lema na data 04/11/2025 8:58:47
María Montserrat Prado Cores na data 04/11/2025 8:58:55
Ramón Fernández Alfonso na data 04/11/2025 8:59:01
Alexandra Fernández Gómez na data 04/11/2025 8:59:09
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/11/2025 8:59:16
Mercedes Queixas Zas na data 04/11/2025 8:59:23
Cristina Fernández Davila na data 04/11/2025 8:59:30
Noa Presas Bergantiños na data 04/11/2025 8:59:35
Iago Suárez Fernández na data 04/11/2025 8:59:42
Iria Taibo Corsanego na data 04/11/2025 8:59:48



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 9:02:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38081
Data envío: 04/11/2025 09:02:22.346

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados **Dolores Hermelo Piñeiro Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias, Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes dos Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos

A comarca do Morrazo, integrada polos concellos de Cangas, Moaña, Bueu e Marín, presenta unha configuración xeográfica compacta e unha alta interconexión viaria, o que permite unha planificación sanitaria baseada na optimización dos recursos dispoñibles e na garantía dunha atención eficiente para toda a poboación.

Na actualidade, o Punto de Atención Continuada (PAC) de Cangas do Morrazo conta con catro equipos médicos e de enfermaría, ofrecendo atención continuada tanto á veciñanza de Cangas como á do concello de Moaña.

Este servizo cobre de maneira eficaz as necesidades asistenciais urxentes de ambos municipios, que se atopan separados por apenas sete quilómetros e unidos por vías de comunicación rápidas e directas.

O Concello de Moaña manifestou o seu interese en dispoñer dun PAC propio nas novas instalacións do seu centro de saúde. Porén, esta posibilidade debe ser analizada desde un punto de vista técnico e asistencial, tendo en conta que a creación dun novo PAC con menor dotación profesional podería fragmentar os recursos humanos e materiais, reducindo a capacidade de resposta global ante picos de demanda e incidindo na coordinación dos equipos sanitarios.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia considera que antes de adoptar calquera decisión neste ámbito é preciso dispor dun estudo técnico obxectivo, elaborado polo Servizo Galego de Saúde (Sergas), que avalíe con datos actualizados as necesidades reais de atención continuada no Morrazo, a distribución da poboación, os tempos de resposta, a carga asistencial e as vantaxes comparativas entre diferentes modelos de organización.

Este enfoque permitirá garantir que as decisións futuras se adopten con base na





evidencia e na eficiencia, asegurando o mellor aproveitamento dos recursos públicos e a calidade da atención sanitaria prestada á cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Encargar ao Servizo Galego de Saúde (Sergas) a elaboración dun estudo técnico detallado sobre a atención continuada e urxente na comarca do Morrazo, con especial atención á situación dos concellos de Cangas e Moaña.
2. Avaliar neste estudo as vantaxes asistenciais, organizativas e de eficiencia derivadas do modelo actual fronte a posibles alternativas de redistribución dos servizos.

Santiago de Compostela, a 25 de Outubro do 2025.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/10/2025 11:32:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 11:34:07
Nº Rexistro: 37586
Data envío: 24/10/2025 11:34:07.717

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 11:34:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 11:34:07
Nº Rexistro: 37586
Data envío: 24/10/2025 11:34:07.717

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Oroso leva anos demandando a construción dun novo pavillón polideportivo que dea resposta ás necesidades crecentes da súa veciñanza, das súas entidades deportivas e da comunidade educativa. O actual equipamento atópase saturado e carece das condicións necesarias para o desenvolvemento adecuado das actividades escolares e deportivas.

A demanda cidadá é unánime, como demostra a campaña de recollida de sinaturas impulsada por nais e pais do alumnado, que xa acadou varios centos de apoios. O Concello dispón dun anteproxecto e do terreo necesario, o que acredita a viabilidade inmediata da actuación.

A situación proposta polos grupos da oposición sitúase na finca dotacional deportiva situada fronte ao CEIP Camiño Inglés, opción que permitiría a máxima accesibilidade para o alumnado e unha integración coherente co núcleo educativo e deportivo da vila. Porén, esta proposta foi rexeitada polo actual goberno local unicamente por razóns partidarias, desoíndo tanto os criterios técnicos como o interese xeral.

Cómpre lembrar que o proxecto xa contaba cunha subvención da Deputación da Coruña. Así mesmo, a Xunta de Galicia comprometérase en anteriores ocasións



a colaborar na súa execución, sen que ata o momento se teña materializado compromiso orzamentario ningún.

A construción deste novo pavillón é unha necesidade real e urxente para garantir a práctica deportiva en condicións axeitadas, fomentar hábitos saudables, apoiar ás entidades locais e ofrecer infraestruturas dignas aos centros educativos e á mocidade de Oroso.

Neste contexto, é imprescindible que a Xunta de Galicia asuma a súa responsabilidade e se comprometa a cofinanciar a execución deste proxecto, en colaboración co Concello e coa Deputación da Coruña, garantindo que esta actuación se inclúa nos vindeiros orzamentos autonómicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar nos próximos Orzamentos da Xunta de Galicia unha partida específica destinada á cofinanciación da construción dun novo pavillón polideportivo en Oroso, en colaboración co Concello e coa Deputación da Coruña, garantindo o impulso e execución efectiva deste proxecto.

Santiago de Compostela, a 24 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/10/2025 12:04:22

Paloma Castro Rey na data 24/10/2025 12:04:28

Patricia Iglesias Rey na data 24/10/2025 12:04:35

Elena Espinosa Mangana na data 24/10/2025 12:04:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/10/2025 12:04:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 12:06:44
Nº Rexistro: 37593
Data envío: 24/10/2025 12:06:44.395



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 12:06:44
Nº Rexistro: 37593
Data envío: 24/10/2025 12:06:44.395

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 12:06:45

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37631
Data envío: 24/10/2025 15:56:07,685

Asinado o día 24/10/2025 ás 15:53
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro, Carmen Rodríguez Dacosta, Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira vez que profesionais do audiovisual galego apuntan plaxios por parte de directivos da extinta CRTVG, agora CSAG, na hora de presentar proxectos de futuros programas para a televisión galega.

Ben é certo que dado o obscurantismo e a falta de transparencia coa que vense realizando a programación da galega, son moitos os profesionais que desestimaron presentar proxectos tanto á CSAG como ás produtoras que traballan para o ente televisivo.

Estes días vimos de coñecer a situación de Ibon Uzkudon, un produtor vasco que no ano 2009 presentoulle a directora responsable do área naquel entón, Rosa Vilas, un programa xa realizado na televisión vasca baixo o título de *Jai Giro*. O programa que viña funcionando no País Vasco era un modelo moi concreto con características moi particulares e con unha factura e dinámica que falaba da súa singularidade e mesmo era presentado polo propio Ibon.

A responsable da televisión mostroulle o seu interese en realizar na galega o mesmo programa que Ibon lle presentou, do cal el era presentador e produtor. Acordou que chamarían ao produtor en breve para pechar a colaboración. A partir de aí comeza unha historia na que, pasados uns meses, a familia galega de Ibon chámalo pensando que é el mesmo o que está a presentar o programa

Asinado o día 24/10/2025 ás 15:53
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 24/10/2025 ás 15:53
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131578

28071 Madrid

Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37631
Data envío: 24/10/2025 15:56:07,685

Vaia Troula que é un calco exacto de *Jai Giro*. Mesmo o presentador que poñen ao fronte está caracterizado igual que Ibón, e coa mesma impronta en pantalla.

Uzkudon presentou unha demanda por “apropiación dos dereitos de propiedade intelectual” contra a televisión pública galega que a día de hoxe está pendente de resolución pola Audiencia Provincial de A Coruña.

Ante o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar un proceso de investigación dentro da propia CSAG para analizar cal é o protocolo e procedemento para a presentación de proxectos audiovisuais.
2. Que se dirixa á CSAG a crear un “portal de rexistro” dos proxectos que produtores independentes, creadores etc. fagan chegar á propia CSAG para o seu posible desenvolvemento.

Santiago de Compostela, a 24 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131579

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 24/10/2025 15:53:22

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/10/2025 15:53:29

Patricia Iglesias Rey na data 24/10/2025 15:53:35

Paloma Castro Rey na data 24/10/2025 15:53:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/10/2025 15:53:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37631
Data envío: 24/10/2025 15:56:07,685



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 15:56:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37631
Data envío: 24/10/2025 15:56:07,685

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37666
Data envío: 27/10/2025 16:14:33,163

Asinado o día 27/10/25
16:09
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia.

A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

O CEIP de Prácticas López Ferreiro de Santiago de Compostela, centro de referencia na cidade e recoñecido pola súa traxectoria innovadora e inclusiva — Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global, Premio de Innovación Educativa en Dinamización Lingüística e 3º Premio Innovagal—, atópase nunha situación de insuficiencia de recursos humanos para garantir unha atención adecuada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Segundo o informe do propio Departamento de Orientación, aprobado en Claustro e Consello Escolar, o centro conta cun volume de alumnado que require atención especializada en Audición e Linguaxe moi superior ao que pode asumir

Asinado o día 27/10/2025 ás
16:09
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 27/10/2025 ás
16:09
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / ☎ 981.55.15.30

131582

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



a única especialista dispoñible. Esta situación obriga a reducir o tempo e a frecuencia das sesións, que deixan de ser individualizadas e personalizadas, producindo unha evidente merma na calidade da atención educativa prestada.

Esta situación, denunciada pola dirección do centro e pola ANPA, dificulta gravemente a atención á diversidade, incumpre o principio de equidade e fai imposible garantir o dereito á inclusión educativa e ao progreso individual do alumnado.

As familias e o profesorado advertiron, ademais, que esta carencia repercute directamente na dinámica organizativa do centro e no benestar emocional e social do alumnado. A denegación da praza de AL solicitada pola dirección e avalada polos informes educativos non se axusta á realidade das necesidades detectadas.

A educación inclusiva require incrementar os recursos humanos nos centros ordinarios, especialmente en profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, en función das necesidades reais e baseadas en informes técnicos. A atención á diversidade non pode depender de decisións administrativas ou políticas, senón das necesidades do alumnado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar de maneira inmediata un/unha profesor/a máis de Audición e Linguaxe (AL) no CEIP de Prácticas López Ferreiro de Santiago de Compostela, tal e como demanda a comunidade educativa, co obxectivo de garantir unha atención educativa axeitada e inclusiva ao alumnado con necesidades específicas.

Santiago de Compostela, a 27 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/10/2025 16:09:47

Patricia Iglesias Rey na data 27/10/2025 16:09:54

Silvia Longueira Castro na data 27/10/2025 16:09:59

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/10/2025 16:10:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37666
Data envío: 27/10/2025 16:14:33,163

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37666
Data envío: 27/10/2025 16:14:33,163

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 16:14:36

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Julio García Comesaña, Raúl Santamaría González, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo e Víctor Baladrón Lamas** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

O presidente da Xunta de Galicia vén de anunciar unha nova liña de axudas para o alumnado que empregue comedores xestionados polas ANPAS, os concellos e os centros concertados. Trátase dunha medida que beneficiará a preto de 20.000 estudantes, que apoiará máis a quen máis o necesita –xa que se adaptará á renda familiar— e que reservará nos Orzamentos de 2026 un investimento de 3M€

Con esta iniciativa, a Xunta cumpre, unha vez máis, cos compromisos adquiridos no programa electoral e continúa ampliando o seu apoio ás familias galegas. Faino, ademais, nun contexto de crecente preocupación polo incremento dos prezos, motivado polo novo Real Decreto 315/2025 sobre alimentación saudable e sostible, aprobado polo Goberno do Estado sen diálogo nin coordinación coas administracións competentes, e que entrará en vigor en abril de 2026. Xa foron moitas as familias que manifestaron a súa preocupación.

Ese Goberno que tanto predica apoiar ás familias mantén unha aportación de 0€ aos comedores escolares e incumpe o seu propio acordo de Goberno con SUMAR, que recollía expresamente a ampliación das axudas de comedores. Por desgracia, non cumprir os compromisos xa é o habitual.

O Goberno galego, pola contra, continúa avanzando no desenvolvemento do programa electoral do Partido Popular apoiado maioritariamente, respondendo con responsabilidade ás necesidades das familias, especialmente aquelas que máis o necesitan. Só nos últimos catro anos ampliáronse as axudas a libros, as de material escolar, púxose en marcha a matrícula universitaria gratuíta e está en marcha a desgravación para a compra de libros e material.





Por iso, é o momento de esixir ao Goberno central que se deixe de anuncios e que axude ás familias mediante o financiamento dos comedores escolares ou, cando menos, que as súas decisións unilaterais non prexudiquen sempre aos mesmos, ás familias.

Cómpre lembrar que actualmente tanto as ANPAS como os concellos xa reciben apoio da Xunta de Galicia a través de diferentes fórmulas para a prestación do servizo de comedor, aínda que ata o de agora as familias usuarias non recibían axudas directas.

Galicia é a comunidade que máis inviste en comedores escolares en proporción á súa poboación: o 10 % do total estatal, malia representar menos do 6 % da poboación española. Cada día a Xunta serve máis de 62.000 menús, o que supón 11 millóns de comidas por curso e un investimento anual de 55M€. Ademais, nos comedores xestionados directamente pola Xunta, as tarifas levan anos conxeladas e están moduladas segundo a renda familiar.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno do Estado que habilite e traslade ás CCAA unha partida específica para o financiamento dos comedores escolares tendo en contra a entrada en vigor o próximo curso do Real Decreto 315/2025 sobre alimentación saudable e sostible, aprobado polo Goberno do Estado sen diálogo nin coordinación cos Gobernos autonómicos e que supón un incremento de prezos para as familias tal e como estas mesmas manifestaron”.

Santiago de Compostela, 27 de outubro 2025.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/10/2025 17:11:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:13:09
Nº Rexistro: 37686
Data envío: 27/10/2025 17:13:09.061

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 17:13:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:13:09
Nº Rexistro: 37686
Data envío: 27/10/2025 17:13:09.061

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a precariedade do sistema de protección de menores galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do Sistema de Protección de Menores galego é cada vez máis preocupante, con eivas que afectan de xeito grave tanto aos traballadores e traballadoras deste servizo, sexa cal sexa a área onde se desenvolven profesionalmente, coma aos nenos, nenas e adolescentes usuarios e as súas familias, tanto de orixe coma de acollida, que son as vítimas últimas dun sistema infradotado, tanto de recursos económicos coma humanos.

Esta deriva do servizo de protección provocou queixas recorrentes nos últimos anos que foron transmitidas á Consellería de Política Social, tanto por parte de persoal laboral coma polos seus usuarios/as, denunciando o desleixo cada vez máis intenso co que os menores e familias teñen que convivir na súa vida cotiá, ou as condicións de grave precariedade que os traballadores sofren no seu desenvolvemento laboral.

Malia as constantes reclamacións co obxecto de mellorar o funcionamento do servizo, a Consellería, aínda recoñecendo as dificultades que sofre o sistema, non ten resposta nin ofrece solucións. Esta inacción provoca que se perpetúe a situación de abandono dos menores que precisan axuda, tanto dos que se encontran atendidos coma dos que están agardando polos recursos axeitados, así coma de aqueles que están en primeira liña para prestarlla. Estas dúas partes, a que sostén en pé o servizo e a que o

Asinado o día 27/10/2025 ás
17:19
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 27/10/2025 ás
17:19
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vive en primeira persoa como usuario, vive a diario circunstancias que se poden cualificar coma dramáticas e que poden ser evitadas con vontade política, e que analizamos dende eses dous puntos de vista, como expoñeremos a continuación.

Algunhas das principais dificultades ás que se enfrontan as traballadoras, educadoras e resto de persoal, tanto os que se atopan en centros de protección, de cumprimento de medidas cautelares ou terapéuticas, coma os que están a formar parte das equipas técnicas do menor son:

1. A extrema carga de traballo das equipas técnicas do menor, a elevada responsabilidade e carga emocional, e as condicións laborais precarias, son o inicio de grande parte do deterioro do sistema de protección no seu conxunto, que fan que sexa moi complicado garantir eficacia e calidade nel.

A maioría dos problemas comezan no incumprimento da administración do estipulado na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, onde se especifica que os servizos sociais estarán dotados de medios para levar a cabo a súa función de xeito correcto fronte á violencia exercida sobre as persoas menores de idade, algo que non se está a asegurar por parte da Consellería competente na materia.

Este traballo das equipas debe ser coordinado e especializado, con actuacións e intervencións reflexionadas e responsables, cun seguimento continuado e con traballadoras que sufran o menor cambio posible ao longo do tempo, conferíndolle estabilidade e calidade ás medidas e decisións tomadas sobre os menores e o seu entorno. Para todo iso é imprescindible que as equipas de traballo estean ben dotadas de profesionais e dispoñan de tempo para facer a súa labor con garantías e sen presión, que aseguren un correcto seguimento das medidas, evitando o alongamento innecesario destas, ou o seguimento adecuado das situacións das familias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É aquí onde comezan a maioría dos problemas que se levan arrastrando durante moito tempo no sistema de protección, malia que a administración é perfectamente consciente do grao de desleixo ao que está a someter aos profesionais e que repercute no funcionamento global. Nestes momentos a insuficiencia de medios é moi grave, acompañada doutras denuncias por parte do sector, que ten categorías laborais que non son acordes coa responsabilidade e a especialización que se requiren, sen perfís técnicos nas equipas que garantan un adecuado desempeño profesional e cunha ausencia evidente de acompañamento profesional e formación continua do persoal.

A cantidade de funcións que as equipas técnicas teñen que levar a cabo son moi numerosas e variadas, incluíndo dende entrevistas coas persoas do entorno dos NNA, a procura de recursos para estes nenos e nenas ou a elaboración de informes complexos para fiscalía e rexistro de datos nas plataformas informáticas, función que logo non se traduce na transparencia sobre o sistema que a Consellería, máis coa que as traballadoras se ven constantemente sometidas a presión. Esta carga de traballo administrativo empeora as condicións de saturación do sistema e resta tempo para as funcións naturais das equipas, tendo en conta a maiores que o traballo administrativo non ven recollido no Manual de procedemento de servizos sociais. É evidente que o que se traduce destes feitos é que dende a administración pública non se está a fomentar nin a calidade do emprego nin a estabilidade destas, tratando con desleixo absoluto ás persoas que forman parte do noso sistema de protección e que manteñen este en pé coa súa labor, en moitos casos en detrimento da súa saúde física e mental, por unha cuestión de vocación que as mantén nos seus postos de traballo. Non entanto, en ningún caso debера usarse a responsabilidade e bo facer das traballadoras para sometelas a precariedade, baixas retribucións e sobrecarga laboral, que ten como resultado unha rotación de persoal inasumible polo servizo e que non lle confire a estabilidade necesaria para ser efectivo e funcional e ofrecer unhas condicións laborais dignas.



Esta saturación vai en detrimento da atención adecuada dunha parte da poboación, a infancia, xa de por si vulnerable, e increméntase coa falla de medios noutros ámbitos relacionados, coma son os servizos sociais comunitarios, a atención en saúde mental infantoxuvenil, os xulgados de familia, que aumentan o número de casos que entran no sistema de protección.

2. Insuficiencia crónica de medios e recursos: moitos nenos, nenas e adolescentes non poden acceder ao sistema de protección polas causas anteriores, permanecendo mentres non se inclúen nel en situacións de risco ou desamparo, agardando a que se tomen medidas para mellorar a súa situación. Non coñecemos cantos menores están a vivir esta circunstancia pola falla da atención debida, xa que non existen listas de agarda que nos indiquen un número de rapaces e rapazas que se atopan a diario en situacións de violencia, desatención, negligencia, etc. Dar a coñecer estes datos sería útil para saber a que nos enfrontamos e cales son as principais deficiencias coas que convive o sistema, máis a opacidade é a tónica principal nesta área de Infancia e Familia, ocultando unha grave situación de negligencia por parte da administración.

Unha vez estes menores entran no sistema de protección e decididas as medidas a tomar en cada caso, existen unha serie de eivas que deben corrixirse se queremos ofertarlle a esta infancia vulnerable a oportunidade de ter unha vida o máis normalizada posible, nunhas condicións de atención e coidados que garantan a súa estabilidade e crianza o máis parecidas ao habitual. Dentro dos recursos aos que os menores acceden unha vez incluídos no sistema existen tamén eivas que deben ser resoltas o máis pronto posible e que dan lugar a situacións graves que non se deberan producir nun sistema público de protección. Un dos recursos que acumulan graves incidencias son os centros de menores, sexa cal sexa a súa clasificación.

Moitas das causas dos conflitos e das que logo derivan outros problemas existentes neste recurso de acollemento, son intrínsecas á normativa vixente, neste caso



ao Decreto 329/2005 do 28 de xullo que regula os centros de menores e de atención á infancia. Un decreto obsoleto que non contempla as realidades actuais nin as particularidades de cada neno ou nena, onde as rateos non están actualizadas e a atención especializada non é doada de ofertar co persoal existente.

É practicamente imposible que se poidan realizar as actividades de promoción da igualdade, apoio psicosocial e educativo, traballos en prol da eliminación da discriminación, promoción da saúde ou animación planificada no tempo libre, que se especifican dende a propia Consellería, coa dotación de medios que na actualidade entra dentro da legalidade dos centros de protección de menores.

A atención que se debiera ofertar nestes centros vese minguada, sexa cal sexa a modalidade, no momento en que nas rateos se permite que un só traballador faga a función de atención nocturna nas casas de primeira acollida con 15 nenos ao seu cargo, con 8 NNA nas casas de familia ou con ata 15 ou 25 nenos nenas e adolescentes baixo a súa responsabilidade nas quendas de noite nas minirresindencias e residencias. É evidente que a atención deste conxunto de NNA nesas condicións non é doado nin garante que se poida facer de xeito correcto por parte do persoal, tomando como exemplo o simple feito das emerxencias que se poden dar entre os usuarios en quendas nas que só hai un traballador ao cargo, dos casos de enfermidade ou de conflito, etc. Nas quendas de día pasa exactamente o mesmo, cunha rateo de atención dificilmente asumible por un educador que ten que atender a 15, 10 ou 8 NNA de diferentes idades, necesidades e especial vulnerabilidade. A creación dun vínculo necesario para o correcto desenvolvemento dos menores é comprensiblemente difícil se analizamos o número de rapaces e rapazas coas que traballan os e as educadoras nas institucións, cuxas funcións pouco poden superar as de manter os coidados básicos diarios.

Esta deficiencia no persoal ten especial énfase no caso da atención que se ofrece nos centros de reeducación ou de atención específica, tanto por causas terapéuticas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coma no caso do cumprimento de medidas xudiciais situacións ámbalas dúas que requiren un coidado especial, e onde as rateos que se manexan e permiten por lei non son tampouco as adecuadas segundo os propios educadores ou traballadoras, con 10 NNA en quenda por cada traballador ou traballadora de noite e de 8 ou 4 NNA en horario diúrno, por exemplo. Estes mínimos non contabilizan os casos nos que un educador ten que ausentarse por motivos laborais sen previo aviso, momento no que as rateos se descontrolan e incumpren, sendo habitual estes casos. O mesmo ocorre nas quendas de fin de semana, onde a rotación de persoal por condicións laborais precarias ou pola falla de retribución especial desas horas e a imposibilidade de facerlle fronte as rateos establecidas deixa estes centros en condicións penosas que os menores perciben, asumindo un total abandono da administración cara o seu caso, co que isto implica para eles e para as súas familias.

Non menos importante é a realidade da falla de prazas en centros residenciais que a propia Consellería de Política Social admite dende fai meses e que non resolve por falla de vontade. A administración non ten capacidade real para atender a todas as crianzas que o precisan coas prazas que actualmente temos no país, nin coas aportadas polas entidades privadas que xestionan este servizo, nin coas existentes xestionadas dende a administración pública. A creación de prazas públicas é esencial para garantir a demanda de medios actual, prazas que deberan ser xestionadas pola Xunta de Galiza abandonando o sistema privatizado de atención, que é o que se leva fomentando dende o goberno nos últimos anos, feito que se proba ao analizar os número de centros residenciais e prazas públicas, os mesmo que hai 16 anos.

Non entanto, sendo conscientes de que o recurso dos centros residenciais debe ser un feito temporal, debemos ollar cara o acollemento como parte da solución ao problema da saturación. Neste caso tamén as familias, tanto extensas coma alleas, sofren o abandono e as constantes trabas no desenvolvemento da súa función, baseada en aportarlle aos menores un fogar estable mentres non poden regresar ao seu propio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non se trata só do aumento das contías económicas a percibir como axuda no coidado dos nenos e nenas, que é moito menor que a necesaria para a atención das crianzas, nenos e adolescentes que se atenden en centros residenciais, trátase do tratamento que reciben dende a administración, que se traduce nun menor número de familias na actualidade que no 2010, tomando os datos do 2022, os últimos coñecidos ao respecto.

Todo iso, no seu conxunto, ten como resultado un sistema infradotado, mal xestionado e pouco coidado que ten como vítimas os NNA, a infancia, un dos colectivos sociais máis vulnerables e a quen se desenvolve profesionalmente dentro del. De non tomar medidas ao respecto non só se trata de que non poidamos atender aos nenos e nenas que chegan dende as illas Canarias tras un éxodo migratorio ao que temos que dar resposta de xeito responsable e integrador e que dou lugar a opinións moi reprobables por parte do goberno galego, trátase de que os actuais traballadores do sistema de protección, as familias e os menores que xa están nese sistema, non contarán coas garantías de atención e de desenvolvemento da súa vida e do seu traballo profesional adecuadas, unha irresponsabilidade gravísima da administración galega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Dotar ao sistema de protección de menores dos recursos orzamentarios e persoais precisos para garantir o acceso dos NNA ao servizo, duplicando o número de técnicos nos distintos departamentos territoriais, para o correcto desenvolvemento das labores das equipas técnicas do menor, diminuindo a súa carga de expedientes de xeito notorio e promovendo a estabilidade laboral das equipas, especificando de xeito claro as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súas funcións e eliminando as tarefas propiamente administrativas das súas responsabilidades.

2. Crear novos perfís profesionais nas equipas técnicas, garantindo a súa seguridade xurídica, e recoñecer os niveis axeitados á responsabilidade e especialización das traballadoras e traballadores, revertendo a situación de precariedade laboral que existe no sistema de protección en todas as súas vertentes.

3. Modificar o Decreto 329/2005 do 28 de xullo adaptando as rateos e condicións dos centros de menores de protección, medidas terapéuticas e cumprimento de medidas cautelares á realidade actual da infancia e adolescencia, permitindo unhas condicións laborais dignas ás traballadoras e traballadores e garantindo a correcta atención dos NNA que viven neles.

4. Aumentar o número de prazas públicas de centros residenciais de menores, sexa cal sexa a súa aptitude, garantindo o acceso dos NNA ao recurso preciso en cada momento, promovendo así mesmo o aumento de familias acolledoras colaborando coa súa inclusión no banco de familias para que a permanencia dos menores nos centros sexa a menor posible.

5. Crear un sistema informatizado de acceso dos menores ao sistema de protección, que permita traballar con transparencia e comodidade ás equipas técnicas e aporte información para valorar a capacidade do sistema e a demanda existente, asegurando que ningún neno ou nena está en situación de desamparo e perigo polas súas eivas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/10/2025 17:19:51

Olalla Rodil Fernández na data 27/10/2025 17:19:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:21:23
Nº Rexistro: 37697
Data envío: 27/10/2025 17:21:23.495

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:21:23
Nº Rexistro: 37697
Data envío: 27/10/2025 17:21:23.495

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 17:21:24

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:08:46
Nº Rexistro: 37717
Data envío: 28/10/2025 13:08:46.102

Asinado o día 28/10/2025 ás 13:07
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Nos últimos anos o sector marisqueiro galego vén alertando da presenza crecente da ouxa (*Myliobatis aquila*) nas rías galegas, especialmente nas de Pontevedra e Arousa.

Trátase dunha especie depredadora de bivalvos —ameixas, berberechos, navallas e outros moluscos— que está a provocar perdas económicas significativas e serios prexuízos nos bancos marisqueiros.

A preocupación do sector levou o pasado mes de febreiro de 2025 á celebración de xornadas para expoñer o programa “Sol-Ouxa I”, organizadas pola Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra coa colaboración do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), o CETMAR e a Consellería do Mar, co obxectivo de analizar o impacto da especie e establecer liñas de actuación e investigación.

Hai uns días a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro anunciou en sede parlamentaria a posta en marcha do programa “Sol-Ouxa II”.

Non obstante, a día de hoxe o Parlamento de Galicia non dispón dun informe oficial e actualizado sobre o resultado das investigacións desenvolvidas, nin sobre as medidas de control, mitigación ou seguimento que a Consellería do Mar teña previsto aplicar.

Asinado o día 28/10/2025 ás 12:19
Por Carlos López Font

Asinado o día 28/10/2025 ás 12:19
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

131600

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:08:46
Nº Rexistro: 37717
Data envío: 28/10/2025 13:08:46.102

Tendo en conta a importancia socioeconómica do marisqueo a pé e a flote en Galicia, así como a necesidade de que as políticas públicas se baseen en información científica e transparente, resulta imprescindible que o Goberno galego remita ao Parlamento un documento detallado que recolla a situación actual, as conclusións dos estudos realizados e as medidas planificadas ou executadas.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Remitir ao Parlamento de Galicia, no prazo máis breve posible, un informe detallado elaborado pola Consellería do Mar que recolla:

- a) A avaliación da presenza e impacto da especie *Myliobatis aquila* (ouxa) no litoral galego.
- b) As investigacións científicas realizadas polo CIMA, o CETMAR ou outros organismos dependentes da Xunta.
- c) As medidas adoptadas ou previstas para reducir o impacto desta especie nos bancos marisqueiros e na actividade económica do sector.

2. No caso de non existir actualmente un informe completo, elaboralo con carácter urxente e dar conta del ante o Parlamento de Galicia, garantindo a participación do sector marisqueiro e dos centros de investigación implicados.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131601

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/10/2025 12:19:20

Carlos López Font na data 28/10/2025 12:19:27

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/10/2025 13:07:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:08:46
Nº Rexistro: 37717
Data envío: 28/10/2025 13:08:46.102

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:08:46
Nº Rexistro: 37717
Data envío: 28/10/2025 13:08:46.102

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 13:08:48

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:30:05
Nº Rexistro: 37728
Data envío: 28/10/2025 13:30:05,296

Asinado o día 28/10/2025 ás 13:26
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

A Policía Autonómica de Galicia, corpo adscrito á Xunta de Galicia e dependente organicamente do Ministerio do Interior, leva anos sufrindo unha progresiva redución dos seus efectivos.

Esta situación está a provocar importantes dificultades para o desenvolvemento das súas funcións, que inclúen, entre outras, tarefas esenciais de seguridade en edificios públicos, protección institucional e apoio a diversos servizos da Administración galega.

Nos últimos anos observouse un progresivo desmantelamento da presenza da Policía Autonómica en dependencias da propia Administración galega, como o complexo administrativo de San Caetano ou mesmo o Parlamento de Galicia, onde o Goberno galego anunciou a inminente substitución deste corpo por servizos privados de seguridade.

Esta decisión non só mingua o papel da Policía Autonómica como instrumento de servizo público, senón que tamén contribúe á perda de experiencia, estabilidade e especialización no ámbito da seguridade institucional da Comunidade Autónoma.

Cómpre lembrar que a ampliación e reforzo dos efectivos da Policía Autonómica require a sinatura dun convenio entre o Estado e a Xunta de Galicia.

Asinado o día 28/10/2025 ás 13:26
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 28/10/2025 ás 13:26
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

131604

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:30:05
Nº Rexistro: 37728
Data envío: 28/10/2025 13:30:05,296

Porén, a negativa da Xunta a subscribir o dito convenio, por non aceptar o principio de cofinanciamento ao 50 % dos custos de persoal, está a impedir a incorporación de novos axentes e, por tanto, o fortalecemento dun corpo que é fundamental para o exercicio das competencias propias de Galicia en materia de seguridade.

A negativa a cofinanciar este servizo público esencial non se pode xustificar cando se trata dun corpo que garante a seguridade de institucións galegas e contribúe á coordinación entre administracións. A situación actual é insostible e require unha resposta inmediata para garantir tanto a continuidade da Policía Autonómica como o mantemento da súa presenza nos edificios públicos e nas tarefas que lle son propias.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer a importancia e o valor da Policía Autonómica adscrita como corpo esencial para a seguridade institucional e a colaboración co Estado no exercicio das súas competencias.
2. Recuperar a presenza da Policía Autonómica en edificios públicos da Xunta de Galicia, incluíndo o complexo administrativo de San Caetano e o Parlamento de Galicia.
3. Iniciar de inmediato as negociacións co Goberno do Estado para a sinatura dun novo convenio de colaboración que permita incrementar o número de efectivos da Policía Autonómica, asumindo o principio de cofinanciamento ao 50 % dos custos, tal e como se aplica noutras comunidades autónomas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

131605

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:30:05
Nº Rexistro: 37728
Data envío: 28/10/2025 13:30:05.296

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131606

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/10/2025 13:26:20

Patricia Iglesias Rey na data 28/10/2025 13:26:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/10/2025 13:26:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:30:05
Nº Rexistro: 37728
Data envío: 28/10/2025 13:30:05.296

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 13:30:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:30:05
Nº Rexistro: 37728
Data envío: 28/10/2025 13:30:05,296

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Valdoviño está a experimentar nos últimos anos un importante crecemento poboacional, especialmente en familias novas con fillos e fillas en idade escolar. Este dinamismo demográfico xa se reflicte no aumento continuado de alumnado tanto no CPI Atios como nos centros rurais agrupados (CRAs) do municipio, que contan cunha elevada demanda e prestixio educativo.

Esta evolución confirma a necesidade de planificar o futuro da oferta educativa no municipio, dotándoo dos servizos públicos esenciais que acompañen o seu crecemento. Entre eles, resulta prioritario dispoñer dun Instituto de Educación Secundaria (IES) que permita dar continuidade aos estudos obrigatorios e postobrigatorios da mocidade de Valdoviño, evitando desprazamentos innecesarios a outros concellos como Ferrol, Narón ou Cedeira.

Cada curso, mozos e mozas de Valdoviño deben realizar longos desprazamentos diarios en autobús para cursar ESO, Bacharelato ou Formación Profesional básica, o que supón un esforzo adicional para as familias e unha desigualdade evidente respecto a outros municipios que contan con centros completos de ensino.

A creación dun IES en Valdoviño non só melloraría a igualdade de oportunidades e a conciliación familiar, senón que reforzaría a cohesión social e o arraigo da mocidade no seu entorno, ofrecendo unha continuidade natural á traxectoria



educativa que comeza no propio CPI Atios. A posibilidade de incorporar unha pequena liña de FP básica reforzaría ademais a orientación profesional e o potencial educativo da comarca.

Neste sentido, o Concello de Valdoviño xa puxo a disposición da Xunta de Galicia unha parcela municipal situada xunto ao CPI Atios, perfectamente cualificada e dotada para acoller o novo centro de secundaria. Esta localización permitiría optimizar recursos, compartir servizos e facilitar a transición educativa entre etapas, garantindo un aproveitamento racional do solo público e unha integración educativa coherente.

Por todo isto, cómpre que a Xunta de Galicia planifique de inmediato a creación dun novo instituto no concello de Valdoviño, como resposta a unha demanda social e educativa xustificada e sostida no tempo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar os trámites necesarios para a construción dun novo IES en Valdoviño, incorporando as partidas correspondentes nos próximos orzamentos da Xunta de Galicia.
2. Garantir a coordinación coa comunidade educativa e co Concello de Valdoviño para definir a súa ubicación e as ensinanzas que impartirá, contemplando tamén a posibilidade de incorporar unha liña de Formación Profesional básica.

Santiago de Compostela, a 28 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 28/10/2025 19:17:49

Silvia Longueira Castro na data 28/10/2025 19:17:55

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/10/2025 19:18:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37751
Data envío: 28/10/2025 19:23:40.419

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37751
Data envío: 28/10/2025 19:23:40.419

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 19:23:43

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Río, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Suárez e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Segundo o último informe publicado polo Ministerio do Interior no mes de setembro, en Galicia hai 6.161 casos activos de vítimas de violencia de xénero.

Persoas que pola súa especial vulnerabilidade precisan dunha protección maior por parte das Administracións públicas. Protección que o Goberno central demostrou non garantir, xa que ante a noticia dos fallos das pulseiras antimaltrato e o sistema Cometa encargado do seu seguimento primeiro, oculta e tapa o fallo; segundo, unha vez destapado o caso, nega rotundamente as incidencias nas pulseiras e ignora ás vítimas; e terceiro, minimiza e resta importancia ao acontecido falando de incidencias “puntuais”, cando en realidade esas incidencias se prolongaron durante meses poñendo en risco a miles de mulleres.

O máis sorprendente é que estes fallos nas pulseiras xa foran denunciadas previamente polos sindicatos policiais, xuíces de violencia sobre a muller, fiscalías especializadas, e avogados especializados en violencia de xénero, e ¿que fixo a ministra de igualdade? Ignoralas.

Asinado o día 29/10/2025 ás
11:40
Por Alberto Pazos Couñago



Esta situación tivo consecuencias moi graves tanto na fase de instrución nos xulgados de Violencia sobre a Muller, como na fase de axuízamento, porque provocou unha gran cantidade de sobresementos provisionais ou sentenzas absolutorias.

Pensem os que durante ese tempo, nada se soubo da localización ou da actuación dos investigados cando o feito fora anterior ao 20 de marzo de 2024, o que supón a perda dun elemento probatorio para poder formular acusación naqueles xuízos se, por exemplo, o agresor quebrantaba a orde de afastamento.

Unha situación que dende o Grupo Popular consideramos gravísima.

O Goberno do señor Sánchez demostra, por segunda vez, o que lle importan as mulleres e as vítimas de violencia de xénero. Primeiro aprobando a lei do “Solo si é si” que rebaixou as condenas de miles de agresores sexuais e despois co problema das pulseiras telemáticas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

- 1.- Realice unha auditoría independente do sistema para avaliar o seu funcionamento e faga pública os seus resultados.



- 2.- Facilite información e documentación que acredite onde foron adquiridas as pulseiras antimaltrato.
- 3.- Confirme si, unha vez o Ministerio foi coñecedor dos fallos nos dispositivos, informou aos grupos da coalición.
- 4.- Requira responsabilidades políticas polo gravísimo fallo cometido que deixou desprotexidas ás mulleres vítimas de violencia de xénero portadoras destes dispositivos”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 29/10/2025 11:40:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 11:41:09
Nº Rexistro: 37775
Data envío: 29/10/2025 11:41:09.369

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 11:41:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 11:41:09
Nº Rexistro: 37775
Data envío: 29/10/2025 11:41:09.369

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** advertido un erro nos documentos cós números de rexistro **37774, 37775, 37780 e 37781**, solicita se corrixa no seguinte senso:

Onde di: ... **Ethel Vázquez Suárez**

Debe dicir: ... **Ethel Vázquez Mourelle**

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2025

Asinado o día 29/10/2025 ás
12:59
Por Alberto Pazos Couñago



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 29/10/2025 12:59:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:59:39
Nº Rexistro: 37795
Data envío: 29/10/2025 12:59:39.509

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 12:59:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:59:39
Nº Rexistro: 37795
Data envío: 29/10/2025 12:59:39.509

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Suárez e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado mes de marzo, o Tribunal Supremo ordenou ao Executivo central a asumir a acollida dos 1.000 menores chegados a Canarias e que gozan de protección internacional.

Naquel momento, o Tribunal dáballe ao Goberno de Pedro Sánchez un prazo de 10 días para cumprir esta medida. Transcorridos os mesmos, a inacción e o incumprimento do Goberno quedou patente.

Tras máis de sete meses daquela orde, e tras dúas ordes, o Tribunal Supremo fai un novo requirimento ao Goberno para que nun prazo de 15 días asuma a acollida destes menores sen demora e sen escusas.

Trátase do terceiro aviso que o Supremo da ao Goberno central, considerando de inadmisíbel o incumprimento do auto do 25 de marzo.

Asinado o día 29/10/2025 ás
11:56
Por Alberto Pazos Couñago



Chama a atención a desobediencia continuada dun Goberno que desoe as ordes do Alto Tribunal, ao tempo que impón ás comunidades un reparto de acollida obrigatoria baixo a ameaza de que, de non facelo, terían que intervir as forzas e corpos de seguridade do Estado e facer que se cumpra a lexislación.

É importante subliñar a contradición: o mesmo Goberno que non cumpre coa sentenza do Supremo quéixase de que as comunidades non queren acoller aos menores de Canarias.

Esta imposición do Executivo central fixo que moitas comunidades autónomas de distinta cor política, presentaran un recurso de inconstitucionalidade por invasión de competencias autonómicas en materia de protección de menores.

Polo tanto, a situación dos menores migrantes solicitantes de asilo é unha mostra máis da falta de planificación, coordinación e improvisación do Goberno de Sánchez.

—
Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que:



- 1.- Cumpra coa orde do Tribunal Supremo (TS) que lle obriga a acoller a 1.000 menores solicitantes de asilo que se atopan en Canarias.

- 2.- Aporte os recursos necesarios ás comunidades autónomas para a atención de todos estes menores cumprindo así co RD 658/2025 do 22 de xullo, e en consecuencia o Goberno central rectifique o recorte do 75% no financiamento anunciado ás Comunidades Autónomas”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 29/10/2025 11:56:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 11:56:42
Nº Rexistro: 37781
Data envío: 29/10/2025 11:56:42.131

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 11:56:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 11:56:42
Nº Rexistro: 37781
Data envío: 29/10/2025 11:56:42.131

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia marcou o paso a nivel nacional na atención ás persoas diagnosticadas con Esclerose Lateral Amiotrófica, doenza máis coñecida polas súas siglas ELA.

Deste xeito, no ano 2018 Galicia foi pioneira neste ámbito ao crear o Proceso asistencial integrado de Esclerose Lateral Amiotrófica. Ao abeiro deste procedemento de actuación buscou axilizar a atención das persoas con esta enfermidade. Así, establecéronse dúas vías: unha a nivel sanitario, para axilizar o diagnóstico e outra a nivel social coa implementación dunha vía preferente para a valoración da situación de dependencia das persoas con ELA e así poidan acceder a un servizo no menor tempo posible.

E no ano 2023, o Goberno galego volveu demostrar o seu apoio a estas persoas e ás súas familias coa creación dunha nova axuda directa, útil e moi importante para achegarlles un maior apoio. Así, Galicia converteuse na primeira Comunidade en

Asinado o día 29/10/2025 ás
12:06
Por Alberto Pazos Couñago



poñer en marcha esta liña de axudas que foi imitada inmediatamente por outras comunidades autónomas. Unha liña de axudas que se mantén ano a ano.



Trátase dun apoio universal de 12.000 euros ao ano para facer fronte á compra de produtos básicos para o coidado, produtos sanitarios como muletas ou cadeiras de rodas ou para adaptar os seus fogares.

O Goberno galego explicou en moitas ocasións sobre a importancia desta axuda, xa que unha persoa diagnosticada con ELA pasa nun período de tempo moi curto de ser plenamente autónoma a converterse en gran dependente, con todo o que isto significa.

A Xunta destina este ano a estas axudas un orzamento de 3 millóns de euros. E faino en solitario.

E dicimos que o fai en solitario porque un ano despois da entrada en vigor da lei ELA a nivel estatal, a normativa segue sen vir acompañada de financiamento. E como consecuencia, os enfermos seguen sen percibir as axudas prometidas nesta lexislación estatal.

O Goberno galego xa advertiu en repetidas ocasións que a Lei ELA sen financiamento por parte do Goberno central se queda nunha simple declaración de intencións que en nada mellora a situación das persoas que padecen esta doenza e dos seus familiares.

A obriga das Administracións públicas é atender ás necesidades que se lle presentan aos cidadáns e demostrar a súa sensibilidade ante situacións tan difíciles como as que atravesan os pacientes con ELA. E iso é que fai o Goberno galego.



Fai uns días, o Goberno de Pedro Sánchez sorprendeunos cun novo decreto lei anunciando a aprobación de 500 millóns de euros para reforzar o Sistema de Atención á Dependencia (SAAD) e dar resposta á lei ELA.



Unha partida de 500 millóns que se descoñece se se van a materializar, xa que os doentes aínda están esperando polo paquete de 10 millóns de euros anunciado este mesmo verán.

Ademais, o anuncio tamén incorpora a creación dun grao III+ de dependencia extrema para as persoas con ELA, cando en Galicia xa contan con vía preferente e valoración automática do grao máximo de dependencia. Ademais, dado que o estado da enfermidade se atopa en estado avanzado e teñen dependencia completa, os coidados que precisan xa non só asistenciais - a atención a estes enfermos é domiciliaria e hospitalaria, precisando axuda de asistente persoal, axuda a domicilio...- senón tamén sanitarios.

Polo tanto, ese fondo de 500 millóns de euros demostra ser totalmente insuficiente e ademais carga ás comunidades autónomas co financiamento do 50% do custo.

Recordemos unha vez máis, que a Lei de Dependencia obriga ao Estado ao cofinanciamento do 50% neste eido, sen embargo a realidade demostra non só que o incumpre senón que a reduce ano tras ano.

Por este motivo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España:

1.- Que asigne unha dotación orzamentaria suficiente e específica para facer efectivos de maneira inmediata os dereitos recoñecidos pola lei.





2.- que a aplicación desta lei teña carácter retroactivo desde a súa entrada en vigor para que todas as persoas afectadas poidan beneficiarse das súas medidas de apoio”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 29/10/2025 12:06:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:06:44
Nº Rexistro: 37785
Data envío: 29/10/2025 12:06:44.075

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:06:44
Nº Rexistro: 37785
Data envío: 29/10/2025 12:06:44.075

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 12:06:44

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:18:35
Nº Rexistro: 37790
Data envío: 29/10/2025 12:18:35,459

Asinado o día 29/10/2025 ás 12:15
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O servizo de asistencia xurídica gratuíta, coñecido como quenda de oficio, constitúe un servizo público esencial que garante o acceso efectivo á tutela xudicial e á igualdade ante a lei das persoas con menos recursos.

A xestión deste servizo recae directamente nos colexios da avogacía galega, coordinados polo Consello da Avogacía Galega, que asumen funcións fundamentais como a organización das quendas, a verificación e tramitación de solicitudes, o control das designacións, a xestión de pagos e o seguimento administrativo das actuacións profesionais.

Esta actividade administrativa require unha estrutura técnica, recursos humanos e medios materiais estables, sen os cales non sería posible garantir o funcionamento ordinario do servizo nin a súa cobertura territorial.

Porén, a achega económica que a Xunta de Galicia destina á compensación destes custos leva anos conxelada e resulta claramente insuficiente, xa que apenas cobre arredor do 8 % do gasto real xustificado polos colexios profesionais.

Isto obriga ás corporacións colexiais a asumir co seu propio orzamento o 92 % restante, o que supón un importante esforzo económico e organizativo que non lles corresponde asumir, tratándose dun servizo público financiado e promovido pola Administración autonómica.

Asinado o día 29/10/2025 ás 12:15
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 29/10/2025 ás 12:15
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

131634

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:18:35
Nº Rexistro: 37790
Data envío: 29/10/2025 12:18:35.459

Esta situación está a xerar tensións financeiras e dificultades na xestión, ao tempo que desincentiva o mantemento de persoal especializado e a modernización das ferramentas administrativas necesarias para un servizo de calidade.

Por todo o anterior, considérase imprescindible revisar e actualizar a achega económica da Xunta de Galicia aos colexios da avogacía, garantindo unha compensación suficiente, acorde co custo real da xestión do servizo e co incremento da demanda e da carga de traballo rexistrada nos últimos anos.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a revisar e actualizar a achega económica da Xunta de Galicia aos colexios da avogacía, garantindo unha compensación suficiente, acorde co custo real da xestión do servizo e co incremento da demanda e da carga de traballo rexistrada nos últimos anos.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131635

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/10/2025 12:15:17

Patricia Iglesias Rey na data 29/10/2025 12:15:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 29/10/2025 12:15:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:18:35
Nº Rexistro: 37790
Data envío: 29/10/2025 12:18:35.459

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 12:18:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:18:35
Nº Rexistro: 37790
Data envío: 29/10/2025 12:18:35.459

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as escolas infantís de 0 a 3 anos privadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As condicións laborais e salariais dos traballadores e traballadoras de parte do sector dos coidados motivan a folga convocada para o próximo 6 de novembro deste presente ano, que xuntará dentro da mesma mobilización ao persoal que desenvolve a súa función nos centros residenciais de menores, nos centros de persoas con discapacidade e nas escolas infantís do país. Demandan, entre outras melloras, a creación dun convenio galego que garanta un salario adecuado aos profesionais, que se rexen na actualidade por un convenio estatal.

Malia tratarse dun servizo que atende a unha parte vulnerable da poboación, na maioría dos casos o persoal traballador dependente de empresas privadas nas que se externaliza dito servizo, por unha carencia de oferta pública que o preste. Este persoal é vítima dunhas condicións laborais de grave precarización que se evidencian, por exemplo, nas súas remuneracións, que apenas chegan ao salario mínimo interprofesional, feito nada doado de comprender tendo en conta que estes profesionais están a atender a persoas con discapacidade, menores do sistema de protección e crianzas de 0-3 anos.

Neste último caso, as traballadoras das escolas infantís privadas, na maior parte mulleres, están a levar a cabo unha función imprescindible na nosa sociedade, tanto

Asinado o día 29/10/2025 ás
13:47
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 29/10/2025 ás
13:46
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asistencial coma educativa, a través da súa atención ás crianzas. Porén, este feito non implica que as súas condicións laborais e salariais sexan as adecuadas, habendo grandes diferenzas segundo a entidade na que traballen realizando as mesmas labores, ou segundo a categoría profesional pola que son contratadas malia non corresponderse coas súas atribucións, todo elo financiado de xeito público.

Non menos importante é insistir en que as empresas privadas que participan na gratuidade promovida pola Xunta de Galiza na educación 0-3, reciben unha maior remuneración por praza que no caso das escolas infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, pola AGSS, polas escolas de xestión municipal ou polos puntos de atención á infancia. Malia ter un maior financiamento por praza, nalgúns casos unha diferenza do triplo con respecto das escolas públicas, isto non repercute nas traballadoras nin nas súas condicións e que rematan afectándolle a elas en primeira instancia e nos nenos, nenas e as súas familias despois.

Este é un dos principais motivos polos que a actuación da Consellería de Política social nos parece inadecuada xa que, aínda que este servizo de escolarización infantil se está prestando en moitos casos a través de empresas privadas, o financiamento corre a cargo da Xunta de Galiza cos cartos de todas e todos os galegos, polo que se debora velar por garantir condicións dignas de traballo nestas empresas fornecedoras.

A irresponsabilidade da Xunta nesta situación é dobre, xa que nin controla de xeito estrito como se trata ao persoal nun servizo que ela mesma sufraga, nin abastece de recursos suficientes o noso sistema público de escolas infantís, cuxas prazas son claramente insuficientes para atender a demanda que existe por parte das familias galegas.

Non é menos importante poñer o foco no decreto que regula os centros de atención á infancia, o 329/2005 do 28 de xullo, un decreto obsoleto que non se adapta ás necesidades actuais das crianzas e da lugar a unha infradotación de persoal nas escolas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

infantís, sexan do carácter que sexan. Ao revisar as rateos especificadas na normativa vixente, polas que as traballadoras están tamén preocupadas, en moitos casos por motivos de seguridade, é doado comprender a complexa situación á que estas persoas se enfrontan decote. Que a proporción de adultos por neno continúe a ser a mesma que hai 20 anos non é de recibo, cun adulto por cada 8 nenos e nenas nas unidades de menores dun ano, un adulto cada 13 crianzas nas unidades de 1 a 2 anos ou un adulto por cada 20 menores nas unidades de 2 a 3 anos, con educadores que teñen que facer outras labores que restan tempo de atención educativa, tales coma a de encargarse do xantar, por exemplo.

É evidente que as rateos non son realistas se se pretende dar un servizo máis aló do asistencial e da conciliación, que é o obxecto das escolas infantís, ofertar tamén un proxecto educativo, cuxo desenvolvemento require de tempo e medios para levalo a cabo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Atender de xeito inmediato ás traballadoras das escolas infantís, cuxas condicións laborais e salariais son precarias malia levar a cabo un servizo externalizado que depende da Consellería de Política Social e esta mesma financia, traballando en prol da unificación das táboas salariais.

2. Modificar o decreto 329/2005 do 28 de xullo que regula os centros de atención á infancia, adaptándoo á realidade actual, mellorando a atención das crianzas e garantindo unhas condicións laborais dignas para as traballadoras que o sosteñen,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

modificando, entre outros, o artigo 27 apartado 2, relativo ás rateos de persoal por crianza atendida.

3. Impulsar un Convenio Galego de escolas infantís 0-3.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 29/10/2025 13:46:52

Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2025 13:47:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 13:48:38
Nº Rexistro: 37802
Data envío: 29/10/2025 13:48:38,302

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 13:48:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 13:48:38
Nº Rexistro: 37802
Data envío: 29/10/2025 13:48:38,302

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o uso da lingua galega por parte da inspección educativa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Normalización Lingüística dispón:

- Artigo 12. 1: “O galego, como lingua propia de Galiza, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos”.
- Artigo 13.2, “As Autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino”.

Alén diso, no artigo 6.3, dispón: “Os poderes públicos de Galiza promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns”.

O Decreto do plurilingüismo dispón, no seu Artigo 3:

- “1. Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente”.



- 3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega establece, ademais, estas tres estratexias:

“Oferta positiva. Consiste na adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a persoa que representa a Administración ou a empresa, e o cidadán ou o cliente. Fronte ao hoxe habitual (co descoñecido en castelán), quen atende o cliente ou o cidadán inicia o contacto en lingua galega e mantense nela mentres o interlocutor non amose indicios de que prefire comunicarse noutra lingua. A Oferta positiva desinhibe o galego do interlocutor, permítelle saír da ocultación, facilita que a conversa poida continuar nesa lingua, se o cidadán ou o cliente o desexa, e elimina de raíz a barreira rutineira pola que un cliente ou un cidadán lle oculta o seu galego a todo aquel que aparece revestido de máis poder (administrativo ou comercial) ou autoridade. No caso de relacións administrativas, implica que todo tipo de formularios, instancias e documentación que teña que cubrir o demandante dun servizo se lle ofrezan de partida en galego.

Oferta informativa. Consiste en informar da validez, legalidade e mesmo conveniencia de redactar en galego un documento, no momento de iniciar calquera trámite oficial ou comercial. É a forma que adopta a Oferta positiva no caso dos



notarios, avogados e procuradores e de calquera persoa representante dun poder público. É un dos obxectivos básicos deste PNL.

Cortesía. Tanto a Oferta positiva coma a Oferta informativa son fundamentais para quen actúe en nome da Administración e sería de desexar que se estendese no mundo comercial máis formalizado, como expresión de cortesía co cidadán ou co cliente e do respecto que este merece”.

Entre os obxectivos para a área de Ensino, o Plan Xeral inclúe:

“Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa”.

A inspección educativa non sempre cumpre con esta normativa que lle afecta directamente, polo que se fai preciso que a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional emita as instrucións correspondentes e tome as medidas que correspondan, cando sexa o caso.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas que correspondan para que a inspección educativa cumpra coa normativa en materia de lingua e, en caso de incumprimento, tomar as medidas que correspondan”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 29/10/2025 17:28:06

Mercedes Queixas Zas na data 29/10/2025 17:28:17

Daniel Castro García na data 29/10/2025 17:28:26

Ana Pontón Mondelo na data 29/10/2025 17:28:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 17:29:59
Nº Rexistro: 37813
Data envío: 29/10/2025 17:29:59.655

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 17:30:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 17:29:59
Nº Rexistro: 37813
Data envío: 29/10/2025 17:29:59.655

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno de España decidiu tramitar pola vía de urxencia a reforma do rexistro horario, coa intención de implantar, a partir de 2026, un sistema dixital obrigatorio e accesible en tempo real para os traballadores, os seus representantes e a Inspección de Traballo. Este modelo elimina definitivamente o soporte en papel e introduce novas obrigas de control, almacenamento de datos, seguridade, trazabilidade e interoperabilidade.

Aínda que a modernización e a transparencia nas relacións laborais son obxectivos compartidos, estamos en desacordo co feito de que se estea impulsando **sen diálogo real nin cos axentes sociais nin coas comunidades autónomas**, sen xustificar a urxencia normativa e sen valorar o impacto económico e técnico que terá sobre quen debe aplicala.

Cómpre lembrar que o tecido produtivo galego —e boa parte do español— está formado maioritariamente por pemes e persoas traballadoras autónomas con empregados, moitas delas situadas en contornas rurais ou con limitacións de conectividade. Os mesmos profesionais que na actualidade están a soportar tamén elevadas cargas fiscais e burocráticas: incremento continuado das cotizacións sociais, máis obrigas en materia de igualdade, prevención de riscos, protección de datos, facturación electrónica, sustentabilidade ambiental e unha enorme presión normativa por parte do Goberno central.

Asinado o día 30/10/2025 ás
10:04
Por Alberto Pazos Couñago





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:04:46
Nº Rexistro: 37833
Data envío: 30/10/2025 10:04:46,447

No caso que nos ocupa, un sistema de rexistro horario dixital, remoto e accesible en tempo real, sen axudas nin acompañamento técnico, suporá nestes momentos unha carga adicional que dificulta a competitividade, desincentivará o emprendemento e penalizará a quen crea emprego.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Porque non se trata só de “marcar a entrada e saída”, senón de garantir software homologado, seguridade nos datos, conservación durante catro anos, acceso telemático para a Inspección de Traballo e adaptación de protocolos internos.

A Xunta de Galicia, como outras administracións autonómicas, xa advertiu carencias importantes no proxecto normativo: ausencia dun estudo económico realista, falta de mecanismos de apoio ás empresas máis pequenas, ausencia de diálogo institucional e unha entrada en vigor precipitada.

Desde o Grupo Popular defendemos que a dixitalización é necesaria, pero debe facerse con consenso, con seguridade xurídica e sen afogar aos que sosteñen o emprego.

Por este motivo e en base ao exposto o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

- 1.- Habilite liñas de axudas económicas e de asistencia técnica para autónomos, pequenas e medianas empresas que teñan que adaptarse ao novo sistema dixital de rexistro horario.
- 2.- Inclúa ás comunidades autónomas e aos axentes sociais no proceso de elaboración e implantación do decreto, garantindo un marco pactado, realista e respectuoso coas competencias autonómicas e coa negociación colectiva.
- 3.- Axuste a entrada en vigor da norma ao disposto no artigo 23 da Lei 50/1997, de maneira que se fixe a súa aplicación o 1 de xaneiro ou o 1 de xullo posteriores á súa publicación, garantindo un período suficiente de adaptación”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:04:46
Nº Rexistro: 37833
Data envío: 30/10/2025 10:04:46.447

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 10:04:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:04:46
Nº Rexistro: 37833
Data envío: 30/10/2025 10:04:46.447

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 10:04:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:04:46
Nº Rexistro: 37833
Data envío: 30/10/2025 10:04:46.447

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:10:04
Nº Rexistro: 37837
Data envío: 30/10/2025 10:10:04.623

Asinado o día 30/10/2025 ás 10:08
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas**, **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o compromiso da Xunta coa posta en marcha de accións centradas no sector do libro galego en 2026.

Asinado o día 30/10/2025 ás 10:08
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos a literatura galega tense convertido nunha das nosas expresións culturais máis recoñecidas dentro e fóra de Galiza e unha das plataformas de internacionalización cultural, lingüística e identitaria de maior proxección.

No entanto, a representación do sector do libro galego non ten correspondencia coa política cultural da Xunta, tal e como se pode comprobar no progresivo decrecemento nos exercicios orzamentarios do goberno do Partido Popular, que volve repetirse no proxecto de orzamentos para 2026.

A incapacidade para aprobar, de forma participada e consensuada co sector do libro galego, o tan anunciado como inexistente Plan de fomento da lectura, conforme o regulado na Lei do libro e da lectura na Disposición adicional primeira, é boa proba da ausencia de calquera estratexia que aspire a converter o libro galego nun eixo social, económico e cultural.

Tan incomprensíbel resulta nos axentes do libro e da lectura de Galiza a renuncia explícita da Xunta, ao longo dos 16 anos de goberno do PP, a desenvolver o Plan de fomento da lectura pendente como o anuncio feito polo Director xeral de cultura na

Asinado o día 30/10/2025 ás 10:08
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Comisión 4ª do pasado mes de marzo de Lemos+. Un Plan para a dinamización da lectura en Galiza.

Unha nova completamente descoñecida até ese momento polos axentes que interveñen no proceso de creación, distribución e difusión do libro galego e que, segundo a Xunta, esta conformado por “máis de 100 medidas e un investimento de 32 M€, no que se recollen os eixes e as liñas estratéxicas a seguir ata o 2029 co propósito de continuar a incrementar os hábitos lectores na Comunidade, nun momento no que Galicia rexistra uns índices superiores á media nacional, situándose no seu mellor momento histórico”.

Un Plan que, curiosamente, mentres di o goberno da Xunta que “se centra en potenciar as conexións entre o conxunto de axentes do ecosistema do libro e no apoio directo a este sector”, o mesmo sector declárase descoñecedor do mesmo.

Por outra banda, a proposta de orzamentos que está a tramitar o PP no Parlamento segue a escalada de baixada nos investimentos para o ecosistema do libro galego, unha decisión política inexplicable cando a creación literaria galega está nun momento de máximo nivel creativo e de recoñecemento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a consensuar co sector do libro galego un paquete de medidas encamiñadas a reactivar o seu compromiso con este sector económico e cultural fundamental para desenvolver na actual lexislatura.

Asemade, insta a Xunta a presentar, no actual período de sesións, perante o Parlamento, un Plan de fomento da lectura que dea cumprimento á Lei do libro e da





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

lectura de Galiza e sexa resultado dun proceso participativo da comunidade que fai parte do libro galego”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/10/2025 10:08:13

Iria Taibo Corsanego na data 30/10/2025 10:08:19

Daniel Castro García na data 30/10/2025 10:08:25

Ana Pontón Mondelo na data 30/10/2025 10:08:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:10:04
Nº Rexistro: 37837
Data envío: 30/10/2025 10:10:04.623

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 10:10:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:10:04
Nº Rexistro: 37837
Data envío: 30/10/2025 10:10:04.623

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Comunidade Autónoma de Galicia está a cumprir cos principios de estabilidade, responsabilidade e boa xestión pública. A Xunta volverá aprobar en tempo e forma os seus orzamentos para garantir estabilidade, planificación e seguridade ás familias, ás empresas e ás administracións locais, así como para asegurar a continuidade dos servizos públicos, a execución das políticas sociais e o impulso das políticas activas de emprego.

Galicia volve dar exemplo de seriedade institucional e de compromiso cos cidadáns, permitindo que as políticas públicas se poñan en marcha desde o primeiro día do ano 2026, sen atrasos innecesarios e coa certeza de que os recursos están dispoñibles cando fan falta.

Pola contra, o Goberno de España acumula máis de tres anos —máis de mil días— de falta de cumprimento orzamentario, prorrogando as contas do Estado e atrasando a aprobación dos Presupostos Xerais. Esta situación non é neutra nin inocua. Ten consecuencias directas sobre o funcionamento das comunidades autónomas e, moi especialmente, sobre as políticas activas de emprego, que aínda que son competencia autonómica, dependen en gran medida das transferencias e dos fondos estatais.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 30/10/2025 ás
10:14
Por Alberto Pazos Couñago





A prórroga dos Orzamentos Xerais do Estado implica que Galicia recibe os mesmos recursos que no exercicio anterior, sen actualizar as cantidades ao incremento dos custos dos servizos, da enerxía, do persoal ou das necesidades emerxentes do mercado laboral. Ademais, esas transferencias adoitan con frecuencia a chegar con atraso, xerando incerteza e dificultando a planificación. Esta falta de previsibilidade prexudica ás persoas desempregadas que agardan unha oportunidade, ás empresas que precisan traballadores formados, aos autónomos que buscan apoio para contratar, ou inclusive aos concellos e ás entidades sociais que programan formación, itinerarios de inserción ou servizos de orientación, entre outros.

Os galegos sabemos que é posible gobernar con responsabilidade: aprobar orzamentos, dar seguridade xurídica e económica, planificar con tempo e responder aos retos demográficos e laborais cun modelo serio e realista.

Galicia é unha das comunidades que mellor executa os fondos de emprego e que presenta mellores resultados en inserción laboral, formación e cualificación profesional. Por iso, para manter este nivel de eficacia é imprescindible contar cos recursos que corresponden. Non se trata dun debate partidista, senón dunha cuestión de responsabilidade institucional e de defensa dos intereses dos traballadores, das empresas e das persoas desempregadas de Galicia.

Pero para seguir avanzando é imprescindible que o Goberno de España cumpra coas súas obrigas financeiras e transfira os fondos destinados ás políticas activas de emprego de maneira íntegra, actualizada e puntual. Non pedimos un privilexio, pedimos xustiza e respecto institucional; pedimos que non se penalice a quen cumpre nin se castigue ás familias galegas por decisións ou inaccións alleas.





Porén, en base ao anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a garantir a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos fondos completos e actualizados destinados ás políticas activas de emprego e á formación, có fin de que a prórroga dos Presupostos Xerais do Estado non prexudique aos cidadáns galegos nin limite a capacidade de planificación da Comunidade Autónoma”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 10:14:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:14:31
Nº Rexistro: 37843
Data envío: 30/10/2025 10:14:31.109

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 10:14:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:14:31
Nº Rexistro: 37843
Data envío: 30/10/2025 10:14:31.109

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O sector pesqueiro galego é un dos piares estratéxicos da nosa economía e do noso modo de vida. Con máis de 4.000 buques, milleiros de tripulantes e unha industria transformadora que xera emprego en toda a costa, Galicia é unha potencia pesqueira europea.

Porén, este liderado enfróntase a un risco evidente: o relevo xeracional. Cada ano, mozos e mozas deixan de incorporarse á pesca debido á falta de incentivos, ás dificultades formativas e á ausencia dunha política estatal adaptada á realidade do mar.

O Partido Popular, a través do senador José Manuel Balseiro, vén de presentar no Senado unha moción que recolle cinco prioridades concretas que o Goberno de España debe asumir con urxencia para garantir o futuro do sector:

- 1.- Reforzar a formación náutico-pesqueira, adaptándoa ás necesidades reais do sector e facilitando a obtención de novos títulos mediante unha maior oferta de formación regradada e dual.
- 2.- Axilizar a homologación de títulos doutros países con convenios internacionais, evitando trabas burocráticas e permitindo o recoñecemento automático en toda a UE.

Asinado o día 30/10/2025 ás
10:35
Por Alberto Pazos Couñago



- 3.- Simplificar e unificar as instrucións operativas e os criterios técnicos que dependen de distintas administracións marítimas, para garantir seguridade xurídica e maior axilidade na toma de decisións.
- 4.- Respetar as particularidades da actividade pesqueira, excluindo a aplicación da redución de xornada laboral prevista para outros sectores, que descoñece a natureza específica da pesca.
- 5.- Revisar o Real Decreto do Goberno central sobre xornadas marítimas, que PSOE e Sumar pretendían aprobar sen ter en conta nin o consenso do sector nin o ditame das comunidades con competencia en pesca.

A Xunta de Galicia leva anos traballando neste mesmo sentido, impulsando formación marítimo-pesqueira adaptada, certificacións profesionais, programas de innovación e políticas activas para atraer talento novo ao mar. É imprescindible que o Goberno de España actúe con coherencia e colaboración, respectando o liderado galego neste ámbito.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Solicitar ao Goberno de España que adopte de maneira urxente as cinco medidas propostas polo PP no Senado para garantir o relevo xeracional no sector pesqueiro.
- 2.- Reforzar a coordinación institucional entre a Xunta e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de xeito que se axilicen as homologacións de títulos e se adapten as certificacións profesionais ás necesidades das empresas galegas.
- 3.- Impulsar campañas de promoción do emprego no mar, dirixidas á mocidade galega, que poñan en valor a importancia económica, cultural e social da pesca.





- 4.- Reclamar ao Goberno central que retire ou modifique calquera norma laboral ou marítima que poña en risco a viabilidade das empresas ou incremente a burocracia administrativa sen mellorar a seguridade nin as condicións dos traballadores”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 10:35:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:36:16
Nº Rexistro: 37845
Data envío: 30/10/2025 10:36:16.671

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 10:36:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:36:16
Nº Rexistro: 37845
Data envío: 30/10/2025 10:36:16.671

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O sector conserveiro galego é un dos piares da economía industrial e exportadora de Galicia e de España. Galicia concentra máis do 80 % da produción nacional de conservas de peixe e marisco, con máis de 11.000 empregos directos e unha facturación que supera os 2.000 millóns de euros anuais.

O seu funcionamento depende en gran medida do aceiro estañado (hojalata), material esencial para a fabricación dos envases metálicos que garanten a calidade, a conservación e a exportación dos produtos.

A recente decisión da Unión Europea de aplicar aranceis ao aceiro importado, nun contexto de tensión comercial global, xera unha grave preocupación no sector conserveiro e nas industrias auxiliares galegas.

Tal e como advertiu a patronal Anfaco-Cecopesca, esta medida podería aumentar significativamente os custos de produción das empresas europeas, poñendo en

Asinado o día 30/10/2025 ás
10:46
Por Alberto Pazos Couñago





desvantaxe competitiva ás plantas de Galicia fronte ás súas rivais de terceiros países, que non estarían suxeitas a eses aranceis.

Segundo as estimacións do sector, o impacto podería supoñer ata 150 millóns de euros anuais de sobrecusto, reducindo marxes, dificultando exportacións e ameazando emprego e investimento.

Galicia, como potencia mundial en transformación e envasado de produtos do mar, non pode asumir en solitario as consecuencias dunha decisión comunitaria que, aínda que pretende corrixir distorsións de mercado, afecta á competitividade dunha industria estratéxica, sostible e exportadora.

Por iso, é necesario que o Goberno de España actúe de maneira inmediata ante a Comisión Europea para reclamar exencións específicas ou medidas compensatorias para o sector conserveiro e as empresas que usan aceiro como materia prima esencial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:





- 1.- Reclamen á Comisión Europea a revisión urxente da aplicación dos aranceis ao aceiro estañado (hojalata), avaliando o seu impacto sobre o sector conserveiro e alimentario galego e europeo.
- 2.- Soliciten a introdución de excepcións ou tipos reducidos de arancel para as empresas que empregan o aceiro como materia prima esencial en procesos de transformación alimentaria.
- 3.- Defendan ante a Unión Europea a adopción de medidas de compensación — fiscais, financeiras ou de apoio á exportación— que permitan ás conserveiras galegas manter a súa competitividade e emprego fronte a terceiros países.
- 4.- Promovan un grupo de traballo permanente entre o Goberno de España, a Xunta de Galicia e ANFACO-Cecopesca, para o seguimento do impacto dos custos enerxéticos, materias primas e medidas comerciais na industria conserveira.
- 5.- Reforcen o apoio institucional e económico ás empresas galegas afectadas, priorizando o acceso a liñas de financiamento, innovación e internacionalización”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 10:46:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:46:16
Nº Rexistro: 37849
Data envío: 30/10/2025 10:46:16.192

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:46:16
Nº Rexistro: 37849
Data envío: 30/10/2025 10:46:16.192

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 10:46:16

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A frota galega, especialmente a de cerco e arrastre de litoral, é unha das máis afectadas pola decisión do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) de recomendar unha redución do 70 % nas capturas de xarda (*Scomber scombrus*) para 2026.

Esta proposta baséase na caída dos niveis biolóxicos da especie, pero non distingue entre quen cumpre e quen sobrepesca, o que resulta inxusto para as frotas galegas e españolas, que aplican un sistema de xestión sostible e rigoroso.

Ao mesmo tempo, países alleos á Unión Europea como Noruega, Islandia e as Illas Feroe levan anos autoasignándose cotas de xarda sen coordinación nin límites, apropiándose de ata un 39 % máis da media anual de pesca desde 2021, segundo o propio ICES.

Asinado o día 30/10/2025 ás
10:56
Por Alberto Pazos Couñago





Esta situación vulnera o principio de pesca responsable e xestión conxunta e está a causar un grave perxuízo económico e competitivo ás frota comunitarias, en especial ás galegas.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas, anunciou que España pedirá á Comisión Europea que aplique o Regulamento que permite pechar o mercado europeo aos produtos procedentes de países que non respecten os acordos de pesca sostible.

Esta é unha medida necesaria, pero Galicia demanda pasar das palabras aos feitos: a Comisión debe actuar xa e sancionar os incumprimentos de Noruega e outros estados.

A Xunta de Galicia advertiu do impacto brutal que esta redución pode ter sobre o emprego e a economía costeira, con perdas millonarias para os portos galegos e para a industria transformadora, e insiste na necesidade dunha defensa firme e coordinada dos intereses pesqueiros galegos en Bruxelas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de le en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e á Comisión Europea para que:





- 1.- Defendan con firmeza os intereses da flota galega nas negociacións internacionais de repartición de cotas de xarda, esixindo unha distribución xusta e proporcional.
- 2.- Apliquen o Regulamento europeo que permite restrinxir o acceso ao mercado da UE aos produtos pesqueiros procedentes de países que incumpran os acordos de pesca sostible (Noruega, Islandia, Illas Feroe).
- 3.- Reclamen á Comisión Europea que sancione as autoasignacións unilaterais de cotas que poñen en risco a sustentabilidade da especie e distorsionan o mercado.
- 4.- Soliciten á Unión Europea un plan específico de apoio ás flotas galegas afectadas pola redución de cotas, con medidas de compensación económica e apoio á transformación e comercialización.
- 5.- Reforcen a coordinación institucional entre Xunta, Goberno de España e sector, garantindo unha posición común e unificada na defensa da pesca galega ante Bruxelas".

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 10:56:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:56:55
Nº Rexistro: 37853
Data envío: 30/10/2025 10:56:55,600

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 10:56:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:56:55
Nº Rexistro: 37853
Data envío: 30/10/2025 10:56:55.600

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A decisión da Comisión Europea de establecer un veto á pesca de fondo en 87 zonas atlánticas, sen base científica suficiente e sen avaliación socioeconómica, supón un golpe directo para Galicia. Ata un 25 % da frota galega resulta afectada, con especial incidencia nas artes de palangre, arrastre e rasco.

A Consellería do Mar, a través da súa titular Marta Villaverde, anunciou no Parlamento galego que a Xunta presentará un recurso de casación ante o Tribunal Xeral da Unión Europea, en defensa dos dereitos da nosa frota e das miles de familias que viven do mar.

Trátase dunha decisión xusta e necesaria, pois este veto baséase en criterios arbitrarios e desproporcionados, sen contar co aval técnico do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) nin co consenso dos Estados membros afectados. Ademais, o procedemento comunitario careceu de diálogo real co sector, vulnerando os principios de boa regulación e de proporcionalidade.

Asinado o día 30/10/2025 ás
11:06
Por Alberto Pazos Couñago





A Xunta de Galicia leva meses alertando do impacto desta medida e traballando nunha defensa institucional coordinada con España e Portugal, á vez que denuncia o recorte do 67 % nos fondos europeos para pesca no novo marco 2028-2034, que podería deixar a Galicia sen 246 millóns de euros adicionais.

Por iso, o Parlamento galego debe manifestar o seu apoio ao recurso da Xunta, reclamar á Comisión Europea que revise e suspenda temporalmente o veto, e instar ao Goberno de España a defender con firmeza a posición galega en Bruxelas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Manter e reforzar a defensa xurídica e institucional fronte ao veto á pesca de fondo, recorrendo ante os tribunais europeos e solicitando a suspensión cautelar das zonas pechadas.
- 2.- Solicitar ao Goberno de España que adopte unha posición firme en Bruxelas e exerza presión política e diplomática ante a Comisión Europea para modificar ou retirar a medida.





- 3.- Reclamar á Comisión Europea e ao Consello da UE unha avaliación científica independente sobre o impacto real da pesca de fondo e a súa compatibilidade cos principios de sustentabilidade e economía azul.
- 4.- Reiterar a oposición de Galicia ao recorte do 67 % dos fondos europeos de pesca (FEMPA 2028-2034), solicitando un marco financeiro que garanta o futuro da frota e do emprego marítimo.
- 5.- Impulsar un plan de apoio e acompañamento ao sector afectado, con medidas específicas de compensación, diversificación e formación para as tripulacións e empresas pesqueiras galegas”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 11:06:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 11:07:05
Nº Rexistro: 37857
Data envío: 30/10/2025 11:07:05.621

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 11:07:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 11:07:05
Nº Rexistro: 37857
Data envío: 30/10/2025 11:07:05.621

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:28:34
Nº Rexistro: 37871
Data envío: 30/10/2025 13:28:34.876

Asinado o día 30/10/2025
13:22
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses publicáronse diversas informacións en medios locais da comarca de Bergantiños que poñen de manifesto o mal funcionamento da liña de autobuses Carballo – A Coruña, xestionada pola empresa concesionaria Arriva SL ao abeiro do plan de transporte público da Xunta de Galicia.

Segundo recollen cabeceiras como *Diario de Bergantiños* e *Que pasa na Costa*, moitos dos autobuses directos que parten dende Fisterra ou Muxía chegan a Carballo xa sen prazas dispoñibles, o que obriga ás persoas usuarias que pretenden viaxar dende esta localidade a agardar polo seguinte servizo. O problema agrávase porque o seguinte bus, normalmente, non é directo e tarda o dobre de tempo en completar o traxecto ata A Coruña.

Ademais, diversos usuarios denunciaron situacións irregulares na estación de autobuses da Coruña, onde non se respecta a orde de chegada na cola de embarque e se dá prioridade ás persoas que viaxan até o final da ruta (Fisterra), deixando en terra ás que teñen como destino Carballo. Trátase dunha práctica arbitraria, sen base regulamentaria coñecida, que vulnera o principio de igualdade no acceso a un servizo público e afecta á fiabilidade do transporte.

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:22
Por Carlos López Font

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:22
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131685

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:28:34
Nº Rexistro: 37871
Data envío: 30/10/2025 13:28:34.876

Tamén se recollen queixas polo uso de billetes anunciados como “directos” que logo son substituídos por servizos lentos, con múltiples paradas, prolongando un traxecto de apenas 35 quilómetros ata unha hora e media de duración.

Esta situación ten un impacto directo sobre a cidadanía da comarca de Bergantiños:

- dificulta o acceso ao emprego, á educación e aos servizos públicos na cidade da Coruña;
- desincentiva o uso do transporte público fronte ao vehículo privado;
- e frea o desenvolvemento económico e social dunha das zonas máis dinámicas da Costa da Morte.

Por todo o anterior, considérase imprescindible que a Xunta de Galicia actúe con urxencia para garantir un servizo de transporte digno, eficiente e equitativo na liña Carballo–A Coruña.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reforzar de maneira inmediata as frecuencias directas da liña Carballo–A Coruña, especialmente en horas punta, garantindo que existan saídas que partan desde Carballo e dispoñan de prazas suficientes para as persoas usuarias desta localidade.
2. Revisar as condicións da concesión actualmente vixente coa empresa Arriva SL, para asegurar o cumprimento dos principios de equidade e prioridade de acceso por orde de chegada, evitando prácticas discriminatorias.
3. Establecer un protocolo público e transparente que regule o embarque nas estacións de Carballo e A Coruña, garantindo que se respecte a

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131686

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:28:34
Nº Rexistro: 37871
Data envío: 30/10/2025 13:28:34.876

orde de chegada das persoas usuarias e impedindo criterios de selección baseados no destino final.

4. Garantir que todos os servizos comercializados como “directos” cumpran o tempo de traxecto comprometido e que ningunha persoa usuaria se vexa obrigada a viaxar nun servizo alternativo máis lento por falta de prazas.
5. Publicar, cunha periodicidade trimestral, un informe con datos sobre frecuencias, prazas dispoñibles, tempos medios de viaxe, incidencias rexistradas e medidas correctoras adoptadas na liña Carballo–A Coruña.

Santiago de Compostela, a 30 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

131687

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/10/2025 13:22:43

Carlos López Font na data 30/10/2025 13:22:49

Aitor Bouza Manso na data 30/10/2025 13:22:56

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/10/2025 13:23:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:28:34
Nº Rexistro: 37871
Data envío: 30/10/2025 13:28:34.876

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:28:34
Nº Rexistro: 37871
Data envío: 30/10/2025 13:28:34.876

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 13:28:36

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:24
Nº Rexistro: 37877
Data envío: 30/10/2025 13:30:24.595

Asinado o día 30/10/25
13:27
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Patricia Iglesias Rey**, **Carlos López Font** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mobilidade é un dereito básico que garante a igualdade de oportunidades, a cohesión territorial e o desenvolvemento económico. Sen transporte público de calidade, as comarcas rurais sofren un dobre prexuízo: a dependencia obrigatoria do vehículo privado e o abandono institucional que impide fixar poboación e atraer investimentos.

Na Costa da Morte, a situación do transporte público segue a ser un dos grandes impedimentos para o progreso. Exemplos recentes amosan a insuficiencia do servizo:

- No concello de Ames, as liñas metropolitanas de conexión con Santiago rexistran masificaciónen horas punta, deixando persoas usuarias nas paradas.
- En Camariñas, Fisterra ou Muxía, o transporte escolar non garante horarios nin prazas suficientes, obrigando ao alumnado a desprazarse en condicións inadecuadas.
- A autovía AG-55 continúa sen completar o seu trazado ata Cee, limitando a conectividade da comarca e xerando un agravio comparativo con outras zonas de Galicia.

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:26
Por Carlos López Font

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:26
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131690

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:24
Nº Rexistro: 37877
Data envío: 30/10/2025 13:30:24.595

O caso máis paradigmático é o da liña Carballo – A Coruña, que debería ser a principal arteria de comunicación da comarca e, porén, funciona en condicións claramente deficientes:

- Moitos autobuses directos que chegan a Carballo desde Fisterra ou Muxía dispoñen xa de poucas ou ningunha praza libre, obrigando ás persoas usuarias de Carballo a esperar por outro bus.
- O seguinte servizo non é directo e tarda o dobre de tempo, convertendo un traxecto de apenas 30 km nunha viaxe longa e ineficiente.
- Na estación de autobuses da Coruña, a empresa concesionaria Arriva SL prioriza o embarque de viaxeiros con destino final en Fisterra, excluindo a usuarios de destinos intermedios como Carballo. Esta práctica arbitraria non conta con cobertura legal, supón un trato desigual e resulta incompatible cun servizo público.

Este modelo non garante equidade nin eficacia, desincentiva o uso do transporte público e converte Carballo, capital económica da Costa da Morte, nun exemplo de como as malas decisións en materia de mobilidade penalizan a toda unha comarca.

En consecuencia, é urxente que a Xunta de Galicia, como autoridade competente en materia de transporte, actúe con decisión para corrixir esta situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131691

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:24
Nº Rexistro: 37877
Data envío: 30/10/2025 13:30:24.595

1. Garantir que todos os autobuses que teñen parada en Carballo dispoñan de prazas suficientes para as persoas usuarias desta localidade, establecendo control efectivo sobre as concesionarias.
2. Revisar e modificar as condicións de explotación da concesión da liña Carballo – A Coruña, prohibindo prácticas arbitrarias no embarque e asegurando o principio de igualdade de acceso ás prazas dispoñibles.
3. Incrementar as frecuencias de servizo directo entre Carballo e A Coruña, especialmente en horas punta, co obxectivo de reducir tempos de viaxe e ofrecer alternativas reais ao vehículo privado.
4. Adaptar os horarios do transporte escolar nas localidades da Costa da Morte (Camariñas, Fisterra, Muxía, etc.) para facelos compatibles cos horarios lectivos e garantir prazas suficientes para todo o alumnado.
5. Executar con carácter urxente a prolongación da autovía da Costa da Morte ata Cee, establecendo un calendario concreto de obras e a súa correspondente dotación orzamentaria, así como medidas de bonificación ou supresión das peaxes da AG-55.

Santiago de Compostela, a 30 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131692

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/10/2025 13:26:51

Carlos López Font na data 30/10/2025 13:26:57

Aitor Bouza Manso na data 30/10/2025 13:27:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/10/2025 13:27:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:24
Nº Rexistro: 37877
Data envío: 30/10/2025 13:30:24.595

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 13:30:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:24
Nº Rexistro: 37877
Data envío: 30/10/2025 13:30:24.595

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:41:55
Nº Rexistro: 37885
Data envío: 30/10/2025 13:41:55,378

Asinado o día 30/10/2025
13:37
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero supuxo, desde a súa aprobación en 2017, un avance histórico no compromiso das administracións públicas coa erradicación desta lacra social, coa mellora da protección das vítimas e coa coordinación institucional na loita contra todas as formas de violencia machista.

A Comisión de Seguimento e Avaliación dos Acordos do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero aprobou o 26 de febreiro de 2025 a súa renovación, froito dun amplo acordo político e social que culminou nun novo texto aprobado polo Congreso.

Este novo Pacto de Estado, mellorado e ampliado, recolle 461 medidas, o que supón un incremento substancial respecto das 290 incluídas no pacto orixinal de 2017. Ademais, incorpora importantes novidades en materia de violencia vicaria, económica e dixital, reforzando a protección das vítimas e das e dos menores, e actualizando os dez eixes orixinais con tres novos ámbitos de actuación.

O texto renovado pon unha especial atención nas mulleres do medio rural, nas mulleres maiores, nas mulleres migrantes e nas persoas con discapacidade, incorporando tamén as perspectivas de infancia e xuventude como elementos esenciais na prevención e na resposta integral á violencia de xénero.

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:36
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:36
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131695

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:41:55
Nº Rexistro: 37885
Data envío: 30/10/2025 13:41:55.378

Outro dos avances máis relevantes é o incremento orzamentario, cun 50 % máis de dotación económica, o que se traduce nun compromiso de 1.500 millóns de euros para os próximos cinco anos, co obxectivo de garantir a aplicación efectiva das medidas e a súa coordinación territorial.

En Galicia o último informe do Consello de Contas advirte que a política do Goberno galego en relación coa violencia machista é reactiva, existindo un declive nas políticas de prevención.

O Dirección Xeral de loita contra a violencia de xénero manifestou que: *“Lamentablemente o número de asasinatos e vítimas de violencia de xénero non ten unha relación directa , causa-efecto, coa intensidade das políticas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero”*

Dende o Grupo Socialista amosamos a nosa total discrepancia ao contido destas alegacións entendendo que a prevención a sensibilización e a educación en igualdade son actuacións clave na loita contra o machismo, do que deriva a violencia contra as mulleres, e polo tanto, deben ser liñas políticas estratéxicas e fundamentais.

A violencia de xénero segue sendo unha realidade inaceptable que require do compromiso constante e activo de todas as administracións públicas. Galicia, como comunidade autónoma, debe seguir reforzando os seus mecanismos de prevención, atención e reparación, e asumir con determinación as novas liñas marcadas polo renovado Pacto de Estado.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131696

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:41:55
Nº Rexistro: 37885
Data envío: 30/10/2025 13:41:55.378

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Reforzar o compromiso institucional e político de Galicia coa loita contra a violencia de xénero, adheríndose de forma expresa aos principios e obxectivos recollidos no novo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero aprobado polo Congreso.
2. Actualizar e mellorar as políticas autonómicas de igualdade e de loita contra a violencia machista, incorporando de maneira efectiva as novas liñas de actuación do Pacto, nomeadamente nas áreas de violencia vicaria, económica e dixital, a través de programas específicos de sensibilización, información, asistencia e formación aos profesionais.
3. Desenvolver programas de protección e asistencia específicos para aquelas mulleres que sofren unha dobre discriminación: mulleres do rural, ás mulleres maiores, ás mulleres migrantes e ás persoas con discapacidade ou menores expostos á violencia.
4. Incrementar os recursos económicos e humanos destinados ás políticas de prevención e atención da violencia de xénero en Galicia, garantindo que o incremento do 50 % na dotación do novo Pacto se traduza nun reforzo real dos servizos autonómicos e locais.
5. Impulsar programas de sensibilización e educación en igualdade dirixidos á infancia e á xuventude, co obxectivo de previr e erradicar as condutas machistas e promover unha sociedade libre de violencias.
6. Mellorar a coordinación entre administracións públicas, forzas de seguridade, servizos sociais, educativos e sanitarios, co fin de garantir unha resposta integral, eficaz e centrada nas vítimas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

131697

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:41:55
Nº Rexistro: 37885
Data envío: 30/10/2025 13:41:55,378

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal **981.55.15.30**

28071 Madrid

131698

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 30/10/2025 13:36:43

Elena Espinosa Mangana na data 30/10/2025 13:36:56

Silvia Longueira Castro na data 30/10/2025 13:37:04

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/10/2025 13:39:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:41:55
Nº Rexistro: 37885
Data envío: 30/10/2025 13:41:55.378

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 13:41:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:41:55
Nº Rexistro: 37885
Data envío: 30/10/2025 13:41:55,378

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a creación dun parque natural e cultural en Castiñeiras-Cotorredondo, nos concellos de Vilaboa e Marín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parque Forestal ou Parque da Natureza de Castiñeiras é un enclave natural creado a mediados do século XX e situado en terreos de Vilaboa e Marín dos que son titulares as comunidades de Montes de Vilaboa (Vilaboa), Santa Cristina de Cobres (Vilaboa), Santo Tomé de Piñeiro (Marín) e San Xián (Marín).

Na actualidade o parque estendese por unha área de 70 ha de superficie repoboada con piñeiros, castiñeiros, bidueiros, carballos e varias especies exóticas, que conforman un xardín botánico de grande interese.

Aínda que ten estes antecedentes históricos e un grande interese ambiental, o Parque da Natureza non se acolle a ningunha figura de protección, o goberno da Xunta desentendeuse da súa xestión e as iniciativas que se desenvolven nesta contorna son promovidas maioritariamente polas comunidades de montes, ben directamente ou en coordinación con outras entidades.

Como consecuencia desta situación, non se fai unha promoción conxunta nin un aproveitamento axeitado (educativo, cultural, social, económico e de lecer) de todas as potencialidades que ten este espazo, que podería ser un auténtico motor de

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:25
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:25
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

desenvolvemento e promoción dunha zona situada estratexicamente entre Pontevedra, O Morrazo e a área de Vigo.

Aínda que non últimos anos se levaron a cabo algunhas melloras, fundamentalmente na conservación da lagoa e na súa contorna, a realidade é que non se está facendo unha axeitada xestión de moitos elementos como os que sinalamos a seguir:

-Existe unha Aula da Natureza que non funciona pola falta de medios e apoio oficial.

-O Xardín Botánico non ten nunha conservación nin unha protección axeitada.

-Non existe unha promoción e divulgación correcta dos valores culturais da contorna, desaproveitando o grande potencial do extraordinario conxunto de mámoas situadas na denominada como “A Chan de Castiñeiras”.

-O miradoiro de Cotorredondo está pechado e non pode ser visitado polo público, perdendo así un importante reclamo turístico.

-A Xunta trasladou o Centro de Recuperación da Fauna Salvaxe a Cerdedo-Cotobade, o que supuxo a perda doutro importante elemento de dinamización.

Se ben nos últimos tempos xurdiron iniciativas de mellora e dinamización desta contorna, a maioría delas foron promovidas polas propias comunidades de montes, ben directamente ou en colaboración con outras entidades e institucións. Un exemplo das potencialidades e aproveitamento do espazo é o proxecto que está a desenvolver a Fundación Xoán XXIII nos terreos que ocupaba o Centro de Recuperación da Fauna Salvaxe, propiedade da Comunidade de Montes de San Xián. Un proxecto denominado Botánico do Lago que comprende actividades sociais, ambientais e de integración sociolaboral que debería contar con un apoio moito maior das institucións públicas.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Máis alá destas iniciativas concretas, bótase de menos un proxecto integral de conservación, protección e dinamización deste gran espazo natural e cultural, que debe ser liderado e impulsado polo goberno galego en colaboración coa Deputación de Pontevedra, os concellos, as comunidades de montes e entidades sociais interesadas na posta en valor do parque.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Liderar un plan integral para a conservación, o mantemento e a dinamización do espazo do Parque da Natureza de Castiñeiras, co obxecto de crear un grande espazo ambiental e cultural, fomentar as actividades culturais, sociais, educativas, turísticas e de lecer, e convertelo nun motor social e económico da súa contorna.
2. Desenvolver este plan en colaboración cos concellos, a Deputación Provincial e as comunidades de montes, procurando a implicación do tecido social da contorna e apoiando especialmente iniciativas de integración sociolaboral como a promovida pola Fundación Xoán XXIII.
3. Dotar unha partida de 250.000 euros no orzamento do ano 2026 para a posta en marcha deste plan e a apertura do miradoiro de Cotorredondo.
4. Estudar a protección deste espazo coa figura legal máis acaída para a preservación dos seus valores naturais e culturais.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 16:25:32

Paulo Ríos Santomé na data 30/10/2025 16:25:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37931
Data envío: 30/10/2025 16:27:05.137

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 16:27:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37931
Data envío: 30/10/2025 16:27:05.137

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O 25 de novembro celébrase o Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Trátase dun día no que como sociedade queremos amosar o noso máis profundo rexeitamento a todo tipo de violencia contra as mulleres. Porque a dignidade de cada muller é innegociable: respéctase, protéxese e deféndese, de feito que a sociedade no seu conxunto debe asumir esta máxima e deben ser os poderes públicos os encargados de garantila.

Porque non podemos esquecer que a violencia de xénero é un problema público e social de primeira magnitude, cuxas raíces se atopan na propia estrutura da sociedade, no seu funcionamento e na maneira en que asigna roles a homes e mulleres creando unha desigualdade inaceptable. Deste xeito a violencia contra as mulleres representa un ataque directo ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade, á non discriminación e, en definitiva, á dignidade, todos eles valores irrenunciáveis que proclaman tanto a Constitución Española coma o noso Estatuto de Autonomía. Por iso, temos o deber de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos, algo que concirne de xeito especial ás administracións públicas.

Os datos que coñecemos son pouco alentadores: as agresión sexuais e as violacións non paran de aumentar no conxunto de España, seguen aumentando tamén as vítimas da trata, séguense producindo asasinatos de mulleres a mans das súas parellas ou exparellas, mesmo no caso das mulleres que xa estaban

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:40
Por Alberto Pazos Couñago





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:41:13
Nº Rexistro: 37937
Data envío: 30/10/2025 16:41:13.317

dentro do sistema VioGen, e é continuo o goteo de sentenzas con rebaixas de condenas a agresores sexuais e pederastas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A todo isto súmanse os erros producidos no sistema de control de pulseiras antimaltrato (o sistema COMETA), e que supuxeron unha desprotección intolerable para as vítimas.

Porén, debe ser un obxectivo prioritario de gobernos e administracións acadar a eliminación de todas as formas de violencia que aínda hoxe afectan ás mulleres. Para elo, é preciso a implicación e a concienciación da cidadanía, porque a violencia de xénero é un problema de todas e todos e polo tanto entre todas e todos debemos tentar derribar os muros de silencio que aínda a rodean.

De igual xeito tamén as mulleres e a sociedade no seu conxunto precisan de gobernos á altura das circunstancias, que tomen medidas axeitadas para erradicar a violencia de xénero en todas as súas formas.

Apelamos á tolerancia cero cos maltratadores para poñer fin a esta rexeitable lacra e, xunto con toda a cidadanía, colaborar na construción dunha Galicia máis solidaria, máis equilibrada, máis igualitaria e sen discriminación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia acorda:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a:

- a) Promover os recursos, servizos e prestacións existentes a dispor das vítimas de violencia de xénero como as axudas directas periódicas, as axudas para darlles solucións habitacionais, as axudas para a súa inserción laboral do fin de que logren unha plena independencia do seu agresor, atención psicolóxica e a asistencia xurídica gratuíta.
- b) Poñer en marcha o Plan Integral de Actuación para a Renovación e Impulso dos CIM de Galicia do fin de impulsar a súa actividade, optimizar



este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.

- c) Fomentar a ampliación da Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero.
- d) Impulsar as Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia, como instrumentos para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

2º- Instar á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

- a) Impulsar medidas para fortalecer o sistema Viogen2, garantindo a súa eficacia real na protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.
- b) Asumir as responsabilidades ante o gravísimo fallo no sistema de control de pulseiras antimaltrato vinculadas ás ordes de afastamento en procesos de violencia de xénero, denunciado recentemente pola fiscalía.
- c) Realizar unha auditoría independente para coñecer en detalle a dimensión da gravidade do ocorrido no fallo das pulseiras antimaltrato, co obxectivo de depurar responsabilidades, dispoñer de toda a información e evitar que algo así volva suceder no futuro.
- d) Garantir a protección das vítimas de violencia de xénero cuns dispositivos telemáticos seguros, fiables e realmente útiles, que dean información veraz en todo momento, axudando ás mulleres vítimas a superar esa situación con confianza e seguridade, incluídas as mulleres que viven en contornas rurais.
- e) Poñer en marcha todas as medidas sen cumprir do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, especialmente as relativas á modificación

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





do Código Penal, Lei de Axuizamento Criminal e a aprobación da Lei de trata e a explotación de persoas.

- f) Adoptar medidas concretas para paliar a revitimización de mulleres e menores froito da aplicación da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral de liberdade sexual.
 - g) Poñer ao dispor das Comunidades Autónomas -singularmente de Galicia- os recursos necesarios para seguir impulsando plans de prevención e detección dos delitos de violencia de xénero, trata e explotación de seres humanos.
- 3º.- Reprobar calquera manifestación que vulnere o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes ou se denigre a dignidade das mulleres.
- 4º.- Reprobar os ataques machistas e discriminatorios exercidos contra calquera muller que exerza responsabilidades públicas e, entre outras, os exercidos pola CIG contra a Conselleira de Política Social e Igualdade, así como os levados a cabo contra a Secretaria Xeral do PPdeG, Paula Prado , por parte do número 4 na listas do BNG ás eleccións europeas, Rogelio Santos Queiruga.”

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 16:40:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:41:13
Nº Rexistro: 37937
Data envío: 30/10/2025 16:41:13.317

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:41:13
Nº Rexistro: 37937
Data envío: 30/10/2025 16:41:13.317

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 16:41:14

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A violencia de xénero é un dos problemas máis graves e complexos da sociedade actual. Non se trata dun asunto privado, senón un problema estrutural e social que pon de manifesto a discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres. Ademais, atenta contra os dereitos humanos fundamentais como a vida, a dignidade, a integridade, a seguridade, a igualdade e a liberdade.

A violencia de xénero ten graves consecuencias na saúde física e psicolóxica da muller que o sofre e afecta tamén a todo o seu entorno, manifestándose tamén non ámbito laboral.

Actuar ante a violencia de xénero relacionada co ámbito laboral é sempre obrigatorio, pero as empresas tamén desempeñan un papel destacado no compromiso e a loita contra este tipo de violencia, garantindo e protexendo os dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero, aínda que a violencia se exerza no ámbito privado.

Sen prexuízo do anterior, mais do 70 por cento das mulleres que foron asasinadas no noso país non presentaron denuncia, o que significa que esas mulleres si estaban sendo maltratadas pero no se detectou este feito, e que nos obriga a constituír mecanismos ou recursos para tal fin.

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:50
Por Alberto Pazos Couñago





A todo isto hai que engadir que calquera persoa en idade laboral pasa mais dun terzo da súa vida no seu centro de traballo. Por todo isto, a empresa converterse nun escenario imprescindible para detectar posibles feitos de violencia de xénero.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que poña en marcha un recurso específico dirixido as empresas có obxecto de axudalas a detectar, acompañar e apoiar cando unha muller está a ser vítima de violencia de xénero.”

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 16:50:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:50:40
Nº Rexistro: 37941
Data envío: 30/10/2025 16:50:40,967

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:50:40
Nº Rexistro: 37941
Data envío: 30/10/2025 16:50:40,967

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 16:50:42

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado e da deputada **Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a aprobación de plans de xestión de cada un dos espazos incluídos na Rede Natura 2000.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sitúase á cola do Estado e de Europa en porcentaxe do territorio amparado e protexido pola Rede Natura 2000. Malia as esixencias da Comisión Europea, os acordos parlamentares e os anuncios da propia Xunta, a realidade é que o goberno galego vetou de facto a ampliación desta Rede de protección ambiental e da biodiversidade pola presión de determinados lobis da industria extractivista.

Por outra parte existe un requirimento por parte da Comisión Europea a respecto da insuficiencia do Plan Director da Rede Natura 2000 como instrumento de xestión dos espazos incluídos na Rede. En sucesivas comunicacións ao Estado español, a Comisión Europea reclamou a necesidade de elaboración e aprobación dun instrumento específico de xestión para cada unha das ZEC e ZEPA incluídas na Rede Natura. Mesmo existe a posibilidade de expedientes de sanción no caso de incumprimento desta obriga.

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:50
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:50
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a aprobar no prazo máximo dun ano os plans de xestión de cada un dos espazos naturais incluídos na Rede Natura 2000.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 16:50:02

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2025 16:50:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:51:40
Nº Rexistro: 37942
Data envío: 30/10/2025 16:51:40,387

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:51:40
Nº Rexistro: 37942
Data envío: 30/10/2025 16:51:40,387

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 16:51:41

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:19
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as denominadas “zonas ben conservadas en estudo”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O visor xeográfico de conservación da natureza do sistema de información xeográfica de Galiza inclúe como “zonas de exclusión” ás denominadas “zonas ben conservadas en estudo.”

Moitas destas zonas albergan hábitats e especies de especial interese ou de interese prioritario e en moitos casos coinciden con zonas propostas en 2008 e 2011 para a ampliación da Rede Natura 2000.

Polo que respecta a áreas como a serra do Suido, a existencia destas “zonas ben conservadas en estudo” foi un argumento de peso para facer informes desfavorables de proxectos industriais eólicos.

A delimitación destas zonas está avalada por informes técnico-científicos mais o goberno galego négase sistematicamente a darlles un estatus de protección acorde coa súa importancia biolóxica e para a biodiversidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:19
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:19
Por Alexandra Fernández Gómez





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a protexer mediante figuras de protección do patrimonio natural e a biodiversidade as zonas de exclusión denominadas `zonas ben conservadas en estudo’.”

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 30/10/2025 17:19:26

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2025 17:19:37

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 17:19:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:27:23
Nº Rexistro: 37954
Data envío: 30/10/2025 17:27:23.065

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:27:23
Nº Rexistro: 37954
Data envío: 30/10/2025 17:27:23.065

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:27:24

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado e da deputada **Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a aprobación do Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego aprobou no mes de febreiro de 2025 a Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas (ORDE do 4 de outubro de 2024 pola que se aproba a Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas).

A Estratexia Galega de Infraestrutura verde establece os seguintes elementos da infraestrutura verde: “En consonancia coa Estratexia da Unión Europea e a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde, así como coas características bioxeográficas e territoriais de Galiza, os elementos da Infraestrutura Verde establécense en 7 categorías. A escala rexional recoñécense: Áreas Núcleo, Corredores Ecolóxicos, Áreas de Amortecemento e Áreas Multifunacionais. A escala subrexional e local, poderían engadirse as Áreas Pronucleares”.

O documento da Estratexia aprobado inclúe un apartado denominado “Programa de Accións” no que se recolle o seguinte compromiso:

“A concreción e desenvolvemento do programa de accións establecerase e adecuarase periodicamente durante o período de vixencia da Estratexia a través do **Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde de Galicia**, no que se

Asinado o día 30/10/2025 ás
17:37
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 30/10/2025 ás
17:37
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

incluíra un cronograma, criterios e indicadores para o seguimento e a avaliación, así como unha estimación de custos e fontes previsibles de financiamento.”

No apartado do programa de accións recóllense accións prioritarias e un cronograma e orzamento:

“Cronograma e estimación económica

6.1.- As accións contempladas no Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde de Galicia, deben incluír unha proxección temporal, así como unha estima de custos e de posibles fontes de financiamento.”

A estas alturas non se coñece nin o citado cronograma nin as consignacións orzamentarias para a implementación e seguimento da Estratexia. E os orzamentos da Xunta para 20026 non inclúen ningunha partida específica para este Plan.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Aprobar no prazo máximo de tres meses o Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas, que detalle as actuacións prioritarias así como o cronograma e a estimación económica dos custos de cada unha.

2. Dotar unha partida económica nos orzamentos de 2026 para a posta en marcha do Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Presentar no Parlamento un informe anual de avaliación do Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 17:37:33

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2025 17:37:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:39:01
Nº Rexistro: 37957
Data envío: 30/10/2025 17:39:01.750

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:39:01
Nº Rexistro: 37957
Data envío: 30/10/2025 17:39:01.750

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:39:02

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:58:09
Nº Rexistro: 37966
Data envío: 30/10/2025 17:58:09.195

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:19
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

Nas últimas semanas saíu á luz un feito especialmente grave na área sanitaria de Ourense: a existencia dun protocolo interno do Sergas que limitaba a derivación desde Atención Primaria a distintas especialidades hospitalarias en función da idade das persoas doentes, e mesmo, nalgún caso concreto, do seu índice de masa corporal.

Segundo a información publicada, o documento —elaborado, entre outros, por Miguel Abad Vila, actual responsable provincial de Atención Primaria en Ourense, ex edil do Partido Popular e ex delegado de Sanidade— establecía ata en cinco apartados restricións explícitas por idade para a derivación a distintas especialidades.

En concreto:

- No punto 5.2.1, relativo a Reumatoloxía, excluíase da derivación por sospeita de espondiloartrite precoz ás persoas maiores de 65 anos.
- No punto 5.3, referido a Neurocirurxía, limitábase a derivación a pacientes menores de 80 anos e cun índice de masa corporal (IMC) de 35, o que na práctica supón a exclusión de persoas maiores con obesidade.

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:18
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:18
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131730

28071 Madrid

@PSdeG



- Nos apartados 6.1.1 e 6.1.2, correspondentes a Traumatoloxía, indicábase que só se podían derivar a hospitalización os menores de 65 anos en casos de sospeita de rotura ou lesión aguda do manguito rotador (ombreiro).

- Ademais, no mesmo servizo de Traumatoloxía, non se recomendaba derivar a pacientes menores de 50 anos con gonalgia postraumática que non respondesen a tratamento sistemático durante tres semanas.

Este protocolo, segundo o propio texto, tiña por obxecto “establecer os criterios clínicos e organizativos necesarios para optimizar a avaliación inicial e o procedemento de derivación”.

Porén, a súa aplicación real suporía unha limitación do dereito á atención hospitalaria en función da idade, vulnerando os principios básicos de equidade, universalidade e non discriminación do sistema público de saúde.

A resposta dos profesionais de Atención Primaria foi inmediata. En alegacións presentadas ante a Xerencia do CHUO, os médicos e médicas de familia denunciaron que o documento pretendía trasladar a eles a responsabilidade das listas de agarda hospitalarias, cando o problema real é a falta de persoal e de recursos.

Nun dos puntos das súas alegacións afirmase textualmente:

“Para a derivación a Traumatoloxía parece razoable pensar que o problema das listas de espera depende dese servizo, non de Atención Primaria e da súa forma de traballar ou derivar. Chama a atención que só se poidan derivar pacientes menores de 65 anos. Quizais a un paciente de 70 anos só lle quede a resignación cristiá.”





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:58:09
Nº Rexistro: 37966
Data envío: 30/10/2025 17:58:09.195

Os profesionais tamén advertiron das demoras inasumibles nos servizos de Rehabilitación e Fisioterapia, sinalando que moitas persoas se ven obrigadas a acudir á sanidade privada:

A situación descrita revela un problema estrutural de planificación e recursos no sistema sanitario galego, e non un mal uso das derivacións por parte do persoal médico.

Especialmente grave é que se introduzan criterios de idade ou condición física como barreira de acceso á atención hospitalaria, nun contexto no que Galicia, e particularmente a provincia de Ourense, teñen unha das poboacións máis envellecidas do Estado.

Aínda que o Sergas anunciou posteriormente unha rectificación parcial, o contido do protocolo e as reaccións dos profesionais esixen explicacións claras, transparencia e responsabilidades políticas.

Non é aceptable que se tente xestionar as listas de espera recortando dereitos en lugar de reforzar servizos.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Retirar de forma definitiva e pública calquera protocolo asistencial que limite as derivacións por razón de idade, sexo ou índice de masa corporal.
2. Garantir de forma expresa que ningún paciente será excluído do acceso á atención hospitalaria por razón de idade ou condición física, incorporando este principio aos procedementos internos do Sergas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131732

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:58:09
Nº Rexistro: 37966
Data envío: 30/10/2025 17:58:09.195

2. Dotar de forma inmediata de recursos humanos e materiais adicionais aos servizos de Traumatoloxía, Rehabilitación e Fisioterapia da área sanitaria de Ourense, para reducir as listas de espera e evitar derivacións á privada.

3. Depurar responsabilidades no caso de se confirmar que se aprobaron instrucións que vulneran o dereito á asistencia sanitaria universal e equitativa.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131733

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/10/2025 17:18:45

Elena Espinosa Mangana na data 30/10/2025 17:18:53

Silvia Longueira Castro na data 30/10/2025 17:19:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/10/2025 17:19:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:58:09
Nº Rexistro: 37966
Data envío: 30/10/2025 17:58:09.195

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:58:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:58:09
Nº Rexistro: 37966
Data envío: 30/10/2025 17:58:09.195

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:56:46
Nº Rexistro: 37736
Data envío: 28/10/2025 13:56:46,100

Asinado o día 28/10/2025
13:47
Por Dolores Hermelo

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Dolores Hermelo Piñeiro, Moisés Rodríguez Pérez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, Katherinie Varela Fernández, Paula Prado del Rio, Julio García Comesaña, Cristina Sanz Arias, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª ; Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e servicios polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo prezo que pagan os cidadáns de España pola recollida de lixo que se disparou ata máximo históricos

Exposición de Motivos:

Un dos factores que máis influíron na suba da inflación, segundo acreditan os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) e o custo do servizo da recollida do lixo. A nova taxa dispara a factura un 30% e xa é un dos compoñentes que máis suben do Índice de Prezos de Consumo (IPC) no conxunto de España.

Este dato, común para o conxunto de España, vén a desmentir o falso argumento empregado desde os grupos da oposición que intentan responsabilizar á Xunta de Galicia ou a Sogama por esta suba de prezos, que en cambio si ten o seu fundamento nunha Lei estatal 7/2022, aprobada polo Executivo de Pedro Sánchez, e que os concellos están a repercutir gradualmente nos últimos meses.

A segunda gran loiada ten que ver con que o taxazo pola recollida do lixo responde a unha esixencia comunitaria -a transposición da Directiva Europea de Residuos- feito desmentido polas autoridades comunitarias, polo que se acredita que a imposición desta nova taxa, que obriga aos concellos a unha suba xeneralizada da factura, é unha decisión política de Pedro Sánchez.

Desde o Grupo Parlamentario Popular vimos insistindo en que este novo canon estatal é unha medida meramente recadatoria que, lonxe de contribuír á redución de residuos ou ao coidado do medio ambiente, tan só ten un obxectivo: complicar a situación dos municipios que ser vén forzados a subir os cobros por imposición de Sánchez que, como boa formación de esquerda, ante cada problema deseña un imposto.

Asinado o día 28/10/2025 ás
13:47
Por Gonzalo Trenor López

Asinado o día 28/10/2025 ás
13:45
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Cómpre en consecuencia que o Goberno galego demande do Executivo central que respecte a autonomía e liberdade municipal para establecer os seus propios tributos, permitindo que os concellos poidan aliviar a carga fiscal dos seus cidadáns sen imposicións ideolóxicas ou do ecoloxismo radical mal entendido e derivadas dunha incorrecta interpretación da Directiva Europea de Residuos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1º- Derrogar a obrigatoriedade imposta pola Lei 7/2022 de establecer unha taxa ou prestación patrimonial que repercute o 100% do custo da xestión de residuos urbanos nos cidadáns

2º- Solicitar a reforma da Lei 7/2022 para garantir:

- a) O respecto á autonomía local e a potestade tributaria local.
- b) Un sistema flexible de financiamento que permita aos concellos cubrir o servizo con cargo aos seus orzamentos ou mediante modelos mixtos.
- c) A incorporación de incentivos á reciclaxe e a economía circular, en lugar de penalizacións indiscriminadas.
- d) A posibilidade de bonificacións sociais para familias vulnerables, pensionistas ou autónomos con baixos ingresos.

3º- Crear un Plan Nacional de Infraestruturas para a Economía Circular, cofinanciado con fondos europeos, que permita mellorar os sistemas locais de recollida e tratamento de residuos sen trasladar todo o custo ao cidadán

Asemade insta á Xunta de Galicia, a promover unha campaña informativa, que aclare a orixe estatal deste taxazo e a intensificar a aposta do Goberno galego por apoiar aos concellos e incentivar a concienciación para que o conxunto da sociedade avance de xeito paulatino no seu compromiso coa reciclaxe, coa redución do lixo e coa reutilización, e non en medidas baseadas na suba de impostos e da recadación.”

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 28/10/2025 13:45:58
Gonzalo Trenor López na data 28/10/2025 13:47:20
Dolores Hermelo Piñeiro na data 28/10/2025 13:47:43
Moisés Rodríguez Pérez na data 28/10/2025 13:47:55
Carmen Pomar Tojo na data 28/10/2025 13:48:04
José Luis Ferro Iglesias na data 28/10/2025 13:48:17
Cristina Campero Dorado na data 28/10/2025 13:48:27
Argimiro Marnotes Fernández na data 28/10/2025 13:48:40
Rubén Lorenzo Gómez na data 28/10/2025 13:48:54
Roberto Rodríguez Martínez na data 28/10/2025 13:49:04
Katherinie Varela Fernández na data 28/10/2025 13:49:16
Paula Prado del Rio na data 28/10/2025 13:49:34
Julio García Comesaña na data 28/10/2025 13:49:51
Cristina Sanz Arias na data 28/10/2025 13:50:28
Ethel Vázquez Mourelle na data 28/10/2025 13:51:00
María Magdalena Perez Millares na data 28/10/2025 13:51:08



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:56:46
Nº Rexistro: 37736
Data envío: 28/10/2025 13:56:46.100

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 13:56:47

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 31/10/2025
12:28
Por Sonia Vidal Lama

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Secundino Fernández Fernández**, **Luis Bará Torres** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, **Ariadna Fernández González**, e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª polo trámite de urxencia**, sobre o catastrófico incendio de Larouco-Valdeorras e as graves consecuencias económicas, ambientais, nos acuíferos e no subministro domiciliario de auga.

Asinado o día 31/10/2025 ás
12:28
Por Luis Bará Torres

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na alarma social xerada pola situación dos cursos de auga e dos acuíferos como consecuencia do lume de Larouco-Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

Os graves incendios que levaron a esta catástrofe orixináronse nos poucos focos que non foron quen de apagar nos momentos iniciais, e nin sequera foron todos ao mesmo tempo. Uns lumes iniciais que se converteron nunha catástrofe pola negligencia da Xunta.

Asinado o día 31/10/2025 ás 12:27
Por Secundino Fernández
Fernández



No mes de agosto de 2025, en Seadur no concello de Larouco, produciuse un incendio forestal que debido a nula resposta da Xunta de Galiza ante as lapas iniciais derivou nun incendio de grandes dimensións que afectou gravemente ao ecosistema local e á seguridade das persoas. Un lume que provocou un desastre de grandes proporcións, causando graves danos económicos, sociais e ambientais e que arrasou preto de 40.000 hectáreas. Este incendio, o mais grande da historia de Galiza arrasou terras de Larouco, O Bolo, Petín, A Rúa, Vilamartín de Valdeorras, Carballeda, O Barco, Rubiá, A Veiga, Quiroga e terras limítrofes da Castela León.

Ás consecuencias económicas directas dos lumes únense agora os danos causados indirectamente polas choivas nas zonas arrasadas nos montes desta comarca, en tanto que a erosión e a perda de solo son moi importantes, véndose favorecidas pola orografía do territorio que se queimou.

Ademais, entre as consecuencias deste desastre temos agora outras no relativo as augas provocado polos arrastres nas zonas queimadas. Uns arrastres que chegan aos cursos de auga provocando unha contaminación que afecta a auga de consumo humano, tal e como foi manifestado polos alcaldes da zona afectada nos días pasados.

A administración da Xunta de Rueda bota balóns fóra querendo traspasar a súa responsabilidade como administración competente no relativo aos montes agricultura e gandería. Con esta actitude a Xunta pretende trasladar a súa responsabilidade aos concellos da comarca e a administración do Estado.

Ao BNG a actitude dos dirixentes da Xunta de Galiza parécelle unha negligencia de libro e un abandono das súas competencias. Unha actitude que trae consecuencias moi graves para o medio ambiente, que traen consigo unha situación moi perigosa para as persoas residentes nesta comarca que ven comprometido o subministro de auga domiciliaria.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Pór en marcha un plan urxente de restauración hidrolóxico forestal e de control da erosión en Valdeorras.
- Pór en marcha de xeito inmediato todas as medidas precisas para evitar que os arrastres provocados polas chuvias nas zonas queimadas cheguen aos cursos de auga e sigan provocando a contaminación dos acuíferos.
- Xuntarse cos alcaldes e alcaldesas dos concellos afectados e demais administracións para solucionar o grave problema de subministro de auga as poboacións afectadas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 31/10/2025 12:27:56

Luis Bará Torres na data 31/10/2025 12:28:03

Sonia Vidal Lamas na data 31/10/2025 12:28:11

Ariadna Fernández González na data 31/10/2025 12:28:19

Montserrat Valcárcel Armesto na data 31/10/2025 12:28:36



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/10/2025 12:29:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 12:29:54
Nº Rexistro: 37982
Data envío: 31/10/2025 12:29:54.039

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados **Dolores Hermelo Piñeiro Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias, Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes dos Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A comarca do Morrazo, integrada polos concellos de Cangas, Moaña, Bueu e Marín, presenta unha configuración xeográfica compacta e unha alta interconexión viaria, o que permite unha planificación sanitaria baseada na optimización dos recursos dispoñibles e na garantía dunha atención eficiente para toda a poboación.

Na actualidade, o Punto de Atención Continuada (PAC) de Cangas do Morrazo conta con catro equipos médicos e de enfermaría, ofrecendo atención continuada tanto á veciñanza de Cangas como á do concello de Moaña.

Este servizo cobre de maneira eficaz as necesidades asistenciais urxentes de ambos municipios, que se atopan separados por apenas sete quilómetros e unidos por vías de comunicación rápidas e directas.

O Concello de Moaña manifestou o seu interese en dispoñer dun PAC propio nas novas instalacións do seu centro de saúde. Porén, esta posibilidade debe ser analizada desde un punto de vista técnico e asistencial, tendo en conta que a creación dun novo PAC con menor dotación profesional podería fragmentar os recursos humanos e materiais, reducindo a capacidade de resposta global ante picos de demanda e incidindo na coordinación dos equipos sanitarios.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia considera que antes de adoptar calquera decisión neste ámbito é preciso dispor dun estudo técnico obxectivo, elaborado polo Servizo Galego de Saúde (Sergas), que avalíe con datos actualizados as necesidades reais de atención continuada no Morrazo, a distribución da poboación, os tempos de resposta, a carga asistencial e as vantaxes comparativas entre diferentes modelos de organización.

Este enfoque permitirá garantir que as decisións futuras se adopten con base na





evidencia e na eficiencia, asegurando o mellor aproveitamento dos recursos públicos e a calidade da atención sanitaria prestada á cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Encargar ao Servizo Galego de Saúde (Sergas) a elaboración dun estudo técnico detallado sobre a atención continuada e urxente na comarca do Morrazo, con especial atención á situación dos concellos de Cangas e Moaña.
2. Avaliar neste estudo as vantaxes asistenciais, organizativas e de eficiencia derivadas do modelo actual fronte a posibles alternativas de redistribución dos servizos.

Santiago de Compostela, a 25 de Outubro do 2025.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/10/2025 11:32:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 11:33:50
Nº Rexistro: 37585
Data envío: 24/10/2025 11:33:50.223

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 11:33:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 11:33:50
Nº Rexistro: 37585
Data envío: 24/10/2025 11:33:50.223

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Oroso leva anos demandando a construción dun novo pavillón polideportivo que dea resposta ás necesidades crecentes da súa veciñanza, das súas entidades deportivas e da comunidade educativa. O actual equipamento atópase saturado e carece das condicións necesarias para o desenvolvemento adecuado das actividades escolares e deportivas.

A demanda cidadá é unánime, como demostra a campaña de recollida de sinaturas impulsada por nais e pais do alumnado, que xa acadou varios centos de apoios. O Concello dispón dun anteproxecto e do terreo necesario, o que acredita a viabilidade inmediata da actuación.

A situación proposta polos grupos da oposición sitúase na finca dotacional deportiva situada fronte ao CEIP Camiño Inglés, opción que permitiría a máxima accesibilidade para o alumnado e unha integración coherente co núcleo educativo e deportivo da vila. Porén, esta proposta foi rexeitada polo actual goberno local unicamente por razóns partidarias, desoíndo tanto os criterios técnicos como o interese xeral.

Cómpre lembrar que o proxecto xa contaba cunha subvención da Deputación da Coruña. Así mesmo, a Xunta de Galicia comprometérase en anteriores ocasións



a colaborar na súa execución, sen que ata o momento se teña materializado compromiso orzamentario ningún.

A construción deste novo pavillón é unha necesidade real e urxente para garantir a práctica deportiva en condicións axeitadas, fomentar hábitos saudables, apoiar ás entidades locais e ofrecer infraestruturas dignas aos centros educativos e á mocidade de Oroso.

Neste contexto, é imprescindible que a Xunta de Galicia asuma a súa responsabilidade e se comprometa a cofinanciar a execución deste proxecto, en colaboración co Concello e coa Deputación da Coruña, garantindo que esta actuación se inclúa nos vindeiros orzamentos autonómicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar nos próximos Orzamentos da Xunta de Galicia unha partida específica destinada á cofinanciación da construción dun novo pavillón polideportivo en Oroso, en colaboración co Concello e coa Deputación da Coruña, garantindo o impulso e execución efectiva deste proxecto.

Santiago de Compostela, a 24 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/10/2025 12:03:14

Paloma Castro Rey na data 24/10/2025 12:03:22

Patricia Iglesias Rey na data 24/10/2025 12:03:28

Elena Espinosa Mangana na data 24/10/2025 12:03:35

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/10/2025 12:03:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 12:07:05
Nº Rexistro: 37594
Data envío: 24/10/2025 12:07:05.937



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 12:07:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 12:07:05
Nº Rexistro: 37594
Data envío: 24/10/2025 12:07:05.937

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Oroso leva anos demandando a construción dun novo pavillón polideportivo que dea resposta ás necesidades crecentes da súa veciñanza, das súas entidades deportivas e da comunidade educativa. O actual equipamento atópase saturado e carece das condicións necesarias para o desenvolvemento adecuado das actividades escolares e deportivas.

A demanda cidadá é unánime, como demostra a campaña de recollida de sinaturas impulsada por nais e pais do alumnado, que xa acadou varios centos de apoios. O Concello dispón dun anteproxecto e do terreo necesario, o que acredita a viabilidade inmediata da actuación.

A situación proposta polos grupos da oposición sitúase na finca dotacional deportiva situada fronte ao CEIP Camiño Inglés, opción que permitiría a máxima accesibilidade para o alumnado e unha integración coherente co núcleo educativo e deportivo da vila. Porén, esta proposta foi rexeitada polo actual goberno local unicamente por razóns partidarias, desoíndo tanto os criterios técnicos como o interese xeral.

Cómpre lembrar que o proxecto xa contaba cunha subvención da Deputación da Coruña. Así mesmo, a Xunta de Galicia comprometérase en anteriores ocasións



a colaborar na súa execución, sen que ata o momento se teña materializado compromiso orzamentario ningún.

A construción deste novo pavillón é unha necesidade real e urxente para garantir a práctica deportiva en condicións axeitadas, fomentar hábitos saudables, apoiar ás entidades locais e ofrecer infraestruturas dignas aos centros educativos e á mocidade de Oroso.

Neste contexto, é imprescindible que a Xunta de Galicia asuma a súa responsabilidade e se comprometa a cofinanciar a execución deste proxecto, en colaboración co Concello e coa Deputación da Coruña, garantindo que esta actuación se inclúa nos vindeiros orzamentos autonómicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar nos próximos Orzamentos da Xunta de Galicia unha partida específica destinada á cofinanciación da construción dun novo pavillón polideportivo en Oroso, en colaboración co Concello e coa Deputación da Coruña, garantindo o impulso e execución efectiva deste proxecto.

Santiago de Compostela, a 24 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/10/2025 12:03:51

Paloma Castro Rey na data 24/10/2025 12:03:57

Patricia Iglesias Rey na data 24/10/2025 12:04:03

Elena Espinosa Mangana na data 24/10/2025 12:04:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/10/2025 12:04:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 12:07:22
Nº Rexistro: 37595
Data envío: 24/10/2025 12:07:22.746



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 12:07:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 12:07:22
Nº Rexistro: 37595
Data envío: 24/10/2025 12:07:22.746

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Ariadna Fernández González, Paulo Ríos Santomé e Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise demográfica que afecta severamente ao interior do país e os cambios de costumes, cunha crecente migración cara as urbes dende as aldeas e as parroquias, foron un dos motivos polos que a ensinanza en escolas unitarias e pequenos CEIPs encadrados en localizacións rurais sufriron un grave descenso do número do seu alumnado. Pola contra, a masificación das aulas nos centros situados en núcleos urbanos foi en aumento, creándose así unha situación contraposta que non favorece nin a docentes nin a alumnado no desenvolvemento da súa xornada lectiva e que contribúe a desertizar o rural galego.

É así como ano tras ano os colexios máis rurais loitan por conseguir bos datos de matriculación, que lles permitan seguir coas súas portas abertas, ofertando unha modalidade moito máis persoal, cun trato máis próximo cara o alumnado e que, en moitos casos, ten vantaxes que se evidencian a través de estudos realizados nesta materia, onde se expón que estes CEIPs contan cun menor abandono escolar, unha maior taxa de graduación e unha taxa de absentismo máis baixa.

Por estes e outros motivos resulta imprescindible dende a Xunta de Galiza protexer e facilitar a permanencia destes centros escolares abertos, garantindo na medida do posible que o alumnado e as familias que desexen escolarizarse neles teñan as maiores facilidades posibles.



Mais hai casos que evidencian que a intención da Consellería de Educación non é sensible a segundo que situacións, coma ocorre con algúns dos alumnos deste CEIP anteriormente nomeado. É así como un dos seus estudantes, que leva matriculado alí dende que comezou a súa escolarización, ten que desprazarse en coche a 4 quilómetros da súa vivenda para acceder ao servizo de transporte escolar, malia que o bus que se dirixe ao seu centro educativo pasa no seu traxecto habitual a menos de 200 metros da súa casa, de xeito que non tería que modificarse en absoluto o seu percorrido para recoller ao alumno en cuestión.

Nun intento de normalizar a situación da familia e do neno, dende a dirección do centro enviaron a solicitude dunha nova parada ao Servizo de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia. Tras ese feito a parada foi integrada no traxecto do bus que pasa preto da vivenda do alumno mais, días despois revogouse esa decisión positiva e informouse de que non se podería acceder a ese transporte debido a que esa ruta se atopa incluída na área de influencia dun dos CEIPs situados na vila, segundo a zonificación da Consellería de Educación.

Deste xeito, e cunha evidente prioridade cara a burocracia en detrimento das persoas e dos centros do rural, o alumno comezou a desprazarse novamente acompañado da súa familia cara a parada anterior, o que supón catro viaxes ao día de 4 quilómetros, sumando 16 quilómetros ao día, cando se podería ir camiñando a tomar o bus se a Xunta de Galiza fomentara un uso eficiente e equitativo dos recursos, poñendo ao alumnado no centro das súas prioridades.

Non se trata de resolver tan só un problema concreto, é unha forma de amosar que coa rixidez aplicada en casos coma este, camiñamos na dirección contraria a protexer aos centros escolares do rural e ao seu potencial alumnado, xa que a Xunta de Galiza non parece ter a capacidade de estudar os casos e flexibilizar os criterios malia non ter inconvintes asociados, de xeito que se afonda cada vez máis con cada caso particular nas crises das escolas rurais, as grandes esquecidas para a Consellería de Educación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 12:27:55
Nº Rexistro: 37603
Data envío: 24/10/2025 12:27:55.322

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a integrar novamente a parada solicitada polo CEIP plurilingue Vicente Arias de la Maza, de xeito que o alumnado poida acceder ao servizo de bus escolar de xeito eficiente e próximo, evitando desprazamentos innecesarios e priorizando ao alumnado sobre a burocracia”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 24/10/2025 12:25:32

Cristina Fernández Davila na data 24/10/2025 12:25:39

Paulo Ríos Santomé na data 24/10/2025 12:25:47

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2025 12:25:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 12:27:55
Nº Rexistro: 37603
Data envío: 24/10/2025 12:27:55.322

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 12:27:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 12:27:55
Nº Rexistro: 37603
Data envío: 24/10/2025 12:27:55.322

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37632
Data envío: 24/10/2025 15:56:32.817

Asinado o día 24/10/2025 ás 15:52
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro, Carmen Rodríguez Dacosta, Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira vez que profesionais do audiovisual galego apuntan plaxios por parte de directivos da extinta CRTVG, agora CSAG, na hora de presentar proxectos de futuros programas para a televisión galega.

Ben é certo que dado o obscurantismo e a falta de transparencia coa que vense realizando a programación da galega, son moitos os profesionais que desestimaron presentar proxectos tanto á CSAG como ás produtoras que traballan para o ente televisivo.

Estes días vimos de coñecer a situación de Ibon Uzkudon, un produtor vasco que no ano 2009 presentoulle a directora responsable do área naquel entón, Rosa Vilas, un programa xa realizado na televisión vasca baixo o título de *Jai Giro*. O programa que viña funcionando no País Vasco era un modelo moi concreto con características moi particulares e con unha factura e dinámica que falaba da súa singularidade e mesmo era presentado polo propio Ibon.

A responsable da televisión mostroulle o seu interese en realizar na galega o mesmo programa que Ibon lle presentou, do cal el era presentador e produtor. Acordou que chamarían ao produtor en breve para pechar a colaboración. A partir de aí comeza unha historia na que, pasados uns meses, a familia galega

Asinado o día 24/10/2025 ás 15:52
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 24/10/2025 ás 15:52
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131762

28071 Madrid

Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37632
Data envío: 24/10/2025 15:56:32.817

de Ibon chámalo pensando que é el mesmo o que está a presentar o programa *Vaia Troula* que é un calco exacto de *Jai Giro*. Mesmo o presentador que poñen ao fronte está caracterizado igual que Ibón, e coa mesma impronta en pantalla.

Uzkudon presentou unha demanda por “apropiación dos dereitos de propiedade intelectual” contra a televisión pública galega que a día de hoxe está pendente de resolución pola Audiencia Provincial de A Coruña.

Ante o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar un proceso de investigación dentro da propia CSAG para analizar cal é o protocolo e procedemento para a presentación de proxectos audiovisuais.
2. Que se dirixa á CSAG a crear un “portal de rexistro” dos proxectos que produtores independentes, creadores etc. fagan chegar á propia CSAG para o seu posible desenvolvemento.

Santiago de Compostela, a 24 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

131763

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 24/10/2025 15:52:45

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/10/2025 15:52:51

Patricia Iglesias Rey na data 24/10/2025 15:52:58

Paloma Castro Rey na data 24/10/2025 15:53:05

José Ramón Gómez Besteiro na data 24/10/2025 15:53:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37632
Data envío: 24/10/2025 15:56:32.817



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 15:56:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37632
Data envío: 24/10/2025 15:56:32.817

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia.

A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

O CEIP de Prácticas López Ferreiro de Santiago de Compostela, centro de referencia na cidade e recoñecido pola súa traxectoria innovadora e inclusiva — Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global, Premio de Innovación Educativa en Dinamización Lingüística e 3º Premio Innovagal—, atópase nunha situación de insuficiencia de recursos humanos para garantir unha atención adecuada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Segundo o informe do propio Departamento de Orientación, aprobado en Claustro e Consello Escolar, o centro conta cun volume de alumnado que require atención especializada en Audición e Linguaxe moi superior ao que pode asumir



a única especialista dispoñible. Esta situación obriga a reducir o tempo e a frecuencia das sesións, que deixan de ser individualizadas e personalizadas, producindo unha evidente merma na calidade da atención educativa prestada.

Esta situación, denunciada pola dirección do centro e pola ANPA, dificulta gravemente a atención á diversidade, incumpre o principio de equidade e fai imposible garantir o dereito á inclusión educativa e ao progreso individual do alumnado.

As familias e o profesorado advertiron, ademais, que esta carencia repercute directamente na dinámica organizativa do centro e no benestar emocional e social do alumnado. A denegación da praza de AL solicitada pola dirección e avalada polos informes educativos non se axusta á realidade das necesidades detectadas.

A educación inclusiva require incrementar os recursos humanos nos centros ordinarios, especialmente en profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, en función das necesidades reais e baseadas en informes técnicos. A atención á diversidade non pode depender de decisións administrativas ou políticas, senón das necesidades do alumnado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar de maneira inmediata un/unha profesor/a máis de Audición e Linguaxe (AL) no CEIP de Prácticas López Ferreiro de Santiago de Compostela, tal e como demanda a comunidade educativa, co obxectivo de garantir unha atención educativa axeitada e inclusiva ao alumnado con necesidades específicas.

Santiago de Compostela, a 27 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/10/2025 16:09:20

Patricia Iglesias Rey na data 27/10/2025 16:09:26

Silvia Longueira Castro na data 27/10/2025 16:09:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/10/2025 16:09:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37667
Data envío: 27/10/2025 16:15:02.867

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37667
Data envío: 27/10/2025 16:15:02.867

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 16:15:03

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, María Felisa Rodríguez Carrera, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Julio García Comesaña, Raúl Santamaría González, José Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo e Víctor Baladrón Lamas** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

O presidente da Xunta de Galicia vén de anunciar unha nova liña de axudas para o alumnado que empregue comedores xestionados polas ANPAS, os concellos e os centros concertados. Trátase dunha medida que beneficiará a preto de 20.000 estudantes, que apoiará máis a quen máis o necesita –xa que se adaptará á renda familiar— e que reservará nos Orzamentos de 2026 un investimento de 3M€

Con esta iniciativa, a Xunta cumpre, unha vez máis, cos compromisos adquiridos no programa electoral e continúa ampliando o seu apoio ás familias galegas. Faino, ademais, nun contexto de crecente preocupación polo incremento dos prezos, motivado polo novo Real Decreto 315/2025 sobre alimentación saudable e sostible, aprobado polo Goberno do Estado sen diálogo nin coordinación coas administracións competentes, e que entrará en vigor en abril de 2026. Xa foron moitas as familias que manifestaron a súa preocupación.

Ese Goberno que tanto predica apoiar ás familias mantén unha aportación de 0€ aos comedores escolares e incumpe o seu propio acordo de Goberno con SUMAR, que recollía expresamente a ampliación das axudas de comedores. Por desgracia, non cumprir os compromisos xa é o habitual.

O Goberno galego, pola contra, continúa avanzando no desenvolvemento do programa electoral do Partido Popular apoiado maioritariamente, respondendo con responsabilidade ás necesidades das familias, especialmente aquelas que máis o necesitan. Só nos últimos catro anos ampliáronse as axudas a libros, as de material escolar, púxose en marcha a matrícula universitaria gratuíta e está en marcha a desgravación para a compra de libros e material.





Por iso, é o momento de esixir ao Goberno central que se deixe de anuncios e que axude ás familias mediante o financiamento dos comedores escolares ou, cando menos, que as súas decisións unilaterais non prexudiquen sempre aos mesmos, ás familias.

Cómpre lembrar que actualmente tanto as ANPAS como os concellos xa reciben apoio da Xunta de Galicia a través de diferentes fórmulas para a prestación do servizo de comedor, aínda que ata o de agora as familias usuarias non recibían axudas directas.

Galicia é a comunidade que máis inviste en comedores escolares en proporción á súa poboación: o 10 % do total estatal, malia representar menos do 6 % da poboación española. Cada día a Xunta serve máis de 62.000 menús, o que supón 11 millóns de comidas por curso e un investimento anual de 55M€. Ademais, nos comedores xestionados directamente pola Xunta, as tarifas levan anos conxeladas e están moduladas segundo a renda familiar.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno do Estado que habilite e traslade ás CCAA unha partida específica para o financiamento dos comedores escolares tendo en contra a entrada en vigor o próximo curso do Real Decreto 315/2025 sobre alimentación saudable e sostible, aprobado polo Goberno do Estado sen diálogo nin coordinación cos Gobernos autonómicos e que supón un incremento de prezos para as familias tal e como estas mesmas manifestaron”.

Santiago de Compostela, 23 de outubro 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 27/10/2025 17:11:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:12:49
Nº Rexistro: 37685
Data envío: 27/10/2025 17:12:49.871

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 17:12:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:12:49
Nº Rexistro: 37685
Data envío: 27/10/2025 17:12:49.871

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a precariedade do sistema de protección de menores galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do Sistema de Protección de Menores galego é cada vez máis preocupante, con eivas que afectan de xeito grave tanto aos traballadores e traballadoras deste servizo, sexa cal sexa a área onde se desenvolven profesionalmente, coma aos nenos, nenas e adolescentes usuarios e as súas familias, tanto de orixe coma de acollida, que son as vítimas últimas dun sistema infradotado, tanto de recursos económicos coma humanos.

Esta deriva do servizo de protección provocou queixas recorrentes nos últimos anos que foron transmitidas á Consellería de Política Social, tanto por parte de persoal laboral coma polos seus usuarios/as, denunciando o desleixo cada vez máis intenso co que os menores e familias teñen que convivir na súa vida cotiá, ou as condicións de grave precariedade que os traballadores sofren no seu desenvolvemento laboral.

Malia as constantes reclamacións co obxecto de mellorar o funcionamento do servizo, a Consellería, aínda recoñecendo as dificultades que sofre o sistema, non ten resposta nin ofrece solucións. Esta inacción provoca que se perpetúe a situación de abandono dos menores que precisan axuda, tanto dos que se encontran atendidos coma dos que están agardando polos recursos axeitados, así coma de aqueles que están en

Asinado o día 27/10/2025 ás
17:19
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 27/10/2025 ás
17:19
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primeira liña para prestarlla. Estas dúas partes, a que sostén en pé o servizo e a que o vive en primeira persoa como usuario, vive a diario circunstancias que se poden cualificar coma dramáticas e que poden ser evitadas con vontade política, e que analizamos dende eses dous puntos de vista, como expoñeremos a continuación.

Algunhas das principais dificultades ás que se enfrontan as traballadoras, educadoras e resto de persoal, tanto os que se atopan en centros de protección, de cumprimento de medidas cautelares ou terapéuticas, coma os que están a formar parte das equipas técnicas do menor son:

1. A extrema carga de traballo das equipas técnicas do menor, a elevada responsabilidade e carga emocional, e as condicións laborais precarias, son o inicio de grande parte do deterioro do sistema de protección no seu conxunto, que fan que sexa moi complicado garantir eficacia e calidade nel.

A maioría dos problemas comezan no incumprimento da administración do estipulado na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, onde se especifica que os servizos sociais estarán dotados de medios para levar a cabo a súa función de xeito correcto fronte á violencia exercida sobre as persoas menores de idade, algo que non se está a asegurar por parte da Consellería competente na materia.

Este traballo das equipas debe ser coordinado e especializado, con actuacións e intervencións reflexionadas e responsables, cun seguimento continuado e con traballadoras que sufran o menor cambio posible ao longo do tempo, conferíndolle estabilidade e calidade ás medidas e decisións tomadas sobre os menores e o seu entorno. Para todo iso é imprescindible que as equipas de traballo estean ben dotadas de profesionais e dispoñan de tempo para facer a súa labor con garantías e sen presión, que aseguren un correcto seguimento das medidas, evitando o alongamento innecesario destas, ou o seguimento adecuado das situacións das familias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É aquí onde comezan a maioría dos problemas que se levan arrastrando durante moito tempo no sistema de protección, malia que a administración é perfectamente consciente do grao de desleixo ao que está a someter aos profesionais e que repercute no funcionamento global. Nestes momentos a insuficiencia de medios é moi grave, acompañada doutras denuncias por parte do sector, que ten categorías laborais que non son acordes coa responsabilidade e a especialización que se requiren, sen perfís técnicos nas equipas que garantan un adecuado desempeño profesional e cunha ausencia evidente de acompañamento profesional e formación continua do persoal.

A cantidade de funcións que as equipas técnicas teñen que levar a cabo son moi numerosas e variadas, incluíndo dende entrevistas coas persoas do entorno dos NNA, a procura de recursos para estes nenos e nenas ou a elaboración de informes complexos para fiscalía e rexistro de datos nas plataformas informáticas, función que logo non se traduce na transparencia sobre o sistema que a Consellería, máis coa que as traballadoras se ven constantemente sometidas a presión. Esta carga de traballo administrativo empeora as condicións de saturación do sistema e resta tempo para as funcións naturais das equipas, tendo en conta a maiores que o traballo administrativo non ven recollido no Manual de procedemento de servizos sociais. É evidente que o que se traduce destes feitos é que dende a administración pública non se está a fomentar nin a calidade do emprego nin a estabilidade destas, tratando con desleixo absoluto ás persoas que forman parte do noso sistema de protección e que manteñen este en pé coa súa labor, en moitos casos en detrimento da súa saúde física e mental, por unha cuestión de vocación que as mantén nos seus postos de traballo. Non entanto, en ningún caso debера usarse a responsabilidade e bo facer das traballadoras para sometelas a precariedade, baixas retribucións e sobrecarga laboral, que ten como resultado unha rotación de persoal inasumible polo servizo e que non lle confire a estabilidade necesaria para ser efectivo e funcional e ofrecer unhas condicións laborais dignas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta saturación vai en detrimento da atención adecuada dunha parte da poboación, a infancia, xa de por si vulnerable, e increméntase coa falla de medios noutros ámbitos relacionados, coma son os servizos sociais comunitarios, a atención en saúde mental infantoxuvenil, os xulgados de familia, que aumentan o número de casos que entran no sistema de protección.

2. Insuficiencia crónica de medios e recursos: moitos nenos, nenas e adolescentes non poden acceder ao sistema de protección polas causas anteriores, permanecendo mentres non se inclúen nel en situacións de risco ou desamparo, agardando a que se tomen medidas para mellorar a súa situación. Non coñecemos cantos menores están a vivir esta circunstancia pola falla da atención debida, xa que non existen listas de agarda que nos indiquen un número de rapaces e rapazas que se atopan a diario en situacións de violencia, desatención, negligencia, etc. Dar a coñecer estes datos sería útil para saber a que nos enfrontamos e cales son as principais deficiencias coas que convive o sistema, máis a opacidade é a tónica principal nesta área de Infancia e Familia, ocultando unha grave situación de negligencia por parte da administración.

Unha vez estes menores entran no sistema de protección e decididas as medidas a tomar en cada caso, existen unha serie de eivas que deben corrixirse se queremos ofertarlle a esta infancia vulnerable a oportunidade de ter unha vida o máis normalizada posible, nunhas condicións de atención e coidados que garantan a súa estabilidade e crianza o máis parecidas ao habitual. Dentro dos recursos aos que os menores acceden unha vez incluídos no sistema existen tamén eivas que deben ser resoltas o máis pronto posible e que dan lugar a situacións graves que non se deberan producir nun sistema público de protección. Un dos recursos que acumulan graves incidencias son os centros de menores, sexa cal sexa a súa clasificación.

Moitas das causas dos conflitos e das que logo derivan outros problemas existentes neste recurso de acollemento, son intrínsecas á normativa vixente, neste caso



ao Decreto 329/2005 do 28 de xullo que regula os centros de menores e de atención á infancia. Un decreto obsoleto que non contempla as realidades actuais nin as particularidades de cada neno ou nena, onde as rateos non están actualizadas e a atención especializada non é doada de ofertar co persoal existente.

É practicamente imposible que se poidan realizar as actividades de promoción da igualdade, apoio psicosocial e educativo, traballos en prol da eliminación da discriminación, promoción da saúde ou animación planificada no tempo libre, que se especifican dende a propia Consellería, coa dotación de medios que na actualidade entra dentro da legalidade dos centros de protección de menores.

A atención que se debiera ofertar nestes centros vese minguada, sexa cal sexa a modalidade, no momento en que nas rateos se permite que un só traballador faga a función de atención nocturna nas casas de primeira acollida con 15 nenos ao seu cargo, con 8 NNA nas casas de familia ou con ata 15 ou 25 nenos nenas e adolescentes baixo a súa responsabilidade nas quendas de noite nas minirresindencias e residencias. É evidente que a atención deste conxunto de NNA nesas condicións non é doado nin garante que se poida facer de xeito correcto por parte do persoal, tomando como exemplo o simple feito das emerxencias que se poden dar entre os usuarios en quendas nas que só hai un traballador ao cargo, dos casos de enfermidade ou de conflito, etc. Nas quendas de día pasa exactamente o mesmo, cunha rateo de atención dificilmente asumible por un educador que ten que atender a 15, 10 ou 8 NNA de diferentes idades, necesidades e especial vulnerabilidade. A creación dun vínculo necesario para o correcto desenvolvemento dos menores é comprensiblemente difícil se analizamos o número de rapaces e rapazas coas que traballan os e as educadoras nas institucións, cuxas funcións pouco poden superar as de manter os coidados básicos diarios.

Esta deficiencia no persoal ten especial énfase no caso da atención que se ofrece nos centros de reeducación ou de atención específica, tanto por causas terapéuticas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coma no caso do cumprimento de medidas xudiciais situacións ámbalas dúas que requiren un coidado especial, e onde as rateos que se manexan e permiten por lei non son tampouco as adecuadas segundo os propios educadores ou traballadoras, con 10 NNA en quenda por cada traballador ou traballadora de noite e de 8 ou 4 NNA en horario diúrno, por exemplo. Estes mínimos non contabilizan os casos nos que un educador ten que ausentarse por motivos laborais sen previo aviso, momento no que as rateos se descontrolan e incumpren, sendo habitual estes casos. O mesmo ocorre nas quendas de fin de semana, onde a rotación de persoal por condicións laborais precarias ou pola falla de retribución especial desas horas e a imposibilidade de facerlle fronte as rateos establecidas deixa estes centros en condicións penosas que os menores perciben, asumindo un total abandono da administración cara o seu caso, co que isto implica para eles e para as súas familias.

Non menos importante é a realidade da falla de prazas en centros residenciais que a propia Consellería de Política Social admite dende fai meses e que non resolve por falla de vontade. A administración non ten capacidade real para atender a todas as crianzas que o precisan coas prazas que actualmente temos no país, nin coas aportadas polas entidades privadas que xestionan este servizo, nin coas existentes xestionadas dende a administración pública. A creación de prazas públicas é esencial para garantir a demanda de medios actual, prazas que deberan ser xestionadas pola Xunta de Galiza abandonando o sistema privatizado de atención, que é o que se leva fomentando dende o goberno nos últimos anos, feito que se proba ao analizar os número de centros residenciais e prazas públicas, os mesmo que hai 16 anos.

Non entanto, sendo conscientes de que o recurso dos centros residenciais debe ser un feito temporal, debemos ollar cara o acollemento como parte da solución ao problema da saturación. Neste caso tamén as familias, tanto extensas coma alleas, sofren o abandono e as constantes trabas no desenvolvemento da súa función, baseada en aportarlle aos menores un fogar estable mentres non poden regresar ao seu propio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non se trata só do aumento das contías económicas a percibir como axuda no coidado dos nenos e nenas, que é moito menor que a necesaria para a atención das crianzas, nenos e adolescentes que se atenden en centros residenciais, trátase do tratamento que reciben dende a administración, que se traduce nun menor número de familias na actualidade que no 2010, tomando os datos do 2022, os últimos coñecidos ao respecto.

Todo iso, no seu conxunto, ten como resultado un sistema infradotado, mal xestionado e pouco coidado que ten como vítimas os NNA, a infancia, un dos colectivos sociais máis vulnerables e a quen se desenvolve profesionalmente dentro del. De non tomar medidas ao respecto non só se trata de que non poidamos atender aos nenos e nenas que chegan dende as illas Canarias tras un éxodo migratorio ao que temos que dar resposta de xeito responsable e integrador e que dou lugar a opinións moi reprobables por parte do goberno galego, trátase de que os actuais traballadores do sistema de protección, as familias e os menores que xa están nese sistema, non contarán coas garantías de atención e de desenvolvemento da súa vida e do seu traballo profesional adecuadas, unha irresponsabilidade gravísima da administración galega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Dotar ao sistema de protección de menores dos recursos orzamentarios e persoais precisos para garantir o acceso dos NNA ao servizo, duplicando o número de técnicos nos distintos departamentos territoriais, para o correcto desenvolvemento das labores das equipas técnicas do menor, diminuindo a súa carga de expedientes de xeito notorio e promovendo a estabilidade laboral das equipas, especificando de xeito claro as



súas funcións e eliminando as tarefas propiamente administrativas das súas responsabilidades.

2. Crear novos perfís profesionais nas equipas técnicas, garantindo a súa seguridade xurídica, e recoñecer os niveis axeitados á responsabilidade e especialización das traballadoras e traballadores, revertendo a situación de precariedade laboral que existe no sistema de protección en todas as súas vertentes.

3. Modificar o Decreto 329/2005 do 28 de xullo adaptando as rateos e condicións dos centros de menores de protección, medidas terapéuticas e cumprimento de medidas cautelares á realidade actual da infancia e adolescencia, permitindo unhas condicións laborais dignas ás traballadoras e traballadores e garantindo a correcta atención dos NNA que viven neles.

4. Aumentar o número de prazas públicas de centros residenciais de menores, sexa cal sexa a súa aptitude, garantindo o acceso dos NNA ao recurso preciso en cada momento, promovendo así mesmo o aumento de familias acolledoras colaborando coa súa inclusión no banco de familias para que a permanencia dos menores nos centros sexa a menor posible.

5. Crear un sistema informatizado de acceso dos menores ao sistema de protección, que permita traballar con transparencia e comodidade ás equipas técnicas e aporte información para valorar a capacidade do sistema e a demanda existente, asegurando que ningún neno ou nena está en situación de desamparo e perigo polas súas eivas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 27/10/2025 17:19:35

Olalla Rodil Fernández na data 27/10/2025 17:19:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:21:03
Nº Rexistro: 37696
Data envío: 27/10/2025 17:21:03,594

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:21:03
Nº Rexistro: 37696
Data envío: 27/10/2025 17:21:03,594

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 17:21:04

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:08:12
Nº Rexistro: 37716
Data envío: 28/10/2025 13:08:12.158

Asinado o día 28/10/25
13:06
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª**.

Nos últimos anos o sector marisqueiro galego vén alertando da presenza crecente da ouxa (*Myliobatis aquila*) nas rías galegas, especialmente nas de Pontevedra e Arousa.

Trátase dunha especie depredadora de bivalvos —ameixas, berberechos, navallas e outros moluscos— que está a provocar perdas económicas significativas e serios prexuízos nos bancos marisqueiros.

A preocupación do sector levou o pasado mes de febreiro de 2025 á celebración de xornadas para expoñer o programa “Sol-Ouxa I”, organizadas pola Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra coa colaboración do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), o CETMAR e a Consellería do Mar, co obxectivo de analizar o impacto da especie e establecer liñas de actuación e investigación.

Hai uns días a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro anunciou en sede parlamentaria a posta en marcha do programa “Sol-Ouxa II”.

Non obstante, a día de hoxe o Parlamento de Galicia non dispón dun informe oficial e actualizado sobre o resultado das investigacións desenvolvidas, nin sobre as medidas de control, mitigación ou seguimento que a Consellería do Mar teña previsto aplicar.

Asinado o día 28/10/2025 ás
12:19
Por Carlos López Font

Asinado o día 28/10/2025 ás
12:19
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

131784

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:08:12
Nº Rexistro: 37716
Data envío: 28/10/2025 13:08:12.158

Tendo en conta a importancia socioeconómica do marisqueo a pé e a flote en Galicia, así como a necesidade de que as políticas públicas se baseen en información científica e transparente, resulta imprescindible que o Goberno galego remita ao Parlamento un documento detallado que recolla a situación actual, as conclusións dos estudos realizados e as medidas planificadas ou executadas.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Remitir ao Parlamento de Galicia, no prazo máis breve posible, un informe detallado elaborado pola Consellería do Mar que recolla:

- a) A avaliación da presenza e impacto da especie *Myliobatis aquila* (ouxa) no litoral galego.
- b) As investigacións científicas realizadas polo CIMA, o CETMAR ou outros organismos dependentes da Xunta.
- c) As medidas adoptadas ou previstas para reducir o impacto desta especie nos bancos marisqueiros e na actividade económica do sector.

2. No caso de non existir actualmente un informe completo, elaboralo con carácter urxente e dar conta del ante o Parlamento de Galicia, garantindo a participación do sector marisqueiro e dos centros de investigación implicados.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

131785

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/10/2025 12:19:01

Carlos López Font na data 28/10/2025 12:19:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/10/2025 13:06:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:08:12
Nº Rexistro: 37716
Data envío: 28/10/2025 13:08:12.158

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:08:12
Nº Rexistro: 37716
Data envío: 28/10/2025 13:08:12.158

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 13:08:12

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:29:32
Nº Rexistro: 37727
Data envío: 28/10/2025 13:29:32.020

Asinado o día 28/10/2025 ás 13:26
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

A Policía Autonómica de Galicia, corpo adscrito á Xunta de Galicia e dependente organicamente do Ministerio do Interior, leva anos sufrindo unha progresiva redución dos seus efectivos.

Esta situación está a provocar importantes dificultades para o desenvolvemento das súas funcións, que inclúen, entre outras, tarefas esenciais de seguridade en edificios públicos, protección institucional e apoio a diversos servizos da Administración galega.

Nos últimos anos observouse un progresivo desmantelamento da presenza da Policía Autonómica en dependencias da propia Administración galega, como o complexo administrativo de San Caetano ou mesmo o Parlamento de Galicia, onde o Goberno galego anunciou a inminente substitución deste corpo por servizos privados de seguridade.

Esta decisión non só mingua o papel da Policía Autonómica como instrumento de servizo público, senón que tamén contribúe á perda de experiencia, estabilidade e especialización no ámbito da seguridade institucional da Comunidade Autónoma.

Cómpre lembrar que a ampliación e reforzo dos efectivos da Policía Autonómica require a sinatura dun convenio entre o Estado e a Xunta de Galicia.

Asinado o día 28/10/2025 ás 13:25
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 28/10/2025 ás 13:25
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

131788

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:29:32
Nº Rexistro: 37727
Data envío: 28/10/2025 13:29:32.020

Porén, a negativa da Xunta a subscribir o dito convenio, por non aceptar o principio de cofinanciamento ao 50 % dos custos de persoal, está a impedir a incorporación de novos axentes e, por tanto, o fortalecemento dun corpo que é fundamental para o exercicio das competencias propias de Galicia en materia de seguridade.

A negativa a cofinanciar este servizo público esencial non se pode xustificar cando se trata dun corpo que garante a seguridade de institucións galegas e contribúe á coordinación entre administracións. A situación actual é insostible e require unha resposta inmediata para garantir tanto a continuidade da Policía Autonómica como o mantemento da súa presenza nos edificios públicos e nas tarefas que lle son propias.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer a importancia e o valor da Policía Autonómica adscrita como corpo esencial para a seguridade institucional e a colaboración co Estado no exercicio das súas competencias.
2. Recuperar a presenza da Policía Autonómica en edificios públicos da Xunta de Galicia, incluíndo o complexo administrativo de San Caetano e o Parlamento de Galicia.
3. Iniciar de inmediato as negociacións co Goberno do Estado para a sinatura dun novo convenio de colaboración que permita incrementar o número de efectivos da Policía Autonómica, asumindo o principio de cofinanciamento ao 50 % dos custos, tal e como se aplica noutras comunidades autónomas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

131789

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:29:32
Nº Rexistro: 37727
Data envío: 28/10/2025 13:29:32.020

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal **981.55.15.30**

28071 Madrid

131790

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/10/2025 13:25:48

Patricia Iglesias Rey na data 28/10/2025 13:25:59

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/10/2025 13:26:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:29:32
Nº Rexistro: 37727
Data envío: 28/10/2025 13:29:32.020

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:29:32
Nº Rexistro: 37727
Data envío: 28/10/2025 13:29:32.020

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 13:29:32

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37752
Data envío: 28/10/2025 19:24:12.095

Asinado o día 28/10/2025 ás 19:17
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Valdoviño está a experimentar nos últimos anos un importante crecemento poboacional, especialmente en familias novas con fillos e fillas en idade escolar. Este dinamismo demográfico xa se reflicte no aumento continuado de alumnado tanto no CPI Atios como nos centros rurais agrupados (CRAs) do municipio, que contan cunha elevada demanda e prestixio educativo.

Asinado o día 28/10/2025 ás 19:17
Por Silvia Longueira Castro

Esta evolución confirma a necesidade de planificar o futuro da oferta educativa no municipio, dotándoo dos servizos públicos esenciais que acompañen o seu crecemento. Entre eles, resulta prioritario dispoñer dun Instituto de Educación Secundaria (IES) que permita dar continuidade aos estudos obrigatorios e postobrigatorios da mocidade de Valdoviño, evitando desprazamentos innecesarios a outros concellos como Ferrol, Narón ou Cedeira.

Cada curso, mozos e mozas de Valdoviño deben realizar longos desprazamentos diarios en autobús para cursar ESO, Bacharelato ou Formación Profesional básica, o que supón un esforzo adicional para as familias e unha desigualdade evidente respecto a outros municipios que contan con centros completos de ensino.

Asinado o día 28/10/2025 ás 19:17
Por Aitor Bouza Manso

A creación dun IES en Valdoviño non só melloraría a igualdade de oportunidades e a conciliación familiar, senón que reforzaría a cohesión social e o arraigo da

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

131793



mocidade no seu entorno, ofrecendo unha continuidade natural á traxectoria educativa que comeza no propio CPI Atios. A posibilidade de incorporar unha pequena liña de FP básica reforzaría ademais a orientación profesional e o potencial educativo da comarca.

Neste sentido, o Concello de Valdoviño xa puxo a disposición da Xunta de Galicia unha parcela municipal situada xunto ao CPI Atios, perfectamente cualificada e dotada para acoller o novo centro de secundaria. Esta localización permitiría optimizar recursos, compartir servizos e facilitar a transición educativa entre etapas, garantindo un aproveitamento racional do solo público e unha integración educativa coherente.

Por todo isto, cómpre que a Xunta de Galicia planifique de inmediato a creación dun novo instituto no concello de Valdoviño, como resposta a unha demanda social e educativa xustificada e sostida no tempo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar os trámites necesarios para a construción dun novo IES en Valdoviño, incorporando as partidas correspondentes nos próximos orzamentos da Xunta de Galicia.
2. Garantir a coordinación coa comunidade educativa e co Concello de Valdoviño para definir a súa ubicación e as ensinanzas que impartirá, contemplando tamén a posibilidade de incorporar unha liña de Formación Profesional básica.

Santiago de Compostela, a 28 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 28/10/2025 19:17:22

Silvia Longueira Castro na data 28/10/2025 19:17:29

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/10/2025 19:17:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37752
Data envío: 28/10/2025 19:24:12.095

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37752
Data envío: 28/10/2025 19:24:12.095

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 19:24:12

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Río, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Suárez e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política social e Emprego**.

Exposición de motivos

Segundo o último informe publicado polo Ministerio do Interior no mes de setembro, en Galicia hai 6.161 casos activos de vítimas de violencia de xénero.

Persoas que pola súa especial vulnerabilidade precisan dunha protección maior por parte das Administracións públicas. Protección que o Goberno central demostrou non garantir, xa que ante a noticia dos fallos das pulseiras antimaltrato e o sistema Cometa encargado do seu seguimento primeiro, oculta e tapa o fallo; segundo, unha vez destapado o caso, nega rotundamente as incidencias nas pulseiras e ignora ás vítimas; e terceiro, minimiza e resta importancia ao acontecido falando de incidencias “puntuais”, cando en realidade esas incidencias se prolongaron durante meses poñendo en risco a miles de mulleres.

O máis sorprendente é que estes fallos nas pulseiras xa foran denunciadas previamente polos sindicatos policiais, xuíces de violencia sobre a muller, fiscalías

Asinado o día 29/10/2025 ás
11:39
Por Alberto Pazos Couñago



especializadas, e avogados especializados en violencia de xénero, e ¿que fixo a ministra de igualdade? Ignoralas.

Esta situación tivo consecuencias moi graves tanto na fase de instrución nos xulgados de Violencia sobre a Muller, como na fase de axuízamento, porque provocou unha gran cantidade de sobresementos provisionais ou sentenzas absolutorias.

Pensemos que durante ese tempo, nada se soubo da localización ou da actuación dos investigados cando o feito fora anterior ao 20 de marzo de 2024, o que supón a perda dun elemento probatorio para poder formular acusación naqueles xuízos se, por exemplo, o agresor quebrantaba a orde de afastamento.

Unha situación que dende o Grupo Popular consideramos gravísima.

O Goberno do señor Sánchez demostra, por segunda vez, o que lle importan as mulleres e as vítimas de violencia de xénero. Primeiro aprobando a lei do “Solo si é si” que rebaixou as condenas de miles de agresores sexuais e despois co problema das pulseiras telemáticas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:



- 1.- Realice unha auditoría independente do sistema para avaliar o seu funcionamento e faga pública os seus resultados.
- 2.- Facilite información e documentación que acredite onde foron adquiridas as pulseiras antimaltrato.
- 3.- Confirme si, unha vez o Ministerio foi coñecedor dos fallos nos dispositivos, informou aos grupos da coalición.
- 4.- Requira responsabilidades políticas polo gravísimo fallo cometido que deixou desprotexidas ás mulleres vítimas de violencia de xénero portadoras destes dispositivos”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 29/10/2025 11:39:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 11:39:44
Nº Rexistro: 37774
Data envío: 29/10/2025 11:39:44.904

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 11:39:44
Nº Rexistro: 37774
Data envío: 29/10/2025 11:39:44.904

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 11:39:46

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Suárez e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O pasado mes de marzo, o Tribunal Supremo ordenou ao Executivo central a asumir a acollida dos 1.000 menores chegados a Canarias e que gozan de protección internacional.

Naquel momento, o Tribunal dáballe ao Goberno de Pedro Sánchez un prazo de 10 días para cumprir esta medida. Transcorridos os mesmos, a inacción e o incumprimento do Goberno quedou patente.

Tras máis de sete meses daquela orde, e tras dúas ordes, o Tribunal Supremo fai un novo requirimento ao Goberno para que nun prazo de 15 días asuma a acollida destes menores sen demora e sen escusas.

Trátase do terceiro aviso que o Supremo da ao Goberno central, considerando de inadmisíbel o incumprimento do auto do 25 de marzo.

Asinado o día 29/10/2025 ás
11:55
Por Alberto Pazos Couñago



Chama a atención a desobediencia continuada dun Goberno que desoe as ordes do Alto Tribunal, ao tempo que impón ás comunidades un reparto de acollida obrigatoria baixo a ameaza de que, de non facelo, terían que intervir as forzas e corpos de seguridade do Estado e facer que se cumpra a lexislación.

É importante subliñar a contradición: o mesmo Goberno que non cumpre coa sentenza do Supremo quéixase de que as comunidades non queren acoller aos menores de Canarias.

Esta imposición do Executivo central fixo que moitas comunidades autónomas de distinta cor política, presentaran un recurso de inconstitucionalidade por invasión de competencias autonómicas en materia de protección de menores.

Polo tanto, a situación dos menores migrantes solicitantes de asilo é unha mostra máis da falta de planificación, coordinación e improvisación do Goberno de Sánchez.

—
Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que:



- 1.- Cumpra coa orde do Tribunal Supremo (TS) que lle obriga a acoller a 1.000 menores solicitantes de asilo que se atopan en Canarias.

- 2.- Aporte os recursos necesarios ás comunidades autónomas para a atención de todos estes menores cumprindo así co RD 658/2025 do 22 de xullo, e en consecuencia o Goberno central rectifique o recorte do 75% no financiamento anunciado ás Comunidades Autónomas”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 29/10/2025 11:55:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 11:55:19
Nº Rexistro: 37780
Data envío: 29/10/2025 11:55:19.553

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 11:55:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 11:55:19
Nº Rexistro: 37780
Data envío: 29/10/2025 11:55:19.553

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Galicia marcou o paso a nivel nacional na atención ás persoas diagnosticadas con Esclerose Lateral Amiotrófica, doenza máis coñecida polas súas siglas ELA.

Deste xeito, no ano 2018 Galicia foi pioneira neste ámbito ao crear o Proceso asistencial integrado de Esclerose Lateral Amiotrófica. Ao abeiro deste procedemento de actuación buscou axilizar a atención das persoas con esta enfermidade. Así, establecéronse dúas vías: unha a nivel sanitario, para axilizar o diagnóstico e outra a nivel social coa implementación dunha vía preferente para a valoración da situación de dependencia das persoas con ELA e así poidan acceder a un servizo no menor tempo posible.

E no ano 2023, o Goberno galego volveu demostrar o seu apoio a estas persoas e ás súas familias coa creación dunha nova axuda directa, útil e moi importante para achegarlles un maior apoio. Así, Galicia converteuse na primeira Comunidade en

Asinado o día 29/10/2025 ás
12:05
Por Alberto Pazos Couñago



poñer en marcha esta liña de axudas que foi imitada inmediatamente por outras comunidades autónomas. Unha liña de axudas que se mantén ano a ano.



Trátase dun apoio universal de 12.000 euros ao ano para facer fronte á compra de produtos básicos para o coidado, produtos sanitarios como muletas ou cadeiras de rodas ou para adaptar os seus fogares.

O Goberno galego explicou en moitas ocasións sobre a importancia desta axuda, xa que unha persoa diagnosticada con ELA pasa nun período de tempo moi curto de ser plenamente autónoma a converterse en gran dependente, con todo o que isto significa.

A Xunta destina este ano a estas axudas un orzamento de 3 millóns de euros. E faino en solitario.

E dicimos que o fai en solitario porque un ano despois da entrada en vigor da lei ELA a nivel estatal, a normativa segue sen vir acompañada de financiamento. E como consecuencia, os enfermos seguen sen percibir as axudas prometidas nesta lexislación estatal.

O Goberno galego xa advertiu en repetidas ocasións que a Lei ELA sen financiamento por parte do Goberno central se queda nunha simple declaración de intencións que en nada mellora a situación das persoas que padecen esta doenza e dos seus familiares.

A obriga das Administracións públicas é atender ás necesidades que se lle presentan aos cidadáns e demostrar a súa sensibilidade ante situacións tan difíciles como as que atravesan os pacientes con ELA. E iso é que fai o Goberno galego.



Fai uns días, o Goberno de Pedro Sánchez sorprendeunos cun novo decreto lei anunciando a aprobación de 500 millóns de euros para reforzar o Sistema de Atención á Dependencia (SAAD) e dar resposta á lei ELA.



Unha partida de 500 millóns que se descoñece se se van a materializar, xa que os doentes aínda están esperando polo paquete de 10 millóns de euros anunciado este mesmo verán.

Ademais, o anuncio tamén incorpora a creación dun grao III+ de dependencia extrema para as persoas con ELA, cando en Galicia xa contan con vía preferente e valoración automática do grao máximo de dependencia. Ademais, dado que o estado da enfermidade se atopa en estado avanzado e teñen dependencia completa, os coidados que precisan xa non só asistenciais - a atención a estes enfermos é domiciliaria e hospitalaria, precisando axuda de asistente persoal, axuda a domicilio...- senón tamén sanitarios.

Polo tanto, ese fondo de 500 millóns de euros demostra ser totalmente insuficiente e ademais carga ás comunidades autónomas co financiamento do 50% do custo.

Recordemos unha vez máis, que a Lei de Dependencia obriga ao Estado ao cofinanciamento do 50% neste eido, sen embargo a realidade demostra non só que o incumpre senón que a reduce ano tras ano.

Por este motivo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España:

1.- Que asigne unha dotación orzamentaria suficiente e específica para facer efectivos de maneira inmediata os dereitos recoñecidos pola lei.





2.- Que a aplicación desta lei teña carácter retroactivo desde a súa entrada en vigor para que todas as persoas afectadas poidan beneficiarse das súas medidas de apoio”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 29/10/2025 12:05:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:05:24
Nº Rexistro: 37784
Data envío: 29/10/2025 12:05:24.592

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 12:05:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:05:24
Nº Rexistro: 37784
Data envío: 29/10/2025 12:05:24.592

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:18:08
Nº Rexistro: 37789
Data envío: 29/10/2025 12:18:08,128

Asinado o día 29/10/2025
12:15
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

O servizo de asistencia xurídica gratuíta, coñecido como quenda de oficio, constitúe un servizo público esencial que garante o acceso efectivo á tutela xudicial e á igualdade ante a lei das persoas con menos recursos.

A xestión deste servizo recae directamente nos colexios da avogacía galega, coordinados polo Consello da Avogacía Galega, que asumen funcións fundamentais como a organización das quendas, a verificación e tramitación de solicitudes, o control das designacións, a xestión de pagos e o seguimento administrativo das actuacións profesionais.

Esta actividade administrativa require unha estrutura técnica, recursos humanos e medios materiais estables, sen os cales non sería posible garantir o funcionamento ordinario do servizo nin a súa cobertura territorial.

Porén, a achega económica que a Xunta de Galicia destina á compensación destes custos leva anos conxelada e resulta claramente insuficiente, xa que apenas cobre arredor do 8 % do gasto real xustificado polos colexios profesionais.

Isto obriga ás corporacións colexiais a asumir co seu propio orzamento o 92 % restante, o que supón un importante esforzo económico e organizativo que non lles corresponde asumir, tratándose dun servizo público financiado e promovido pola Administración autonómica.

Asinado o día 29/10/2025 ás
12:14
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 29/10/2025 ás
12:14
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

131815

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-ozSbwz3M3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:18:08
Nº Rexistro: 37789
Data envío: 29/10/2025 12:18:08.128

Esta situación está a xerar tensións financeiras e dificultades na xestión, ao tempo que desincentiva o mantemento de persoal especializado e a modernización das ferramentas administrativas necesarias para un servizo de calidade.

Por todo o anterior, considérase imprescindible revisar e actualizar a achega económica da Xunta de Galicia aos colexios da avogacía, garantindo unha compensación suficiente, acorde co custo real da xestión do servizo e co incremento da demanda e da carga de traballo rexistrada nos últimos anos.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a revisar e actualizar a achega económica da Xunta de Galicia aos colexios da avogacía, garantindo unha compensación suficiente, acorde co custo real da xestión do servizo e co incremento da demanda e da carga de traballo rexistrada nos últimos anos.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131816

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/10/2025 12:14:45

Patricia Iglesias Rey na data 29/10/2025 12:14:55

José Ramón Gómez Besteiro na data 29/10/2025 12:15:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:18:08
Nº Rexistro: 37789
Data envío: 29/10/2025 12:18:08.128

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 12:18:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:18:08
Nº Rexistro: 37789
Data envío: 29/10/2025 12:18:08,128

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre as escolas infantís de 0 a 3 anos privadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As condicións laborais e salariais dos traballadores e traballadoras de parte do sector dos coidados motivan a folga convocada para o próximo 6 de novembro deste presente ano, que xuntará dentro da mesma mobilización ao persoal que desenvolve a súa función nos centros residenciais de menores, nos centros de persoas con discapacidade e nas escolas infantís do país. Demandan, entre outras melloras, a creación dun convenio galego que garanta un salario adecuado aos profesionais, que se rexen na actualidade por un convenio estatal.

Malia tratarse dun servizo que atende a unha parte vulnerable da poboación, na maioría dos casos o persoal traballador dependente de empresas privadas nas que se externaliza dito servizo, por unha carencia de oferta pública que o preste. Este persoal é vítima dunhas condicións laborais de grave precarización que se evidencian, por exemplo, nas súas remuneracións, que apenas chegan ao salario mínimo interprofesional, feito nada doado de comprender tendo en conta que estes profesionais están a atender a persoas con discapacidade, menores do sistema de protección e crianzas de 0-3 anos.

Neste último caso, as traballadoras das escolas infantís privadas, na maior parte mulleres, están a levar a cabo unha función imprescindible na nosa sociedade, tanto

Asinado o día 29/10/2025 ás
13:47
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 29/10/2025 ás
13:47
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asistencial coma educativa, a través da súa atención ás crianzas. Porén, este feito non implica que as súas condicións laborais e salariais sexan as adecuadas, habendo grandes diferenzas segundo a entidade na que traballen realizando as mesmas labores, ou segundo a categoría profesional pola que son contratadas malia non corresponderse coas súas atribucións, todo elo financiado de xeito público.

Non menos importante é insistir en que as empresas privadas que participan na gratuidade promovida pola Xunta de Galiza na educación 0-3, reciben unha maior remuneración por praza que no caso das escolas infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, pola AGSS, polas escolas de xestión municipal ou polos puntos de atención á infancia. Malia ter un maior financiamento por praza, nalgúns casos unha diferenza do triplo con respecto das escolas públicas, isto non repercute nas traballadoras nin nas súas condicións e que rematan afectándolle a elas en primeira instancia e nos nenos, nenas e as súas familias despois.

Este é un dos principais motivos polos que a actuación da Consellería de Política social nos parece inadecuada xa que, aínda que este servizo de escolarización infantil se está prestando en moitos casos a través de empresas privadas, o financiamento corre a cargo da Xunta de Galiza cos cartos de todas e todos os galegos, polo que se debora velar por garantir condicións dignas de traballo nestas empresas fornecedoras.

A irresponsabilidade da Xunta nesta situación é dobre, xa que nin controla de xeito estrito como se trata ao persoal nun servizo que ela mesma sufraga, nin abastece de recursos suficientes o noso sistema público de escolas infantís, cuxas prazas son claramente insuficientes para atender a demanda que existe por parte das familias galegas.

Non é menos importante poñer o foco no decreto que regula os centros de atención á infancia, o 329/2005 do 28 de xullo, un decreto obsoleto que non se adapta ás necesidades actuais das crianzas e da lugar a unha infradotación de persoal nas escolas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

infantís, sexan do carácter que sexan. Ao revisar as rateos especificadas na normativa vixente, polas que as traballadoras están tamén preocupadas, en moitos casos por motivos de seguridade, é doado comprender a complexa situación á que estas persoas se enfrontan decote. Que a proporción de adultos por neno continúe a ser a mesma que hai 20 anos non é de recibo, cun adulto por cada 8 nenos e nenas nas unidades de menores dun ano, un adulto cada 13 crianzas nas unidades de 1 a 2 anos ou un adulto por cada 20 menores nas unidades de 2 a 3 anos, con educadores que teñen que facer outras labores que restan tempo de atención educativa, tales coma a de encargarse do xantar, por exemplo.

É evidente que as rateos non son realistas se se pretende dar un servizo máis aló do asistencial e da conciliación, que é o obxecto das escolas infantís, ofertar tamén un proxecto educativo, cuxo desenvolvemento require de tempo e medios para levalo a cabo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Atender de xeito inmediato ás traballadoras das escolas infantís, cuxas condicións laborais e salariais son precarias malia levar a cabo un servizo externalizado que depende da Consellería de Política Social e esta mesma financia, traballando en prol da unificación das táboas salariais.

2. Modificar o decreto 329/2005 do 28 de xullo que regula os centros de atención á infancia, adaptándoo á realidade actual, mellorando a atención das crianzas e garantindo unhas condicións laborais dignas para as traballadoras que o sosteñen,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

modificando, entre outros, o artigo 27 apartado 2, relativo ás rateos de persoal por crianza atendida.

3. Impulsar un Convenio Galego de escolas infantís 0-3.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 29/10/2025 13:47:12

Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2025 13:47:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 13:48:56
Nº Rexistro: 37803
Data envío: 29/10/2025 13:48:56.315

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 13:48:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 13:48:56
Nº Rexistro: 37803
Data envío: 29/10/2025 13:48:56.315

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre o uso da lingua galega por parte da inspección educativa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Normalización Lingüística dispón:

- Artigo 12. 1: “O galego, como lingua propia de Galiza, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos”.

- Artigo 13.2, “As Autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino”.

Alén diso, no artigo 6.3, dispón: “Os poderes públicos de Galiza promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns”.

O Decreto do plurilingüismo dispón, no seu Artigo 3:

- “1. Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentárase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente”.



- 3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega establece, ademais, estas tres estratexias:

“Oferta positiva. Consiste na adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a persoa que representa a Administración ou a empresa, e o cidadán ou o cliente. Fronte ao hoxe habitual (co descoñecido en castelán), quen atende o cliente ou o cidadán inicia o contacto en lingua galega e mantense nela mentres o interlocutor non amose indicios de que prefire comunicarse noutra lingua. A Oferta positiva desinhibe o galego do interlocutor, permítelle saír da ocultación, facilita que a conversa poida continuar nesa lingua, se o cidadán ou o cliente o desexa, e elimina de raíz a barreira rutineira pola que un cliente ou un cidadán lle oculta o seu galego a todo aquel que aparece revestido de máis poder (administrativo ou comercial) ou autoridade. No caso de relacións administrativas, implica que todo tipo de formularios, instancias e documentación que teña que cubrir o demandante dun servizo se lle ofrezan de partida en galego.

Oferta informativa. Consiste en informar da validez, legalidade e mesmo conveniencia de redactar en galego un documento, no momento de iniciar calquera trámite oficial ou comercial. É a forma que adopta a Oferta positiva no caso dos



notarios, avogados e procuradores e de calquera persoa representante dun poder público. É un dos obxectivos básicos deste PNL.

Cortesía. Tanto a Oferta positiva coma a Oferta informativa son fundamentais para quen actúe en nome da Administración e sería de desexar que se estendese no mundo comercial máis formalizado, como expresión de cortesía co cidadán ou co cliente e do respecto que este merece”.

Entre os obxectivos para a área de Ensino, o Plan Xeral inclúe:

“Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa”.

A inspección educativa non sempre cumpre con esta normativa que lle afecta directamente, polo que se fai preciso que a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional emita as instrucións correspondentes e tome as medidas que correspondan, cando sexa o caso.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas que correspondan para que a inspección educativa cumpra coa normativa en materia de lingua e, en caso de incumprimento, tomar as medidas que correspondan”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 29/10/2025 17:27:40

Mercedes Queixas Zas na data 29/10/2025 17:27:47

Daniel Castro García na data 29/10/2025 17:27:54

Ana Pontón Mondelo na data 29/10/2025 17:28:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 17:29:44
Nº Rexistro: 37812
Data envío: 29/10/2025 17:29:44.705

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 17:29:44
Nº Rexistro: 37812
Data envío: 29/10/2025 17:29:44.705

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 17:29:45

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 17:57:46
Nº Rexistro: 37821
Data envío: 29/10/2025 17:57:46,339

Asinado o día 29/10/2025 ás 17:56
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Iria Taibo Corsanego** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as necesidades en relación coa seguridade viaria na Avenida Salvador Allende, na parroquia de Nós (Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza acaba de reducir a velocidade da Avenida Salvador Allende, na parroquia de Nós, en Oleiros, desde A Veiga até Os Vilarés, de 70 a 50 km/hora. Por este motivo, na actualidade non existe ningún impedimento para pintar os pasos de peóns que reclaman tanto a Asociación de Veciños Os Rueiros e as comunidades educativas do CEIP Juana de Vega e do IES Miraflores, ademais do Concello de Oleiros, en varios puntos desta vía.

Tanto os veciños e veciñas que viven a ambos os lados desta estrada de titularidade autonómica como a comunidade educativa destes dous centros de ensino precisan que o goberno galego mellore a seguridade viaria nesta zona, tanto para os desprazamentos a pé como para o uso do transporte público.

Favorecer este tipo de desprazamentos, e aínda máis facelo de xeito seguro, debe ser unha prioridade do goberno galego, polo que entendemos, tendo en conta que non parece que exista ningún impedimento técnico para facelo, que se debe acometer esta actuación canto antes.

Asinado o día 29/10/2025 ás 17:56
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 29/10/2025 ás 17:56
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a pintar pasos de peóns co obxectivo de mellorar a seguridade viaria na Avenida Salvador Allende, da parroquia de Nós, no Concello de Oleiros, que é de titularidade autonómica”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 29/10/2025 17:56:19

Luis Bará Torres na data 29/10/2025 17:56:38

Paulo Ríos Santomé na data 29/10/2025 17:56:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 17:57:46
Nº Rexistro: 37821
Data envío: 29/10/2025 17:57:46,339

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 17:57:46
Nº Rexistro: 37821
Data envío: 29/10/2025 17:57:46,339

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 17:57:47

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Goberno de España decidiu tramitar pola vía de urxencia a reforma do rexistro horario, coa intención de implantar, a partir de 2026, un sistema dixital obrigatorio e accesible en tempo real para os traballadores, os seus representantes e a Inspección de Traballo. Este modelo elimina definitivamente o soporte en papel e introduce novas obrigas de control, almacenamento de datos, seguridade, trazabilidade e interoperabilidade.

Aínda que a modernización e a transparencia nas relacións laborais son obxectivos compartidos, estamos en desacordo co feito de que se estea impulsando **sen diálogo real nin cos axentes sociais nin coas comunidades autónomas**, sen xustificar a urxencia normativa e sen valorar o impacto económico e técnico que terá sobre quen debe aplicala.

Cómpre lembrar que o tecido produtivo galego —e boa parte do español— está formado maioritariamente por pemes e persoas traballadoras autónomas con empregados, moitas delas situadas en contornas rurais ou con limitacións de conectividade. Os mesmos profesionais que na actualidade están a soportar tamén elevadas cargas fiscais e burocráticas: incremento continuado das cotizacións sociais, máis obrigas en materia de igualdade, prevención de riscos, protección de datos, facturación electrónica, sustentabilidade ambiental e unha enorme presión normativa por parte do Goberno central.

Asinado o día 30/10/2025 ás
10:03
Por Alberto Pazos Couñago





No caso que nos ocupa, un sistema de rexistro horario dixital, remoto e accesible en tempo real, sen axudas nin acompañamento técnico, suporá nestes momentos unha carga adicional que dificulta a competitividade, desincentivará o emprendemento e penalizará a quen crea emprego.



Porque non se trata só de “marcar a entrada e saída”, senón de garantir software homologado, seguridade nos datos, conservación durante catro anos, acceso telemático para a Inspección de Traballo e adaptación de protocolos internos.

A Xunta de Galicia, como outras administracións autonómicas, xa advertiu carencias importantes no proxecto normativo: ausencia dun estudo económico realista, falta de mecanismos de apoio ás empresas máis pequenas, ausencia de diálogo institucional e unha entrada en vigor precipitada.

Desde o Grupo Popular defendemos que a dixitalización é necesaria, pero debe facerse con consenso, con seguridade xurídica e sen afogar aos que sosteñen o emprego.

Por este motivo e en base ao exposto o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

- 1.- Habilite liñas de axudas económicas e de asistencia técnica para autónomos, pequenas e medianas empresas que teñan que adaptarse ao novo sistema dixital de rexistro horario.
- 2.- Inclúa ás comunidades autónomas e aos axentes sociais no proceso de elaboración e implantación do decreto, garantindo un marco pactado, realista e respectuoso coas competencias autonómicas e coa negociación colectiva.
- 3.- Axuste a entrada en vigor da norma ao disposto no artigo 23 da Lei 50/1997, de maneira que se fixe a súa aplicación o 1 de xaneiro ou o 1 de xullo posteriores á súa publicación, garantindo un período suficiente de adaptación”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:03:19
Nº Rexistro: 37832
Data envío: 30/10/2025 10:03:19.055

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 10:03:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:03:19
Nº Rexistro: 37832
Data envío: 30/10/2025 10:03:19.055

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 10:03:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:03:19
Nº Rexistro: 37832
Data envío: 30/10/2025 10:03:19.055

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:09:52
Nº Rexistro: 37836
Data envío: 30/10/2025 10:09:52.674

Asinado o día 30/10/2025 ás 10:07
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas**, **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o compromiso da Xunta coa posta en marcha de accións centradas no sector do libro galego en 2026.

Asinado o día 30/10/2025 ás 10:07
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos a literatura galega tense convertido nunha das nosas expresións culturais máis recoñecidas dentro e fóra de Galiza e unha das plataformas de internacionalización cultural, lingüística e identitaria de maior proxección.

No entanto, a representación do sector do libro galego non ten correspondencia coa política cultural da Xunta, tal e como se pode comprobar no progresivo decrecemento nos exercicios orzamentarios do goberno do Partido Popular, que volve repetirse no proxecto de orzamentos para 2026.

A incapacidade para aprobar, de forma participada e consensuada co sector do libro galego, o tan anunciado como inexistente Plan de fomento da lectura, conforme o regulado na Lei do libro e da lectura na Disposición adicional primeira, é boa proba da ausencia de calquera estratexia que aspire a converter o libro galego nun eixo social, económico e cultural.

Tan incomprensíbel resulta nos axentes do libro e da lectura de Galiza a renuncia explícita da Xunta, ao longo dos 16 anos de goberno do PP, a desenvolver o Plan de fomento da lectura pendente como o anuncio feito polo Director xeral de cultura na

Asinado o día 30/10/2025 ás 10:07
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Comisión 4ª do pasado mes de marzo de Lemos+. Un Plan para a dinamización da lectura en Galiza.

Unha nova completamente descoñecida até ese momento polos axentes que interveñen no proceso de creación, distribución e difusión do libro galego e que, segundo a Xunta, esta conformado por “máis de 100 medidas e un investimento de 32 M€, no que se recollen os eixes e as liñas estratéxicas a seguir ata o 2029 co propósito de continuar a incrementar os hábitos lectores na Comunidade, nun momento no que Galicia rexistra uns índices superiores á media nacional, situándose no seu mellor momento histórico”.

Un Plan que, curiosamente, mentres di o goberno da Xunta que “se centra en potenciar as conexións entre o conxunto de axentes do ecosistema do libro e no apoio directo a este sector”, o mesmo sector declárase descoñecedor do mesmo.

Por outra banda, a proposta de orzamentos que está a tramitar o PP no Parlamento segue a escalada de baixada nos investimentos para o ecosistema do libro galego, unha decisión política inexplicábel cando a creación literaria galega está nun momento de máximo nivel creativo e de recoñecemento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a consensuar co sector do libro galego un paquete de medidas encamiñadas a reactivar o seu compromiso con este sector económico e cultural fundamental para desenvolver na actual lexislatura.

Asemade, insta a Xunta a presentar, no actual período de sesións, perante o Parlamento, un Plan de fomento da lectura que dea cumprimento á Lei do libro e da





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

lectura de Galiza e sexa resultado dun proceso participativo da comunidade que fai parte do libro galego”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/10/2025 10:07:13

Iria Taibo Corsanego na data 30/10/2025 10:07:21

Daniel Castro García na data 30/10/2025 10:07:30

Ana Pontón Mondelo na data 30/10/2025 10:07:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:09:52
Nº Rexistro: 37836
Data envío: 30/10/2025 10:09:52.674

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 10:09:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:09:52
Nº Rexistro: 37836
Data envío: 30/10/2025 10:09:52.674

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Comunidade Autónoma de Galicia está a cumprir cos principios de estabilidade, responsabilidade e boa xestión pública. A Xunta volverá aprobar en tempo e forma os seus orzamentos para garantir estabilidade, planificación e seguridade ás familias, ás empresas e ás administracións locais, así como para asegurar a continuidade dos servizos públicos, a execución das políticas sociais e o impulso das políticas activas de emprego.

Galicia volve dar exemplo de seriedade institucional e de compromiso cos cidadáns, permitindo que as políticas públicas se poñan en marcha desde o primeiro día do ano 2026, sen atrasos innecesarios e coa certeza de que os recursos están dispoñibles cando fan falta.

Pola contra, o Goberno de España acumula máis de tres anos —máis de mil días— de falta de cumprimento orzamentario, prorrogando as contas do Estado e atrasando a aprobación dos Presupostos Xerais. Esta situación non é neutra nin inocua. Ten consecuencias directas sobre o funcionamento das comunidades autónomas e, moi especialmente, sobre as políticas activas de emprego, que aínda





que son competencia autonómica, dependen en gran medida das transferencias e dos fondos estatais.

A prórroga dos Orzamentos Xerais do Estado implica que Galicia recibe os mesmos recursos que no exercicio anterior, sen actualizar as cantidades ao incremento dos custos dos servizos, da enerxía, do persoal ou das necesidades emerxentes do mercado laboral. Ademais, esas transferencias adoitan con frecuencia a chegar con atraso, xerando incerteza e dificultando a planificación. Esta falta de previsibilidade prexudica ás persoas desempregadas que agardan unha oportunidade, ás empresas que precisan traballadores formados, aos autónomos que buscan apoio para contratar, ou inclusive aos concellos e ás entidades sociais que programan formación, itinerarios de inserción ou servizos de orientación, entre outros.

Os galegos sabemos que é posible gobernar con responsabilidade: aprobar orzamentos, dar seguridade xurídica e económica, planificar con tempo e responder aos retos demográficos e laborais cun modelo serio e realista.

Galicia é unha das comunidades que mellor executa os fondos de emprego e que presenta mellores resultados en inserción laboral, formación e cualificación profesional. Por iso, para manter este nivel de eficacia é imprescindible contar cos recursos que corresponden. Non se trata dun debate partidista, senón dunha cuestión de responsabilidade institucional e de defensa dos intereses dos traballadores, das empresas e das persoas desempregadas de Galicia.

Pero para seguir avanzando é imprescindible que o Goberno de España cumpra coas súas obrigas financeiras e transfira os fondos destinados ás políticas activas de emprego de maneira íntegra, actualizada e puntual. Non pedimos un privilexio,





pedimos xustiza e respecto institucional; pedimos que non se penalice a quen cumpre nin se castigue ás familias galegas por decisións ou inaccións alleas.

Porén, en base ao anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a garantir a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos fondos completos e actualizados destinados ás políticas activas de emprego e á formación, có fin de que a prórroga dos Presupostos Xerais do Estado non prexudique aos cidadáns galegos nin limite a capacidade de planificación da Comunidade Autónoma”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 10:12:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:12:53
Nº Rexistro: 37842
Data envío: 30/10/2025 10:12:53.866

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 10:12:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:12:53
Nº Rexistro: 37842
Data envío: 30/10/2025 10:12:53.866

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O sector pesqueiro galego é un dos piares estratéxicos da nosa economía e do noso modo de vida. Con máis de 4.000 buques, milleiros de tripulantes e unha industria transformadora que xera emprego en toda a costa, Galicia é unha potencia pesqueira europea.

Porén, este liderado enfróntase a un risco evidente: o relevo xeracional. Cada ano, mozos e mozas deixan de incorporarse á pesca debido á falta de incentivos, ás dificultades formativas e á ausencia dunha política estatal adaptada á realidade do mar.

O Partido Popular, a través do senador José Manuel Balseiro, vén de presentar no Senado unha moción que recolle cinco prioridades concretas que o Goberno de España debe asumir con urxencia para garantir o futuro do sector:

- 1.- Reforzar a formación náutico-pesqueira, adaptándoa ás necesidades reais do sector e facilitando a obtención de novos títulos mediante unha maior oferta de formación regradada e dual.
- 2.- Axilizar a homologación de títulos doutros países con convenios internacionais, evitando trabas burocráticas e permitindo o recoñecemento automático en toda a UE.

Asinado o día 30/10/2025 ás
10:34
Por Alberto Pazos Couñago



- 3.- Simplificar e unificar as instrucións operativas e os criterios técnicos que dependen de distintas administracións marítimas, para garantir seguridade xurídica e maior axilidade na toma de decisións.
- 4.- Respetar as particularidades da actividade pesqueira, excluindo a aplicación da redución de xornada laboral prevista para outros sectores, que descoñece a natureza específica da pesca.
- 5.- Revisar o Real Decreto do Goberno central sobre xornadas marítimas, que PSOE e Sumar pretendían aprobar sen ter en conta nin o consenso do sector nin o ditame das comunidades con competencia en pesca.

A Xunta de Galicia leva anos traballando neste mesmo sentido, impulsando formación marítimo-pesqueira adaptada, certificacións profesionais, programas de innovación e políticas activas para atraer talento novo ao mar. É imprescindible que o Goberno de España actúe con coherencia e colaboración, respectando o liderado galego neste ámbito.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Solicitar ao Goberno de España que adopte de maneira urxente as cinco medidas propostas polo PP no Senado para garantir o relevo xeracional no sector pesqueiro.
- 2.- Reforzar a coordinación institucional entre a Xunta e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de xeito que se axilicen as homologacións de títulos e se adapten as certificacións profesionais ás necesidades das empresas galegas.
- 3.- Impulsar campañas de promoción do emprego no mar, dirixidas á mocidade galega, que poñan en valor a importancia económica, cultural e social da pesca.





- 4.- Reclamar ao Goberno central que retire ou modifique calquera norma laboral ou marítima que poña en risco a viabilidade das empresas ou incremente a burocracia administrativa sen mellorar a seguridade nin as condicións dos traballadores”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 10:34:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:34:46
Nº Rexistro: 37844
Data envío: 30/10/2025 10:34:46.839

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 10:34:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:34:46
Nº Rexistro: 37844
Data envío: 30/10/2025 10:34:46.839

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O sector conserveiro galego é un dos piares da economía industrial e exportadora de Galicia e de España. Galicia concentra máis do 80 % da produción nacional de conservas de peixe e marisco, con máis de 11.000 empregos directos e unha facturación que supera os 2.000 millóns de euros anuais.

O seu funcionamento depende en gran medida do aceiro estañado (hojalata), material esencial para a fabricación dos envases metálicos que garanten a calidade, a conservación e a exportación dos produtos.

A recente decisión da Unión Europea de aplicar aranceis ao aceiro importado, nun contexto de tensión comercial global, xera unha grave preocupación no sector conserveiro e nas industrias auxiliares galegas.

Tal e como advertiu a patronal Anfaco-Cecopesca, esta medida podería aumentar significativamente os custos de produción das empresas europeas, poñendo en

Asinado o día 30/10/2025 ás
10:44
Por Alberto Pazos Couñago





desvantaxe competitiva ás plantas de Galicia fronte ás súas rivais de terceiros países, que non estarían suxeitas a eses aranceis.

Segundo as estimacións do sector, o impacto podería supoñer ata 150 millóns de euros anuais de sobrecusto, reducindo marxes, dificultando exportacións e ameazando emprego e investimento.

Galicia, como potencia mundial en transformación e envasado de produtos do mar, non pode asumir en solitario as consecuencias dunha decisión comunitaria que, aínda que pretende corrixir distorsións de mercado, afecta á competitividade dunha industria estratéxica, sostible e exportadora.

Por iso, é necesario que o Goberno de España actúe de maneira inmediata ante a Comisión Europea para reclamar exencións específicas ou medidas compensatorias para o sector conserveiro e as empresas que usan aceiro como materia prima esencial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:





- 1.- Reclamen á Comisión Europea a revisión urxente da aplicación dos aranceis ao aceiro estañado (hojalata), avaliando o seu impacto sobre o sector conserveiro e alimentario galego e europeo.
- 2.- Soliciten a introdución de excepcións ou tipos reducidos de arancel para as empresas que empregan o aceiro como materia prima esencial en procesos de transformación alimentaria.
- 3.- Defendan ante a Unión Europea a adopción de medidas de compensación — fiscais, financeiras ou de apoio á exportación— que permitan ás conserveiras galegas manter a súa competitividade e emprego fronte a terceiros países.
- 4.- Promovan un grupo de traballo permanente entre o Goberno de España, a Xunta de Galicia e ANFACO-Cecopesca, para o seguimento do impacto dos custos enerxéticos, materias primas e medidas comerciais na industria conserveira.
- 5.- Reforcen o apoio institucional e económico ás empresas galegas afectadas, priorizando o acceso a liñas de financiamento, innovación e internacionalización”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 10:44:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:44:55
Nº Rexistro: 37848
Data envío: 30/10/2025 10:44:55.726

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 10:44:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:44:55
Nº Rexistro: 37848
Data envío: 30/10/2025 10:44:55.726

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A frota galega, especialmente a de cerco e arrastre de litoral, é unha das máis afectadas pola decisión do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) de recomendar unha redución do 70 % nas capturas de xarda (*Scomber scombrus*) para 2026.

Esta proposta baséase na caída dos niveis biolóxicos da especie, pero non distingue entre quen cumpre e quen sobrepesca, o que resulta inxusto para as frotas galegas e españolas, que aplican un sistema de xestión sostible e rigoroso.

Ao mesmo tempo, países alleos á Unión Europea como Noruega, Islandia e as Illas Feroe levan anos autoasignándose cotas de xarda sen coordinación nin límites, apropiándose de ata un 39 % máis da media anual de pesca desde 2021, segundo o propio ICES.

Asinado o día 30/10/2025 ás
10:55
Por Alberto Pazos Couñago





Esta situación vulnera o principio de pesca responsable e xestión conxunta e está a causar un grave perxuízo económico e competitivo ás frota comunitarias, en especial ás galegas.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas, anunciou que España pedirá á Comisión Europea que aplique o Regulamento que permite pechar o mercado europeo aos produtos procedentes de países que non respecten os acordos de pesca sostible.

Esta é unha medida necesaria, pero Galicia demanda pasar das palabras aos feitos: a Comisión debe actuar xa e sancionar os incumprimentos de Noruega e outros estados.

A Xunta de Galicia advertiu do impacto brutal que esta redución pode ter sobre o emprego e a economía costeira, con perdas millonarias para os portos galegos e para a industria transformadora, e insiste na necesidade dunha defensa firme e coordinada dos intereses pesqueiros galegos en Bruxelas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de le en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e á Comisión Europea para que:





- 1.- Defendan con firmeza os intereses da flota galega nas negociacións internacionais de repartición de cotas de xarda, esixindo unha distribución xusta e proporcional.
- 2.- Apliquen o Regulamento europeo que permite restrinxir o acceso ao mercado da UE aos produtos pesqueiros procedentes de países que incumpran os acordos de pesca sostible (Noruega, Islandia, Illas Feroe).
- 3.- Reclamen á Comisión Europea que sancione as autoasignacións unilaterais de cotas que poñen en risco a sustentabilidade da especie e distorsionan o mercado.
- 4.- Soliciten á Unión Europea un plan específico de apoio ás flotas galegas afectadas pola redución de cotas, con medidas de compensación económica e apoio á transformación e comercialización.
- 5.- Reforcen a coordinación institucional entre Xunta, Goberno de España e sector, garantindo unha posición común e unificada na defensa da pesca galega ante Bruxelas”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 10:55:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:55:31
Nº Rexistro: 37852
Data envío: 30/10/2025 10:55:31.458

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 10:55:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:55:31
Nº Rexistro: 37852
Data envío: 30/10/2025 10:55:31.458

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A decisión da Comisión Europea de establecer un veto á pesca de fondo en 87 zonas atlánticas, sen base científica suficiente e sen avaliación socioeconómica, supón un golpe directo para Galicia. Ata un 25 % da frota galega resulta afectada, con especial incidencia nas artes de palangre, arrastre e rasco.

A Consellería do Mar, a través da súa titular Marta Villaverde, anunciou no Parlamento galego que a Xunta presentará un recurso de casación ante o Tribunal Xeral da Unión Europea, en defensa dos dereitos da nosa frota e das miles de familias que viven do mar.

Trátase dunha decisión xusta e necesaria, pois este veto baséase en criterios arbitrarios e desproporcionados, sen contar co aval técnico do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) nin co consenso dos Estados membros afectados. Ademais, o procedemento comunitario careceu de diálogo real co sector, vulnerando os principios de boa regulación e de proporcionalidade.

Asinado o día 30/10/2025 ás
11:05
Por Alberto Pazos Couñago





A Xunta de Galicia leva meses alertando do impacto desta medida e traballando nunha defensa institucional coordinada con España e Portugal, á vez que denuncia o recorte do 67 % nos fondos europeos para pesca no novo marco 2028-2034, que podería deixar a Galicia sen 246 millóns de euros adicionais.

Por iso, o Parlamento galego debe manifestar o seu apoio ao recurso da Xunta, reclamar á Comisión Europea que revise e suspenda temporalmente o veto, e instar ao Goberno de España a defender con firmeza a posición galega en Bruxelas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Manter e reforzar a defensa xurídica e institucional fronte ao veto á pesca de fondo, recorrendo ante os tribunais europeos e solicitando a suspensión cautelar das zonas pechadas.
- 2.- Solicitar ao Goberno de España que adopte unha posición firme en Bruxelas e exerza presión política e diplomática ante a Comisión Europea para modificar ou retirar a medida.





- 3.- Reclamar á Comisión Europea e ao Consello da UE unha avaliación científica independente sobre o impacto real da pesca de fondo e a súa compatibilidade cos principios de sustentabilidade e economía azul.
- 4.- Reiterar a oposición de Galicia ao recorte do 67 % dos fondos europeos de pesca (FEMPA 2028-2034), solicitando un marco financeiro que garanta o futuro da frota e do emprego marítimo.
- 5.- Impulsar un plan de apoio e acompañamento ao sector afectado, con medidas específicas de compensación, diversificación e formación para as tripulacións e empresas pesqueiras galegas”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 11:05:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 11:05:34
Nº Rexistro: 37856
Data envío: 30/10/2025 11:05:34.600

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 11:05:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 11:05:34
Nº Rexistro: 37856
Data envío: 30/10/2025 11:05:34.600

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 12:01:28
Nº Rexistro: 37862
Data envío: 30/10/2025 12:01:28.136

Asinado o día 30/10/25
11:59
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a atención médica no concello de Forcarei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da atención sanitaria na comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes vive constantes eivas en todos os concellos, cada un coas súas problemáticas particulares, mais cun factor común, os recortes constantes por parte da Xunta de Galiza cara o noso sistema de saúde público.

Dende a falla de pediatras ou a de outras especialidades, ata o mal estado das instalacións, levan sido obxecto de sendas iniciativas presentadas polo BNG dende a comarca, sen que a situación mellore en ningún dos casos denunciados ate o momento. Nin os concellos de maior tamaño nin os máis pequenos escapan da precarización constante do Servizo Galego de Saúde, que deixa casos coma o especificado a continuación.

Esta pasada semana, varios veciños e veciñas denunciaban a través da prensa local a falla de atención médica no centro de saúde de Forcarei por mor da ausencia de médicos de familia durante o mes de outubro, chegando a non estar presente no centro ningún dos dous que teñen asignados dentro da Área Sanitaria de Pontevedra- O Salnés, con substitucións esporádicas dunha delas.

Á incapacidade temporal dun dos doutores, que polo visto non foi substituído e cuxa praza permanece baleira hai máis de medio ano, sumouse nestes días a que o outro

Asinado o día 30/10/2025 ás
11:58
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 30/10/2025 ás
11:58
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

médico asignado tampouco estivo no centro, algo que pode ocorrer de xeito común en caso de enfermidade ou vacacións, de xeito que os veciños e veciñas denunciaron a desatención sufrida debido a que a praza non se cubriu de xeito continuo. A preocupación veciñal agrávase no caso dos doentes crónicos e das persoas que están a atravesar momentos de saúde delicados e aseguran que esta situación é inédita, obrigando en moitos casos a desprazarse para recibir atención en Cerdedo, co que iso supón para os doentes.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a cubrir de xeito inmediato as prazas de medicina do centro de saúde de Forcarei, garantindo unha atención sanitaria pública de calidade aos veciños e veciñas, substituíndo aos profesionais que non están agora mesmo a prestar atención por diversos motivos.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 30/10/2025 11:58:46

María Montserrat Prado Cores na data 30/10/2025 11:58:57

Olalla Rodil Fernández na data 30/10/2025 11:59:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 12:01:28
Nº Rexistro: 37862
Data envío: 30/10/2025 12:01:28.136

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 12:01:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 12:01:28
Nº Rexistro: 37862
Data envío: 30/10/2025 12:01:28.136

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre os desprendementos na praia do Xunqueiro (Mera, Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na praia do Xunqueiro, todos os anos prodúcense derrubamentos procedentes dos cantís. Estes derrubamentos supoñen un importante perigo, xa que os cantís están ao pé da rúa da Gaivota, que pola súa vez ten varias vivendas unifamiliares á altura da praia.

Na actualidade, a asunción da Xunta de Galiza de parte das competencias do litoral, fai que a situación mudara. En todo caso, a época do ano na que se producen máis choivas está a piques de comezar, e é previsíbel que se desprendan máis materiais, polo que se fai urxente levar a cabo actuacións para protexer a zona e evitar posíbeis accidentes.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- estudar a situación estrutural dos cantís da praia do Xunqueiro;
- levar a cabo as medidas que correspondan para asegurar os cantís da praia do Xunqueiro, en Mera (Oleiros)”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 30/10/2025 12:07:22

Alexandra Fernández Gómez na data 30/10/2025 12:07:32

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 12:07:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 12:08:54
Nº Rexistro: 37866
Data envío: 30/10/2025 12:08:54.144

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 12:08:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 12:08:54
Nº Rexistro: 37866
Data envío: 30/10/2025 12:08:54.144

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:28:58
Nº Rexistro: 37872
Data envío: 30/10/2025 13:28:58,822

Asinado o día 30/10/2025 ás 13:22
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses publicáronse diversas informacións en medios locais da comarca de Bergantiños que poñen de manifesto o mal funcionamento da liña de autobuses Carballo – A Coruña, xestionada pola empresa concesionaria Arriva SL ao abeiro do plan de transporte público da Xunta de Galicia.

Segundo recollen cabeceiras como *Diario de Bergantiños* e *Que pasa na Costa*, moitos dos autobuses directos que parten dende Fisterra ou Muxía chegan a Carballo xa sen prazas dispoñibles, o que obriga ás persoas usuarias que pretenden viaxar dende esta localidade a agardar polo seguinte servizo. O problema agrávase porque o seguinte bus, normalmente, non é directo e tarda o dobre de tempo en completar o traxecto ata A Coruña.

Ademais, diversos usuarios denunciaron situacións irregulares na estación de autobuses da Coruña, onde non se respecta a orde de chegada na cola de embarque e se dá prioridade ás persoas que viaxan até o final da ruta (Fisterra), deixando en terra ás que teñen como destino Carballo. Trátase dunha práctica arbitraria, sen base regulamentaria coñecida, que vulnera o principio de igualdade no acceso a un servizo público e afecta á fiabilidade do transporte.

Asinado o día 30/10/2025 ás 13:22
Por Carlos López Font

Asinado o día 30/10/2025 ás 13:22
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

131878

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:28:58
Nº Rexistro: 37872
Data envío: 30/10/2025 13:28:58.822

Tamén se recollen queixas polo uso de billetes anunciados como “directos” que logo son substituídos por servizos lentos, con múltiples paradas, prolongando un traxecto de apenas 35 quilómetros ata unha hora e media de duración.

Esta situación ten un impacto directo sobre a cidadanía da comarca de Bergantiños:

- dificulta o acceso ao emprego, á educación e aos servizos públicos na cidade da Coruña;
- desincentiva o uso do transporte público fronte ao vehículo privado;
- e frea o desenvolvemento económico e social dunha das zonas máis dinámicas da Costa da Morte.

Por todo o anterior, considérase imprescindible que a Xunta de Galicia actúe con urxencia para garantir un servizo de transporte digno, eficiente e equitativo na liña Carballo–A Coruña.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reforzar de maneira inmediata as frecuencias directas da liña Carballo–A Coruña, especialmente en horas punta, garantindo que existan saídas que partan desde Carballo e dispoñan de prazas suficientes para as persoas usuarias desta localidade.
2. Revisar as condicións da concesión actualmente vixente coa empresa Arriva SL, para asegurar o cumprimento dos principios de equidade e prioridade de acceso por orde de chegada, evitando prácticas discriminatorias.
3. Establecer un protocolo público e transparente que regule o embarque nas estacións de Carballo e A Coruña, garantindo que se respecte a

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal **981.55.15.30**

131879

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:28:58
Nº Rexistro: 37872
Data envío: 30/10/2025 13:28:58,822

orde de chegada das persoas usuarias e impedindo criterios de selección baseados no destino final.

4. Garantir que todos os servizos comercializados como “directos” cumpran o tempo de traxecto comprometido e que ningunha persoa usuaria se vexa obrigada a viaxar nun servizo alternativo máis lento por falta de prazas.
5. Publicar, cunha periodicidade trimestral, un informe con datos sobre frecuencias, prazas dispoñibles, tempos medios de viaxe, incidencias rexistradas e medidas correctoras adoptadas na liña Carballo–A Coruña.

Santiago de Compostela, a 30 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

131880

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/10/2025 13:22:15

Carlos López Font na data 30/10/2025 13:22:21

Aitor Bouza Manso na data 30/10/2025 13:22:27

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/10/2025 13:22:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:28:58
Nº Rexistro: 37872
Data envío: 30/10/2025 13:28:58,822



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 13:28:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:28:58
Nº Rexistro: 37872
Data envío: 30/10/2025 13:28:58,822

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:42
Nº Rexistro: 37878
Data envío: 30/10/2025 13:30:42,689

Asinado o día 30/10/25
13:26
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mobilidade é un dereito básico que garante a igualdade de oportunidades, a cohesión territorial e o desenvolvemento económico. Sen transporte público de calidade, as comarcas rurais sofren un dobre prexuízo: a dependencia obrigatoria do vehículo privado e o abandono institucional que impide fixar poboación e atraer investimentos.

Na Costa da Morte, a situación do transporte público segue a ser un dos grandes impedimentos para o progreso. Exemplos recentes amosan a insuficiencia do servizo:

- No concello de Ames, as liñas metropolitanas de conexión con Santiago rexistran masificación en horas punta, deixando persoas usuarias nas paradas.
- En Camariñas, Fisterra ou Muxía, o transporte escolar non garante horarios nin prazas suficientes, obrigando ao alumnado a desprazarse en condicións inadecuadas.
- A autovía AG-55 continúa sen completar o seu trazado ata Cee, limitando a conectividade da comarca e xerando un agravio comparativo con outras zonas de Galicia.

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:26
Por Carlos López Font

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:26
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

131883

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:42
Nº Rexistro: 37878
Data envío: 30/10/2025 13:30:42,689

O caso máis paradigmático é o da liña Carballo – A Coruña, que debería ser a principal arteria de comunicación da comarca e, porén, funciona en condicións claramente deficientes:

- Moitos autobuses directos que chegan a Carballo desde Fisterra ou Muxía dispoñen xa de poucas ou ningunha praza libre, obrigando ás persoas usuarias de Carballo a esperar por outro bus.
- O seguinte servizo non é directo e tarda o dobre de tempo, convertendo un traxecto de apenas 30 km nunha viaxe longa e ineficiente.
- Na estación de autobuses da Coruña, a empresa concesionaria Arriva SL prioriza o embarque de viaxeiros con destino final en Fisterra, excluindo a usuarios de destinos intermedios como Carballo. Esta práctica arbitraria non conta con cobertura legal, supón un trato desigual e resulta incompatible cun servizo público.

Este modelo non garante equidade nin eficacia, desincentiva o uso do transporte público e converte Carballo, capital económica da Costa da Morte, nun exemplo de como as malas decisións en materia de mobilidade penalizan a toda unha comarca.

En consecuencia, é urxente que a Xunta de Galicia, como autoridade competente en materia de transporte, actúe con decisión para corrixir esta situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131884

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:42
Nº Rexistro: 37878
Data envío: 30/10/2025 13:30:42.689

1. Garantir que todos os autobuses que teñen parada en Carballo dispoñan de prazas suficientes para as persoas usuarias desta localidade, establecendo control efectivo sobre as concesionarias.
2. Revisar e modificar as condicións de explotación da concesión da liña Carballo – A Coruña, prohibindo prácticas arbitrarias no embarque e asegurando o principio de igualdade de acceso ás prazas dispoñibles.
3. Incrementar as frecuencias de servizo directo entre Carballo e A Coruña, especialmente en horas punta, co obxectivo de reducir tempos de viaxe e ofrecer alternativas reais ao vehículo privado.
4. Adaptar os horarios do transporte escolar nas localidades da Costa da Morte (Camariñas, Fisterra, Muxía, etc.) para facelos compatibles cos horarios lectivos e garantir prazas suficientes para todo o alumnado.
5. Executar con carácter urxente a prolongación da autovía da Costa da Morte ata Cee, establecendo un calendario concreto de obras e a súa correspondente dotación orzamentaria, así como medidas de bonificación ou supresión das peaxes da AG-55.

Santiago de Compostela, a 30 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131885

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/10/2025 13:26:22

Carlos López Font na data 30/10/2025 13:26:27

Aitor Bouza Manso na data 30/10/2025 13:26:35

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/10/2025 13:26:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:42
Nº Rexistro: 37878
Data envío: 30/10/2025 13:30:42.689

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 13:30:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:42
Nº Rexistro: 37878
Data envío: 30/10/2025 13:30:42.689

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:41:25
Nº Rexistro: 37884
Data envío: 30/10/2025 13:41:25.693

Asinado o día 30/10/2025
13:36
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero supuxo, desde a súa aprobación en 2017, un avance histórico no compromiso das administracións públicas coa erradicación desta lacra social, coa mellora da protección das vítimas e coa coordinación institucional na loita contra todas as formas de violencia machista.

A Comisión de Seguimento e Avaliación dos Acordos do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero aprobou o 26 de febreiro de 2025 a súa renovación, froito dun amplo acordo político e social que culminou nun novo texto aprobado polo Congreso.

Este novo Pacto de Estado, mellorado e ampliado, recolle 461 medidas, o que supón un incremento substancial respecto das 290 incluídas no pacto orixinal de 2017. Ademais, incorpora importantes novidades en materia de violencia vicaria, económica e dixital, reforzando a protección das vítimas e das e dos menores, e actualizando os dez eixes orixinais con tres novos ámbitos de actuación.

O texto renovado pon unha especial atención nas mulleres do medio rural, nas mulleres maiores, nas mulleres migrantes e nas persoas con discapacidade, incorporando tamén as perspectivas de infancia e xuventude como elementos esenciais na prevención e na resposta integral á violencia de xénero.

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:36
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:36
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131888

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:41:25
Nº Rexistro: 37884
Data envío: 30/10/2025 13:41:25.693

Outro dos avances máis relevantes é o incremento orzamentario, cun 50 % máis de dotación económica, o que se traduce nun compromiso de 1.500 millóns de euros para os próximos cinco anos, co obxectivo de garantir a aplicación efectiva das medidas e a súa coordinación territorial.

En Galicia o último informe do Consello de Contas advirte que a política do Goberno galego en relación coa violencia machista é reactiva, existindo un declive nas políticas de prevención.

O Dirección Xeral de loita contra a violencia de xénero manifestou que: *“Lamentablemente o número de asasinatos e vítimas de violencia de xénero non ten unha relación directa , causa-efecto, coa intensidade das políticas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero”*

Dende o Grupo Socialista amosamos a nosa total discrepancia ao contido destas alegacións entendendo que a prevención a sensibilización e a educación en igualdade son actuacións clave na loita contra o machismo, do que deriva a violencia contra as mulleres, e polo tanto, deben ser liñas políticas estratéxicas e fundamentais.

A violencia de xénero segue sendo unha realidade inaceptable que require do compromiso constante e activo de todas as administracións públicas. Galicia, como comunidade autónoma, debe seguir reforzando os seus mecanismos de prevención, atención e reparación, e asumir con determinación as novas liñas marcadas polo renovado Pacto de Estado.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

131889

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:41:25
Nº Rexistro: 37884
Data envío: 30/10/2025 13:41:25.693

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Reforzar o compromiso institucional e político de Galicia coa loita contra a violencia de xénero, adheríndose de forma expresa aos principios e obxectivos recollidos no novo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero aprobado polo Congreso.
2. Actualizar e mellorar as políticas autonómicas de igualdade e de loita contra a violencia machista, incorporando de maneira efectiva as novas liñas de actuación do Pacto, nomeadamente nas áreas de violencia vicaria, económica e dixital, a través de programas específicos de sensibilización, información, asistencia e formación aos profesionais.
3. Desenvolver programas de protección e asistencia específicos para aquelas mulleres que sofren unha dobre discriminación: mulleres do rural, ás mulleres maiores, ás mulleres migrantes e ás persoas con discapacidade ou menores expostos á violencia.
4. Incrementar os recursos económicos e humanos destinados ás políticas de prevención e atención da violencia de xénero en Galicia, garantindo que o incremento do 50 % na dotación do novo Pacto se traduza nun reforzo real dos servizos autonómicos e locais.
5. Impulsar programas de sensibilización e educación en igualdade dirixidos á infancia e á xuventude, co obxectivo de previr e erradicar as condutas machistas e promover unha sociedade libre de violencias.
6. Mellorar a coordinación entre administracións públicas, forzas de seguridade, servizos sociais, educativos e sanitarios, co fin de garantir unha resposta integral, eficaz e centrada nas vítimas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131890

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:41:25
Nº Rexistro: 37884
Data envío: 30/10/2025 13:41:25.693

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

28071 Madrid

131891

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 30/10/2025 13:36:04

Elena Espinosa Mangana na data 30/10/2025 13:36:22

Silvia Longueira Castro na data 30/10/2025 13:36:30

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/10/2025 13:38:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:41:25
Nº Rexistro: 37884
Data envío: 30/10/2025 13:41:25.693

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 13:41:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:41:25
Nº Rexistro: 37884
Data envío: 30/10/2025 13:41:25.693

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:53:34
Nº Rexistro: 37920
Data envío: 30/10/2025 13:53:34.685

Asinado o día 30/10/2025 ás 13:51
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Iria Taibo Corsanego** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a necesaria concreción das obras de seguridade viaria na estrada AC-400 entre os núcleos de Valiñas e Peiro de Arriba (Culleredo).

Asinado o día 30/10/2025 ás 13:51
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza dos núcleos entre Valiñas e Peiro de Arriba, de Culleredo (das parroquias de Sueiro, Sésamo e Celas) están a reclamar desde hai anos a mellora da seguridade viaria na estrada AC-400 entre estes dous núcleos.

É unha estrada cunha importante densidade de tránsito de vehículos (tanto turismos como camións e bicicletas, por tratarse dunha ruta coñecida polos ciclistas da zona), polo que a falta de beirarrúas resulta perigosa, tanto para os peóns como para os vehículos que circulan por ela. Na meirande parte do trazado, a estrada non ten beiravía, polo que os viandantes teñen que ir a pé polo medio dos carrís da estrada, co conseguinte problema de seguridade. Esta estrada atravesa varios núcleos de poboación, sen que exista ningún camiño alternativo que permita facer o percorrido a pé de xeito máis seguro.

A veciñanza dirixiuse á Valedora do Pobo por este asunto, que lles comunicou que as sendas da AC-400 non foron seleccionadas como prioritarias desde o punto de vista técnico para a primeira fase do Plan de Sendas, e a información sobre a posíbel inclusión desta estrada nunha seguinte fase non é concreta, nin en prazos nin no tipo de obras que se poidan acometer.

Asinado o día 30/10/2025 ás 13:51
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a concretar que medidas ten previsto implantar para mellorar a seguridade viaria, especificamente para os peóns, na estrada AC-400, nas parroquias de Sueiro, Sésamo e Celas, no concello de Culleredo, e en que prazo o vai facer”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 30/10/2025 13:51:04

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 13:51:34

Paulo Ríos Santomé na data 30/10/2025 13:51:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:53:34
Nº Rexistro: 37920
Data envío: 30/10/2025 13:53:34.685

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 13:53:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:53:34
Nº Rexistro: 37920
Data envío: 30/10/2025 13:53:34.685

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a creación dun parque natural e cultural en Castiñeiras-Cotorredondo, nos concellos de Vilaboa e Marín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parque Forestal ou Parque da Natureza de Castiñeiras é un enclave natural creado a mediados do século XX e situado en terreos de Vilaboa e Marín dos que son titulares as comunidades de Montes de Vilaboa (Vilaboa), Santa Cristina de Cobres (Vilaboa), Santo Tomé de Piñeiro (Marín) e San Xián (Marín).

Na actualidade o parque estendese por unha área de 70 ha de superficie repoboada con piñeiros, castiñeiros, bidueiros, carballos e varias especies exóticas, que conforman un xardín botánico de grande interese.

Aínda que ten estes antecedentes históricos e un grande interese ambiental, o Parque da Natureza non se acolle a ningunha figura de protección, o goberno da Xunta desentendeuse da súa xestión e as iniciativas que se desenvolven nesta contorna son promovidas maioritariamente polas comunidades de montes, ben directamente ou en coordinación con outras entidades.

Como consecuencia desta situación, non se fai unha promoción conxunta nin un aproveitamento axeitado (educativo, cultural, social, económico e de lecer) de todas as potencialidades que ten este espazo, que podería ser un auténtico motor de

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:25
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:25
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

desenvolvemento e promoción dunha zona situada estratexicamente entre Pontevedra, O Morrazo e a área de Vigo.

Aínda que non últimos anos se levaron a cabo algunhas melloras, fundamentalmente na conservación da lagoa e na súa contorna, a realidade é que non se está facendo unha axeitada xestión de moitos elementos como os que sinalamos a seguir:

-Existe unha Aula da Natureza que non funciona pola falta de medios e apoio oficial.

-O Xardín Botánico non ten nunha conservación nin unha protección axeitada.

-Non existe unha promoción e divulgación correcta dos valores culturais da contorna, desaproveitando o grande potencial do extraordinario conxunto de mámoas situadas na denominada como “A Chan de Castiñeiras”.

-O miradoiro de Cotorredondo está pechado e non pode ser visitado polo público, perdendo así un importante reclamo turístico.

-A Xunta trasladou o Centro de Recuperación da Fauna Salvaxe a Cerdedo-Cotobade, o que supuxo a perda doutro importante elemento de dinamización.

Se ben nos últimos tempos xurdiron iniciativas de mellora e dinamización desta contorna, a maioría delas foron promovidas polas propias comunidades de montes, ben directamente ou en colaboración con outras entidades e institucións. Un exemplo das potencialidades e aproveitamento do espazo é o proxecto que está a desenvolver a Fundación Xoán XXIII nos terreos que ocupaba o Centro de Recuperación da Fauna Salvaxe, propiedade da Comunidade de Montes de San Xián. Un proxecto denominado Botánico do Lago que comprende actividades sociais, ambientais e de integración sociolaboral que debería contar con un apoio moito maior das institucións públicas.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Máis alá destas iniciativas concretas, bótase de menos un proxecto integral de conservación, protección e dinamización deste gran espazo natural e cultural, que debe ser liderado e impulsado polo goberno galego en colaboración coa Deputación de Pontevedra, os concellos, as comunidades de montes e entidades sociais interesadas na posta en valor do parque.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Liderar un plan integral para a conservación, o mantemento e a dinamización do espazo do Parque da Natureza de Castiñeiras, co obxecto de crear un grande espazo ambiental e cultural, fomentar as actividades culturais, sociais, educativas, turísticas e de lecer, e convertelo nun motor social e económico da súa contorna.
2. Desenvolver este plan en colaboración cos concellos, a Deputación Provincial e as comunidades de montes, procurando a implicación do tecido social da contorna e apoiando especialmente iniciativas de integración sociolaboral como a promovida pola Fundación Xoán XXIII.
3. Dotar unha partida de 250.000 euros no orzamento do ano 2026 para a posta en marcha deste plan e a apertura do miradoiro de Cotorredondo.
4. Estudar a protección deste espazo coa figura legal máis acaída para a preservación dos seus valores naturais e culturais.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 16:25:47

Paulo Ríos Santomé na data 30/10/2025 16:25:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37932
Data envío: 30/10/2025 16:27:45,391

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37932
Data envío: 30/10/2025 16:27:45,391

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 16:27:46

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O 25 de novembro celébrase o Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Trátase dun día no que como sociedade queremos amosar o noso máis profundo rexeitamento a todo tipo de violencia contra as mulleres. Porque a dignidade de cada muller é innegociable: respéctase, protéxese e deféndese, de feito que a sociedade no seu conxunto debe asumir esta máxima e deben ser os poderes públicos os encargados de garantila.

Porque non podemos esquecer que a violencia de xénero é un problema público e social de primeira magnitude, cuxas raíces se atopan na propia estrutura da sociedade, no seu funcionamento e na maneira en que asigna roles a homes e mulleres creando unha desigualdade inaceptable. Deste xeito a violencia contra as mulleres representa un ataque directo ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade, á non discriminación e, en definitiva, á dignidade, todos eles valores irrenunciáveis que proclaman tanto a Constitución Española coma o noso Estatuto de Autonomía. Por iso, temos o deber de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos, algo que concirne de xeito especial ás administracións públicas.

Os datos que coñecemos son pouco alentadores: as agresións sexuais e as violacións non paran de aumentar no conxunto de España, seguen aumentando tamén as vítimas da trata, séguense producindo asasinatos de mulleres a mans das súas parellas ou exparellas, mesmo no caso das mulleres que xa estaban





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:39:51
Nº Rexistro: 37936
Data envío: 30/10/2025 16:39:51.468

dentro do sistema VioGen, e é continuo o goteo de sentenzas con rebaixas de condenas a agresores sexuais e pederastas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A todo isto súmanse os erros producidos no sistema de control de pulseiras antimaltrato (o sistema COMETA), e que supuxeron unha desprotección intolerable para as vítimas.

Porén, debe ser un obxectivo prioritario de gobernos e administracións acadar a eliminación de todas as formas de violencia que aínda hoxe afectan ás mulleres. Para elo, é preciso a implicación e a concienciación da cidadanía, porque a violencia de xénero é un problema de todas e todos e polo tanto entre todas e todos debemos tentar derribar os muros de silencio que aínda a rodean.

De igual xeito tamén as mulleres e a sociedade no seu conxunto precisan de gobernos á altura das circunstancias, que tomen medidas axeitadas para erradicar a violencia de xénero en todas as súas formas.

Apelamos á tolerancia cero cos maltratadores para poñer fin a esta rexeitable lacra e, xunto con toda a cidadanía, colaborar na construción dunha Galicia máis solidaria, máis equilibrada, máis igualitaria e sen discriminación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia acorda:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a:

- a) Promover os recursos, servizos e prestacións existentes a dispor das vítimas de violencia de xénero como as axudas directas periódicas, as axudas para darlles solucións habitacionais, as axudas para a súa inserción laboral do fin de que logren unha plena independencia do seu agresor, atención psicolóxica e a asistencia xurídica gratuíta.
- b) Poñer en marcha o Plan Integral de Actuación para a Renovación e Impulso dos CIM de Galicia do fin de impulsar a súa actividade, optimizar



este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.

- c) Fomentar a ampliación da Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero.
- d) Impulsar as Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia, como instrumentos para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

2º- Instar á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

- a) Impulsar medidas para fortalecer o sistema Viogen2, garantindo a súa eficacia real na protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.
- b) Asumir as responsabilidades ante o gravísimo fallo no sistema de control de pulseiras antimaltrato vinculadas ás ordes de afastamento en procesos de violencia de xénero, denunciado recentemente pola fiscalía.
- c) Realizar unha auditoría independente para coñecer en detalle a dimensión da gravidade do ocorrido no fallo das pulseiras antimaltrato, co obxectivo de depurar responsabilidades, dispoñer de toda a información e evitar que algo así volva suceder no futuro.
- d) Garantir a protección das vítimas de violencia de xénero cuns dispositivos telemáticos seguros, fiables e realmente útiles, que dean información veraz en todo momento, axudando ás mulleres vítimas a superar esa situación con confianza e seguridade, incluídas as mulleres que viven en contornas rurais.
- e) Poñer en marcha todas as medidas sen cumprir do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, especialmente as relativas á modificación



do Código Penal, Lei de Axuizamento Criminal e a aprobación da Lei de trata e a explotación de persoas.

- f) Adoptar medidas concretas para paliar a revitimización de mulleres e menores froito da aplicación da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral de liberdade sexual.
- g) Poñer ao dispor das Comunidades Autónomas -singularmente de Galicia- os recursos necesarios para seguir impulsando plans de prevención e detección dos delitos de violencia de xénero, trata e explotación de seres humanos.

3º.- Reprobar calquera manifestación que vulnere o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes ou se denigre a dignidade das mulleres.

4º.- Reprobar os ataques machistas e discriminatorios exercidos contra calquera muller que exerza responsabilidades públicas e, entre outras, os exercidos pola CIG contra a Conselleira de Política Social e Igualdade, así como os levados a cabo contra a Secretaria Xeral do PPdeG, Paula Prado, por parte do número 4 na listas do BNG ás eleccións europeas, Rogelio Santos Queiruga.”

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 16:39:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:39:51
Nº Rexistro: 37936
Data envío: 30/10/2025 16:39:51.468

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 16:39:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:39:51
Nº Rexistro: 37936
Data envío: 30/10/2025 16:39:51.468

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A violencia de xénero é un dos problemas máis graves e complexos da sociedade actual. Non se trata dun asunto privado, senón un problema estrutural e social que pon de manifesto a discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres. Ademais, atenta contra os dereitos humanos fundamentais como a vida, a dignidade, a integridade, a seguridade, a igualdade e a liberdade.

A violencia de xénero ten graves consecuencias na saúde física e psicolóxica da muller que o sofre e afecta tamén a todo o seu entorno, manifestándose tamén non ámbito laboral.

Actuar ante a violencia de xénero relacionada co ámbito laboral é sempre obrigatorio, pero as empresas tamén desempeñan un papel destacado no compromiso e a loita contra este tipo de violencia, garantindo e protexendo os dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero, aínda que a violencia se exerza no ámbito privado.

Sen prexuízo do anterior, mais do 70 por cento das mulleres que foron asasinadas no noso país non presentaron denuncia, o que significa que esas mulleres si estaban sendo maltratadas pero no se detectou este feito, e que nos obriga a constituír mecanismos ou recursos para tal fin.





A todo isto hai que engadir que calquera persoa en idade laboral pasa mais dun terzo da súa vida no seu centro de traballo. Por todo isto, a empresa converterse nun escenario imprescindible para detectar posibles feitos de violencia de xénero.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que poña en marcha un recurso específico dirixido as empresas có obxecto de axudalas a detectar, acompañar e apoiar cando unha muller está a ser vítima de violencia de xénero.”

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/10/2025 16:48:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:49:03
Nº Rexistro: 37940
Data envío: 30/10/2025 16:49:03.218

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 16:49:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:49:03
Nº Rexistro: 37940
Data envío: 30/10/2025 16:49:03.218

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado e da deputada **Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a aprobación de plans de xestión de cada un dos espazos incluídos na Rede Natura 2000.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sitúase á cola do Estado e de Europa en porcentaxe do territorio amparado e protexido pola Rede Natura 2000. Malia as esixencias da Comisión Europea, os acordos parlamentares e os anuncios da propia Xunta, a realidade é que o goberno galego vetou de facto a ampliación desta Rede de protección ambiental e da biodiversidade pola presión de determinados lobis da industria extractivista.

Por outra parte existe un requirimento por parte da Comisión Europea a respecto da insuficiencia do Plan Director da Rede Natura 2000 como instrumento de xestión dos espazos incluídos na Rede. En sucesivas comunicacións ao Estado español, a Comisión Europea reclamou a necesidade de elaboración e aprobación dun instrumento específico de xestión para cada unha das ZEC e ZEPA incluídas na Rede Natura. Mesmo existe a posibilidade de expedientes de sanción no caso de incumprimento desta obriga.

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:50
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:50
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a aprobar no prazo máximo dun ano os plans de xestión de cada un dos espazos naturais incluídos na Rede Natura 2000.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 16:50:16

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2025 16:50:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:52:05
Nº Rexistro: 37943
Data envío: 30/10/2025 16:52:05,693

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 16:52:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:52:05
Nº Rexistro: 37943
Data envío: 30/10/2025 16:52:05.693

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as denominadas “zonas ben conservadas en estudo”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O visor xeográfico de conservación da natureza do sistema de información xeográfica de Galiza inclúe como “zonas de exclusión” ás denominadas “zonas ben conservadas en estudo.”

Moitas destas zonas albergan hábitats e especies de especial interese ou de interese prioritario e en moitos casos coinciden con zonas propostas en 2008 e 2011 para a ampliación da Rede Natura 2000.

Polo que respecta a áreas como a serra do Suido, a existencia destas “zonas ben conservadas en estudo” foi un argumento de peso para facer informes desfavorables de proxectos industriais eólicos.

A delimitación destas zonas está avalada por informes técnico-científicos mais o goberno galego négase sistematicamente a darlles un estatus de protección acorde coa súa importancia biolóxica e para a biodiversidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a protexer mediante figuras de protección do patrimonio natural e a biodiversidade as zonas de exclusión denominadas `zonas ben conservadas en estudo’.”

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 17:19:00

Alexandra Fernández Gómez na data 30/10/2025 17:19:09

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2025 17:19:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:22:58
Nº Rexistro: 37949
Data envío: 30/10/2025 17:22:58.802

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:23:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:22:58
Nº Rexistro: 37949
Data envío: 30/10/2025 17:22:58.802

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado e da deputada **Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a aprobación do Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego aprobou no mes de febreiro de 2025 a Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas (ORDE do 4 de outubro de 2024 pola que se aproba a Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas).

A Estratexia Galega de Infraestrutura verde establece os seguintes elementos da infraestrutura verde: “En consonancia coa Estratexia da Unión Europea e a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde, así como coas características bioxeográficas e territoriais de Galiza, os elementos da Infraestrutura Verde establécense en 7 categorías. A escala rexional recoñécense: Áreas Núcleo, Corredores Ecolóxicos, Áreas de Amortecemento e Áreas Multifunacionais. A escala subrexional e local, poderían engadirse as Áreas Pronucleares”.

O documento da Estratexia aprobado inclúe un apartado denominado “Programa de Accións” no que se recolle o seguinte compromiso:

“A concreción e desenvolvemento do programa de accións establecerase e adecuarase periodicamente durante o período de vixencia da Estratexia a través do **Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde de Galicia**, no que se

Asinado o día 30/10/2025 ás
17:37
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 30/10/2025 ás
17:37
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

incluíra un cronograma, criterios e indicadores para o seguimento e a avaliación, así como unha estimación de custos e fontes previsibles de financiamento.”

No apartado do programa de accións recóllense accións prioritarias e un cronograma e orzamento:

“Cronograma e estimación económica

6.1.- As accións contempladas no Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde de Galicia, deben incluír unha proxección temporal, así como unha estima de custos e de posibles fontes de financiamento.”

A estas alturas non se coñece nin o citado cronograma nin as consignacións orzamentarias para a implementación e seguimento da Estratexia. E os orzamentos da Xunta para 20026 non inclúen ningunha partida específica para este Plan.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Aprobar no prazo máximo de tres meses o Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas, que detalle as actuacións prioritarias así como o cronograma e a estimación económica dos custos de cada unha.

2. Dotar unha partida económica nos orzamentos de 2026 para a posta en marcha do Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

3. Presentar no Parlamento un informe anual de avaliación do Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 17:37:48

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2025 17:37:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:39:24
Nº Rexistro: 37958
Data envío: 30/10/2025 17:39:24.348

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:39:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:39:24
Nº Rexistro: 37958
Data envío: 30/10/2025 17:39:24.348

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:57:48
Nº Rexistro: 37965
Data envío: 30/10/2025 17:57:48,257

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:18
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Nas últimas semanas saíu á luz un feito especialmente grave na área sanitaria de Ourense: a existencia dun protocolo interno do Sergas que limitaba a derivación desde Atención Primaria a distintas especialidades hospitalarias en función da idade das persoas doentes, e mesmo, nalgún caso concreto, do seu índice de masa corporal.

Segundo a información publicada, o documento —elaborado, entre outros, por Miguel Abad Vila, actual responsable provincial de Atención Primaria en Ourense, ex edil do Partido Popular e ex delegado de Sanidade— establecía ata en cinco apartados restricións explícitas por idade para a derivación a distintas especialidades.

En concreto:

- No punto 5.2.1, relativo a Reumatoloxía, excluíase da derivación por sospeita de espondiloartrite precoz ás persoas maiores de 65 anos.
- No punto 5.3, referido a Neurocirurxía, limitábase a derivación a pacientes menores de 80 anos e cun índice de masa corporal (IMC) de 35, o que na práctica supón a exclusión de persoas maiores con obesidade.

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:17
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:17
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131927

28071 Madrid

@PSdeG



- Nos apartados 6.1.1 e 6.1.2, correspondentes a Traumatoloxía, indicábase que só se podían derivar a hospitalización os menores de 65 anos en casos de sospeita de rotura ou lesión aguda do manguito rotador (ombreiro).

- Ademais, no mesmo servizo de Traumatoloxía, non se recomendaba derivar a pacientes menores de 50 anos con gonalgia postraumática que non respondesen a tratamento sistemático durante tres semanas.

Este protocolo, segundo o propio texto, tiña por obxecto “establecer os criterios clínicos e organizativos necesarios para optimizar a avaliación inicial e o procedemento de derivación”.

Porén, a súa aplicación real suporía unha limitación do dereito á atención hospitalaria en función da idade, vulnerando os principios básicos de equidade, universalidade e non discriminación do sistema público de saúde.

A resposta dos profesionais de Atención Primaria foi inmediata. En alegacións presentadas ante a Xerencia do CHUO, os médicos e médicas de familia denunciaron que o documento pretendía trasladar a eles a responsabilidade das listas de agarda hospitalarias, cando o problema real é a falta de persoal e de recursos.

Nun dos puntos das súas alegacións afirmase textualmente:

“Para a derivación a Traumatoloxía parece razoable pensar que o problema das listas de espera depende dese servizo, non de Atención Primaria e da súa forma de traballar ou derivar. Chama a atención que só se poidan derivar pacientes menores de 65 anos. Quizais a un paciente de 70 anos só lle quede a resignación cristiá.”





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:57:48
Nº Rexistro: 37965
Data envío: 30/10/2025 17:57:48,257

Os profesionais tamén advertiron das demoras inasumibles nos servizos de Rehabilitación e Fisioterapia, sinalando que moitas persoas se ven obrigadas a acudir á sanidade privada:

A situación descrita revela un problema estrutural de planificación e recursos no sistema sanitario galego, e non un mal uso das derivacións por parte do persoal médico.

Especialmente grave é que se introduzan criterios de idade ou condición física como barreira de acceso á atención hospitalaria, nun contexto no que Galicia, e particularmente a provincia de Ourense, teñen unha das poboacións máis envellecidas do Estado.

Aínda que o Sergas anunciou posteriormente unha rectificación parcial, o contido do protocolo e as reaccións dos profesionais esixen explicacións claras, transparencia e responsabilidades políticas.

Non é aceptable que se tente xestionar as listas de espera recortando dereitos en lugar de reforzar servizos.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Retirar de forma definitiva e pública calquera protocolo asistencial que limite as derivacións por razón de idade, sexo ou índice de masa corporal.
2. Garantir de forma expresa que ningún paciente será excluído do acceso á atención hospitalaria por razón de idade ou condición física, incorporando este principio aos procedementos internos do Sergas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131929

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:57:48
Nº Rexistro: 37965
Data envío: 30/10/2025 17:57:48,257

2. Dotar de forma inmediata de recursos humanos e materiais adicionais aos servizos de Traumatoloxía, Rehabilitación e Fisioterapia da área sanitaria de Ourense, para reducir as listas de espera e evitar derivacións á privada.

3. Depurar responsabilidades no caso de se confirmar que se aprobaron instrucións que vulneran o dereito á asistencia sanitaria universal e equitativa.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

131930

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/10/2025 17:17:43

Elena Espinosa Mangana na data 30/10/2025 17:17:52

Silvia Longueira Castro na data 30/10/2025 17:18:25

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/10/2025 17:18:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:57:48
Nº Rexistro: 37965
Data envío: 30/10/2025 17:57:48,257

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:57:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:57:48
Nº Rexistro: 37965
Data envío: 30/10/2025 17:57:48,257

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 18:18:40
Nº Rexistro: 37971
Data envío: 30/10/2025 18:18:40,969

Asinado o día 30/10/2025 ás 18:17
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputado e deputada **Paulo Ríos Santomé** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre garantir o servizo de urxencias no novo PAC do Concello de Moaña.

Asinado o día 30/10/2025 ás 18:17
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos 15 anos, a Xunta de Galiza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións lexislativas e organizativas que danaron gravemente a Sanidade Pública de Galiza.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, sendo, as consecuencias, tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listas de agarda de máis dunha semana para médica/o de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...

Con esta situación de partida, a chegada da pandemia COVID-19 foi a coartada perfecta para que a Consellaría de Sanidade levara a cabo medidas organizativas provisionais nos centros de atención primaria que teñen visos de acabar en medidas definitivas.

Entre esas medidas estivo o traslado das urxencias de Moaña a Cangas e a implantación da atención médica telefónica. A veciñanza puido entender que, ante a gravidade dos efectos da pandemia, se puidese centralizar a atención de doentes con síntomas compatibles coa enfermidade provocada polo coronavirus en centros de saúde

Asinado o día 30/10/2025 ás 18:17
Por Paulo Ríos Santomé





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

concretos. Ou mesmo que ante a aparición de síntomas sospeitosos de padecer a enfermidade se debesen realizar consultas telefónicas previas para valorar o protocolo a seguir.

O que non xa non se pode comprender é que nestes momentos nos que as diferentes restricións derivadas da pandemia fosen retiradas polo goberno central, a Casa do Mar de Moaña continúe sen urxencias e sen recuperar os ratios de consultas presenciais anteriores á mesma, ademais de soportar atrasos moi importantes nas citas da atención primaria.

Case cinco anos despois de terse tomado estas medidas, supostamente provisionais, vemos como a Xunta de Galiza e o SERGAS non fixo nada para buscar alternativas á deslocalización das urxencias ao Concello de Cangas, ao igual que se fai patente o obxectivo da Xunta de Galiza, o de manter como permanentes as medidas aplicadas como provisionais, o que supón o empeoramento continuado e non xustificado na calidade dos servizos sanitarios da veciñanza de Moaña.

A permanencia destas medidas ilóxicas por parte da Xunta de Galiza só perseguen un obxectivo: continuar co desmantelamento da rede pública sanitaria, potenciando o trasvase de doentes cara as redes privadas.

Após moitos anos de traballo e de atrancos postos pola administración autonómica, o novo centro de saúde de Moaña, actualmente en construción, debe contar con servizo de urxencias, tal e como se asinou no convenio de colaboración entre o Concello de Moaña e a Xunta de Galiza.

Agora, a Xunta de Galiza está a negar o servizo de urxencias no novo Centro de Saúde de Moaña supeditándoas á elaboración dun estudo de necesidades para avaliar se a veciñanza de Moaña recupera ou non un servizo que lle foi roubado vai xa máis de cinco anos.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Outra das escusas que utiliza a Xunta de Galiza para chantaxear á veciñanza é ligar a volta das urxencias á posta en marcha dun Centro Integral de Saúde no Morrazo, infraestrutura sanitaria para a cal nin sequera hai data nin acordo cos diferentes Concellos.

É pois que a Xunta debe cumprir os acordos asinados coa veciñanza de Moaña e garantir un bo servizo sanitario no novo centro de saúde, con persoal suficiente e cos servizos asinados, entre eles o de urxencias.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego adoptar as seguintes medidas:

1º) A restitución inmediata do servizo de urxencias na Casa do Mar de Moaña.

2º) Asegurar e garantir o servizo de urxencias no novo PAC de Moaña desde a súa posta en funcionamento.

3º) Asegurar e garantir todos os servizos sanitarios asinados no convenio para a posta en marcha do novo centro de saúde, con suficiencia e calidade asistencial axeitada.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 30/10/2025 18:17:31

María Montserrat Prado Cores na data 30/10/2025 18:17:40

Olalla Rodil Fernández na data 30/10/2025 18:17:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 18:18:40
Nº Rexistro: 37971
Data envío: 30/10/2025 18:18:40,969

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 18:18:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 18:18:40
Nº Rexistro: 37971
Data envío: 30/10/2025 18:18:40,969

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 12:29:32
Nº Rexistro: 37981
Data envío: 31/10/2025 12:29:32.992

Asinado o día 31/10/2025 ás 12:16
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre o catastrófico incendio de Larouco-Valdeorras e as graves consecuencias económicas, ambientais, nos acuíferos e no subministro domiciliario de auga.

Asinado o día 31/10/2025 ás 12:16
Por Daniel Castro García

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na alarma social xerada pola situación dos cursos de auga e dos acuíferos como consecuencia do lume de Larouco-Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

Asinado o día 31/10/2025 ás 12:16
Por Ana Pontón Mondelo



Os graves incendios que levaron a esta catástrofe orixináronse nus poucos focos que non foron quen de apagar nos momentos iniciais, e nin sequera foron todos ao mesmo tempo. Uns lumes iniciais que se converteron nunha catástrofe pola negligencia da Xunta.

No mes de agosto de 2025, en Seadur no concello de Larouco, produciuse un incendio forestal que debido a nula resposta da Xunta de Galiza ante as lapas iniciais derivou nun incendio de grandes dimensións que afectou gravemente ao ecosistema local e á seguridade das persoas. Un lume que provocou un desastre de grandes proporcións, causando graves danos económicos, sociais e ambientais e que arrasou preto de 40.000 hectáreas. Este incendio, o mais grande da historia de Galiza arrasou terras de Larouco, O Bolo, Petín, A Rúa, Vilamartín de Valdeorras, Carballeda, O Barco, Rubiá, A Veiga, Quiroga e terras limítrofes da Castela León.

Ás consecuencias económicas directas dos lumes únense agora os danos causados indirectamente polas choivas nas zonas arrasadas nos montes desta comarca, en tanto que a erosión e a perda de solo son moi importantes, véndose favorecidas pola orografía do territorio que se queimou.

Ademais, entre as consecuencias deste desastre temos agora outras no relativo as augas provocado polos arrastres nas zonas queimadas. Uns arrastres que chegan aos cursos de auga provocando unha contaminación que afecta a auga de consumo humano, tal e como foi manifestado polos alcaldes da zona afectada nos días pasados.

A administración da Xunta de Rueda bota balóns fóra querendo traspasar a súa responsabilidade como administración competente no relativo aos montes agricultura e gandería. Con esta actitude a Xunta pretende trasladar a súa responsabilidade aos concellos da comarca e a administración do Estado.

Ao BNG a actitude dos dirixentes da Xunta de Galiza parécelle unha negligencia de libro e un abandono das súas competencias. Unha actitude que trae consecuencias moi graves para o medio ambiente, que traen consigo unha situación moi perigosa para as



persoas residentes nesta comarca que ven comprometido o subministro de auga domiciliaria.

En consecuencia, formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

- Que medidas adoptou a Xunta para a restauración hidrolóxica forestal das zonas queimadas?
- Ten a Xunta de Galiza algún plan de loita contra a erosión e contra a contaminación dos cursos de auga das zonas queimadas no grave incendio de Valdeorras?
- Cal foi a causa, cando comezou e cando rematou o incendio de grandes proporcións de Larouco segundo a Xunta de Galiza?
- Fixo a Xunta de Galiza unha valoración dos danos producidos por este grave incendio?
- Cantas indemnizacións e axudas calcula que vai pagar a Xunta de Galiza e cantas pagou as veciñas e veciños afectados por este grave incendio?
- Vai dar algún tipo de axuda ou colaboración aos concellos afectados?
- Ten constancia a Xunta de Galiza dos graves problemas que están a xerar os arrastres dende as zonas queimadas cara os cursos de auga?
- Ten constancia a Xunta de Galiza que estes arrastres están a producir graves problemas no subministro de auga potábel en determinados concellos de Valdeorras?
- Que medidas adoptou a Xunta de Galiza, dentro das súas competencias, para previr os arrastres dende as zonas queimadas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2025 12:16:35
Daniel Castro García na data 31/10/2025 12:16:44
Luis Bará Torres na data 31/10/2025 12:16:50
Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2025 12:16:59
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/10/2025 12:17:07
Paulo Ríos Santomé na data 31/10/2025 12:17:14
Rosana Pérez Fernández na data 31/10/2025 12:17:22
Ariadna Fernández González na data 31/10/2025 12:17:30
Iria Carreira Pazos na data 31/10/2025 12:17:39
José Manuel Golpe Acuña na data 31/10/2025 12:17:47
Secundino Fernández Fernández na data 31/10/2025 12:17:57
Carmela González Iglesias na data 31/10/2025 12:18:06
Sonia Vidal Lamas na data 31/10/2025 12:18:15
Montserrat Valcárcel Armesto na data 31/10/2025 12:18:25
Saleta Chao Rivas na data 31/10/2025 12:18:36
Óscar Insua Lema na data 31/10/2025 12:18:52
María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2025 12:19:00
Ramón Fernández Alfonso na data 31/10/2025 12:19:11
Alexandra Fernández Gómez na data 31/10/2025 12:19:21
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 31/10/2025 12:19:30
Mercedes Queixas Zas na data 31/10/2025 12:19:46
Cristina Fernández Davila na data 31/10/2025 12:19:52
Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2025 12:19:58
Iago Suárez Fernández na data 31/10/2025 12:20:05
Iria Taibo Corsanego na data 31/10/2025 12:20:14



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/10/2025 12:29:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 12:29:32
Nº Rexistro: 37981
Data envío: 31/10/2025 12:29:32.992

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, relativa á situación de alarma permanente na que se encontra a Atención Primaria.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola situación na que se atopa a a Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de Galiza está en situación de alerta permanente, o seu deterioro non cesa, consecuencia das políticas de acoso do Partido Popular na Xunta de Galiza.

Levamos anos demandándolle ao PP que tome medidas para deixar de poñer en risco a saúde e a vida d@s galeg@s coa súa política de deterioro da sanidade pública galega.

Non só non atendeu ningunha das peticións, senón que segue dando pasos cara o precipicio, cara o abismo, como consecuencia seguen as listas de espera para ter cita





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nos centros de saúde, seguen os PACs con déficits de profesionais, as crianzas sen pediatras...

Pola contra todas as actuacións levadas a cabo van encamiñadas cara roubarlle @s galeg@s o dereito a unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade, onde as persoas sexan atendidas en función das súas necesidades de saúde e non da súa capacidade económica. O obxectivo é cambiar a tarxeta sanitaria pola tarxeta bancaria.

Existe unha alerta xeneralizada polas consecuencias negativas ao longo de toda a cadea asistencial. Listas de espera tanto en atención primaria como hospitalaria, sobrecarga de profesionais, diagnósticos tardíos, de xeito que as enfermidades que puideron ser detectadas precozmente progresan sen control, reducindo as opcións de tratamento eficaces. Isto xera ansiedade, incerteza e carga emocional insoportábel nas persoas doentes. Cada atraso en consultas, cada diagnóstico tardío é unha condena ao sufrimento e nicho de negocio para a sanidade privada.

A consecuencia directa e a cada vez máis baixa calidade asistencial, a pesares do esforzo dxs profesionais, que non teñen mans abondo para atender a demanda, e tamén a perda de confianza no sistema sanitario.

A realidade é que a continuidade asistencial está seriamente ameazada, nunha situación límite, do nivel asistencial fundamental que é a Atención Primaria, onde se resolven entre o 80 e 90 por cento dos procesos de saúde. É preciso poñer en marcha un cambio de modelo, un plan real que a faga atractiva e deixe de estar secundarizada, desprestixiada, minusvalorada, convertida en despacho de doentes.

Por todo o exposto anteriormente, fórmase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Xunta rectificar a súa política sanitaria e poñer en marcha de inmediato un novo modelo de Atención Primaria que a converta no auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario?

Cal é o balance de incorporación de efectivos que non estiveran xa traballando no Sergas mediante a Lei 2/2022, de 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde?

Vai aumentar o orzamento destinado á Atención Primaria até chegar ao 25%, na actual lexislatura?

Ten a Xunta intención de rematar coa política de precariedade e explotación nas condicións laborais e reducir a rotación e mobilidade ao mínimo imprescindible?

Non considera preciso poñer en marcha un Plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais?

A que agarda para incorporar categorías novas en número suficiente para formar auténticos equipos multidisciplinares: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos- optometristas... ?

Considera o Sergas que ter convertido en norma as intersubstitucións, as prolongacións de xornada para que unha profesional faga o traballo de 3, 4 os os que fagan falta, permite unha asistencia sanitaria de calidade?

Cal é a relación de centros de saúde con prazas estruturais sen cubrir?

Cal é o número de xubilacións que se van a producir nos vindeiros cinco anos e a previsión de cobertura das mesmas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cantos son @s galeg@s sen asignación de médic@ de familia e pediatra, desagregado por centro de saúde e concello?

Cantos son @s profesionais que están realizando un aumento de xornada laboral, especificando a modalidade: prolongación, intersubstitución...desagregado por categorías?

Cal é a porcentaxe de eventualidade do persoal do Sergas, desagregado por categorías?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 04/11/2025 8:52:55
Daniel Castro García na data 04/11/2025 8:53:03
Luis Bará Torres na data 04/11/2025 8:53:08
Olalla Rodil Fernández na data 04/11/2025 8:53:14
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/11/2025 8:53:21
Paulo Ríos Santomé na data 04/11/2025 8:53:29
Rosana Pérez Fernández na data 04/11/2025 8:53:38
Ariadna Fernández González na data 04/11/2025 8:53:47
Iria Carreira Pazos na data 04/11/2025 8:54:02
José Manuel Golpe Acuña na data 04/11/2025 8:54:14
Secundino Fernández Fernández na data 04/11/2025 8:54:28
Carmela González Iglesias na data 04/11/2025 8:54:42
Sonia Vidal Lamas na data 04/11/2025 8:54:51
Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/11/2025 8:54:59
Saleta Chao Rivas na data 04/11/2025 8:55:11
Óscar Insua Lema na data 04/11/2025 8:55:19
María Montserrat Prado Cores na data 04/11/2025 8:55:28
Ramón Fernández Alfonso na data 04/11/2025 8:55:37
Alexandra Fernández Gómez na data 04/11/2025 8:55:49
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/11/2025 8:55:58
Mercedes Queixas Zas na data 04/11/2025 8:56:11
Cristina Fernández Davila na data 04/11/2025 8:56:19
Noa Presas Bergantiños na data 04/11/2025 8:56:25
Iago Suárez Fernández na data 04/11/2025 8:56:31
Iria Taibo Corsanego na data 04/11/2025 8:56:37



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 9:02:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38080
Data envío: 04/11/2025 09:02:02.317

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 10:54:12
Nº Rexistro: 37575
Data envío: 24/10/2025 10:54:12.778

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a falta de transparencia da Xunta de Galiza respecto dos problemas de Cometa e dos erros de funcionamento das pulseiras telemáticas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para o Bloque Nacionalista Galego a violencia machista é un problema de máxima importancia política. É por iso que ante o coñecemento de distintos fallos no sistema COMETA ou en VIOGEN ten impulsado iniciativas de distinta índole nas diferentes institucións.

Máis recentemente, ao coñecer a finais de 2024 distintos problemas nas pulseiras de control telemático impulsou iniciativas ao respecto no ámbito do Estado, por ser as institucións responsábeis institucións estatais. Coñecido no mes de setembro de 2025 informacións a través da Memoria da Fiscalía de 2024 que confirmaban consecuencias graves e negativas toda vez que se perderon elementos probatorios determinantes para os procesos xudiciais, o BNG intensificou a súa obriga de control institucional e rexistrou iniciativas no ámbito do Estado. Así mesmo, rexistrou iniciativas para fiscalizar de que maneira e en que momentos a Xunta tivo coñecemento destas problemáticas, toda vez que se coñece que distintas fontes xudiciais puxeran en coñecemento das institucións esta cuestión.

Porén, como vén sendo habitual, o goberno galego remitiu unha “non resposta” na que responde unha soa das preguntas formuladas e se parapeta no pronunciamento, serodio, do Observatorio Galego, que nin sequera se reunira para tal efecto até que este

Asinado o día 24/10/2025 ás
10:53
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 24/10/2025 ás
10:53
Por Noa Presas Bergantiños



Grupo Parlamentario preguntou por escrito se había algunha valoración e alguén no goberno galego debeu reparar en que tiña un organismo que podía convocar e consultar.

Compartimos a preocupación e medidas que pide o Observatorio, e que a Xunta de Galiza nin sequera é quen de transcribir adecuadamente con erros no vocabulario, mais insto non aclara as cuestións que solicita este grupo.

Por todo o exposto fórmulanse a seguinte interpelación:

Comunicou a Xunta de Galiza ao goberno do Estado problemas de funcionamento no novo servizo de pulseiras de control telemático para a protección de vítimas de violencia machista?

En que data e por que medios?

Que problemas sinalou?

Que actuacións elaborou ou vai elaborar a Xunta para abordar ou estudar a falta de cobertura desde os instrumentos de autogoberno que ten en materia de telecomunicacións e tecnoloxía? Cónstalle que permanezan estes problemas? Ten diagnosticado en que zonas?

Vai aumentar o goberno galego o persoal do IMELGA para que poida haber valoracións forenses e psicosociais complementarias a VIOGEN e mellorar a posta en marcha de medidas de protección?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2025 10:53:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/10/2025 10:53:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 10:54:12
Nº Rexistro: 37575
Data envío: 24/10/2025 10:54:12.778

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 10:54:12
Nº Rexistro: 37575
Data envío: 24/10/2025 10:54:12.778

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 10:54:15

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O concello de Oroso leva anos demandando a construción dun novo pavillón polideportivo que dea resposta ás necesidades crecentes da súa veciñanza, das súas entidades deportivas e da comunidade educativa. O actual equipamento atópase saturado e carece das condicións necesarias para o desenvolvemento adecuado das actividades escolares e deportivas.

A demanda cidadá é unánime, como demostra a campaña de recollida de sinaturas impulsada por nais e pais do alumnado, que xa acadou varios centos de apoios. O Concello dispón dun anteproxecto e do terreo necesario, o que acredita a viabilidade inmediata da actuación.

A situación proposta polos grupos da oposición sitúase na finca dotacional deportiva situada fronte ao CEIP Camiño Inglés, opción que permitiría a máxima accesibilidade para o alumnado e unha integración coherente co núcleo educativo e deportivo da vila. Porén, esta proposta foi rexeitada polo actual goberno local unicamente por razóns partidarias, desoíndo tanto os criterios técnicos como o interese xeral.

Cómpre lembrar que o proxecto xa contaba cunha subvención da Deputación da Coruña. Así mesmo, a Xunta de Galicia comprometérase en anteriores ocasións a colaborar na súa execución, sen que ata o momento se teña materializado compromiso orzamentario ningún.



A construción deste novo pavillón é unha necesidade real e urxente para garantir a práctica deportiva en condicións axeitadas, fomentar hábitos saudables, apoiar ás entidades locais e ofrecer infraestruturas dignas aos centros educativos e á mocidade de Oroso.

Neste contexto, é imprescindible que a Xunta de Galicia asuma a súa responsabilidade e se comprometa a cofinanciar a execución deste proxecto, en colaboración co Concello e coa Deputación da Coruña, garantindo que esta actuación se inclúa nos vindeiros orzamentos autonómicos.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Ten previsto a Xunta de Galicia incluír nos vindeiros orzamentos unha partida destinada á construción do novo pavillón polideportivo de Oroso?

Santiago de Compostela, a 24 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 24/10/2025 12:02:07

Paloma Castro Rey na data 24/10/2025 12:02:15

Patricia Iglesias Rey na data 24/10/2025 12:02:23

Elena Espinosa Mangana na data 24/10/2025 12:02:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 12:07:38
Nº Rexistro: 37596
Data envío: 24/10/2025 12:07:38,715

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 12:07:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 12:07:38
Nº Rexistro: 37596
Data envío: 24/10/2025 12:07:38,715

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao retroceso democrático sen precedentes na Composición do Consello Galego de Estatística que quere impoñer o goberno do Partido Popular en menos dun ano da aprobación por unanimidade da nova Lei galega de estatística.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estatística ten unha función democrática indiscutible na sociedade, fundamental máis aínda en tempos de desinformación, manipulación mediática e descrédito nas institucións. A xestión e elaboración de información medible e obxectivable por parte de institucións expertas é clave para o bo goberno e para a saúde democrática.

Neste sentido, en Galiza o Instituto Galego de Estatística é un instrumento do autogoberno galego dedicado á materia e que ten, no artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galiza, atribuídas as competencias. Esta previsión desenvolveuse hai 37 anos coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galiza, na que se estableceron durante décadas o marco normativo básico, a estrutura organizativa e os instrumentos de planificación da estatística para os fins da Comunidade Autónoma galega.

Nesta estrutura salienta o Consello Galego de Estatística como “o máximo órgano consultivo da estatística galega, para asegurar a participación dos axentes sociais e económicos e a relación entre a administración e as persoas usuarias, alén de para promover o seu entendemento e facilitar a coordinación e o uso de metodoloxías comúns.” e con competencias nas que se determina que “poderá elaborar propostas e recomendacións sobre as necesidades da Comunidade Autónoma en materia estatística,

Asinado o día 24/10/2025 ás
12:54
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 24/10/2025 ás
12:54
Por Noa Presas Bergantiños



que deberán ser analizadas polo Instituto Galego de Estatística de cara á súa incorporación na planificación estatística” e que será consultado sobre distintos elementos.

Este Consello foi revalidado e revisado cando o Parlamento Galego aprobou por unanimidade unha nova lei para este ámbito, a Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galiza, na que se actualizaba este marco normativo acorde coa modernización das últimas décadas e os retos de futuro da actividade.

Porén, apenas tres meses despois desta aprobación, o Consello aprobou e anunciou cambios profundos e significativos que facían saltar a alerta sobre a intención de exercer un control político máis directo desde Presidencia e de abrir a porta a privatizar funcións de xestión da información que coliden coa actividade do IGE e que abren a porta a que información sensible sexa tratada por empresas privadas, afondando no baleirado do sistema público que está levando a cabo o goberno galego e afondando no cuestionamento a organismos e órganos do autogoberno que até o de agora mantiveron na independencia o seu eixo central de actuación e asesoramento.

Mais esta cuestión non ficou aí, pois o goberno da Xunta vén de remitir ao Parlamento galego o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas no que pretende facer un asalto democrático ao Consello mudando drasticamente a súa composición e, particularmente, vetar a participación da representación do pluralismo político do Parlamento galego, reducir a participación social de distintas áreas e engadir 8 persoas ad hoc elixidas a dedo pola propia Presidencia no lugar de 3.

A gravidade desta situación require dunha rectificación e dun pronunciamento.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Por que a Xunta avanza no control político do IGE e veta a participación do pluralismo político do Parlamento galego?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 13:01:13
Nº Rexistro: 37611
Data envío: 24/10/2025 13:01:13.750

Cales son as razóns de que estas medidas se tomen agora e se ocultaran na tramitación da recente Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galiza?

Someteu o goberno galego estas decisións a valoración do propio Consello Galego de Estatística?

E do do Consello Económico e Social?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2025 12:54:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/10/2025 12:54:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 13:01:13
Nº Rexistro: 37611
Data envío: 24/10/2025 13:01:13.750

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 13:01:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 13:01:13
Nº Rexistro: 37611
Data envío: 24/10/2025 13:01:13.750

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37633
Data envío: 24/10/2025 15:56:46,395

Asinado o día 24/10/25
15:52
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Carmen Rodríguez Dacosta, Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Non é a primeira vez que profesionais do audiovisual galego apuntan plaxios por parte de directivos da extinta CRTVG, agora CSAG, na hora de presentar proxectos de futuros programas para a televisión galega.

Ben é certo que dado o obscurantismo e a falta de transparencia coa que vense realizando a programación da galega, son moitos os profesionais que desestimaron presentar proxectos tanto á CSAG como ás produtoras que traballan para o ente televisivo.

Estes días vimos de coñecer a situación de Ibon Uzkudon, un produtor vasco que no ano 2009 presentoulle a directora responsable do área naquel entón, Rosa Vilas, un programa xa realizado na televisión vasca baixo o título de *Jai Giro*. O programa que viña funcionando no País Vasco era un modelo moi concreto con características moi particulares e con unha factura e dinámica que falaba da súa singularidade e mesmo era presentado polo propio Ibon.

A responsable da televisión mostroulle o seu interese en realizar na galega o mesmo programa que Ibon lle presentou, do cal el era presentador e produtor. Acordou que chamarían ao produtor en breve para pechar a colaboración. A partir de aí comeza unha historia na que, pasados uns meses, a familia galega de Ibon chámalo pensando que é el mesmo o que está a presentar o programa *Vaia Troula* que é un calco exacto de *Jai Giro*. Mesmo o presentador que poñen ao fronte está caracterizado igual que Ibón, e coa mesma impronta en pantalla.

Asinado o día 24/10/2025 ás
15:52
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 24/10/2025 ás
15:52
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131962

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37633
Data envío: 24/10/2025 15:56:46.395

Uzkudon presentou unha demanda por “apropiación dos dereitos de propiedade intelectual” contra a televisión pública galega que a día de hoxe está pendente de resolución pola Audiencia Provincial de A Coruña.

Ante o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

É coñecedor a Xunta de Galicia da praxis de selección de programas da Corporación dos Servizos Audiovisuais de Galicia?

Santiago de Compostela, a 24 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

131963

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 24/10/2025 15:52:14

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/10/2025 15:52:19

Patricia Iglesias Rey na data 24/10/2025 15:52:26

Paloma Castro Rey na data 24/10/2025 15:52:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37633
Data envío: 24/10/2025 15:56:46,395

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 15:56:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37633
Data envío: 24/10/2025 15:56:46,395

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 10:09:25
Nº Rexistro: 37644
Data envío: 27/10/2025 10:09:25.818

Asinado o día 27/10/25
10:07
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a urxencia de a Xunta reforzar os Servizos de Normalización Lingüística e os Equipos de Dinamización da Lingua Galega como ferramentas esenciais para a promoción social do galego.

Asinado o día 27/10/2025 ás
10:07
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo das últimas tres décadas operaron en Galiza dúas ferramentas esenciais para a promoción social do galego, quer desde o ámbito local quer desde o educativo.

Estamos a nos referir aos Servizos de Normalización Lingüística e aos Equipos de Normalización Lingüística, denominados Equipos de Dinamización da Lingua Galega desde o 2010, espallados de forma desigual polo territorio no caso dos SNL e presentes en todos os centros educativos no caso dos EDLG.

O Consello da Cultura Galega acaba de facer público un informe no que analiza a situación máis de medio cento de SNL e 420 equipos de dinamización, as súas fortalezas e as súas debilidades.

Para alén de conclusións e propostas específicas para os SNL e mais para os EDLG, o estudo do CCG conclúe que o futuro da política lingüística de proximidade en Galiza pasa por reforzar a estrutura e a coordinación entre SNL e EDLG, garantir financiamento estábel e formación específica, e facer visíbeis os seus resultados para a sociedade.

Asinado o día 27/10/2025 ás
10:07
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora o goberno a *Análise da situación dos SNL da Administración pública galega e dos EDLG dos centros de ensino* presentada polo Consello da Cultura Galega?
- Entende a Xunta que tanto os SNL como os EDLG son dous dispositivos públicos esenciais para a promoción social do galego?
- Como valora a Xunta o seu apoio ao espallamento na administración local dos SNL?
- Ten feito algunha avaliación do funcionamento dos SNL?
- Como valora a Xunta o seu apoio ao funcionamento dos EDLG nos centros educativos galegos?
- Ten feito algunha avaliación do funcionamento dos EDLG?
- Vai o goberno impulsar as propostas de mellora que achega este informe a respecto dos SNL?
- Vai o goberno impulsar as propostas de mellora que achega este informe a respecto dos EDLG?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/10/2025 10:07:00

Iria Taibo Corsanego na data 27/10/2025 10:07:07

Daniel Castro García na data 27/10/2025 10:07:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 10:09:25
Nº Rexistro: 37644
Data envío: 27/10/2025 10:09:25.818

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 10:09:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 10:09:25
Nº Rexistro: 37644
Data envío: 27/10/2025 10:09:25.818

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia.

A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

O CEIP de Prácticas López Ferreiro de Santiago de Compostela, centro de referencia na cidade e recoñecido pola súa traxectoria innovadora e inclusiva — Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global, Premio de Innovación Educativa en Dinamización Lingüística e 3º Premio Innovagal—, atópase nunha situación de insuficiencia de recursos humanos para garantir unha atención adecuada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Segundo o informe do propio Departamento de Orientación, aprobado en Claustro e Consello Escolar, o centro conta cun volume de alumnado que require atención especializada en Audición e Linguaxe moi superior ao que pode asumir a única especialista dispoñible. Esta situación obriga a reducir o tempo e a frecuencia das sesións, que deixan de ser individualizadas e personalizadas, producindo unha evidente merma na calidade da atención educativa prestada.



Esta situación, denunciada pola dirección do centro e pola ANPA, dificulta gravemente a atención á diversidade, incumpre o principio de equidade e fai imposible garantir o dereito á inclusión educativa e ao progreso individual do alumnado.

As familias e o profesorado advertiron, ademais, que esta carencia repercute directamente na dinámica organizativa do centro e no benestar emocional e social do alumnado. A denegación da praza de AL solicitada pola dirección e avalada polos informes educativos non se axusta á realidade das necesidades detectadas.

A educación inclusiva require incrementar os recursos humanos nos centros ordinarios, especialmente en profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, en función das necesidades reais e baseadas en informes técnicos. A atención á diversidade non pode depender de decisións administrativas ou políticas, senón das necesidades do alumnado.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto o Goberno galego incorporar un/unha profesor/a máis de Audición e Linguaxe no CEIP de Prácticas López Ferreiro para garantir unha atención adecuada ao alumnado con necesidades educativas especiais?
2. Que medidas urxentes pensa adoptar a Xunta de Galicia para garantir a atención adecuada do alumnado con necesidades específicas neste centro?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37668
Data envío: 27/10/2025 16:15:21.419

3. Vai impulsar a Xunta de Galicia un plan de reforzo dos profesionais de apoio á inclusión educativa que contemple criterios obxectivos, baseados nas necesidades reais do alumnado e non exclusivamente nas ratio administrativas?

Santiago de Compostela, a 27 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

131972

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/10/2025 16:08:58

Patricia Iglesias Rey na data 27/10/2025 16:09:05

Silvia Longueira Castro na data 27/10/2025 16:09:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37668
Data envío: 27/10/2025 16:15:21.419

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37668
Data envío: 27/10/2025 16:15:21.419

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 16:15:22

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a precariedade do sistema de protección de menores galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do Sistema de Protección de Menores galego é cada vez máis preocupante, con eivas que afectan de xeito grave tanto aos traballadores e traballadoras deste servizo, sexa cal sexa a área onde se desenvolven profesionalmente, coma aos nenos, nenas e adolescentes usuarios e as súas familias, tanto de orixe coma de acollida, que son as vítimas últimas dun sistema infradotado, tanto de recursos económicos coma humanos.

Esta deriva do servizo de protección provocou queixas recorrentes nos últimos anos que foron transmitidas á Consellería de Política Social, tanto por parte de persoal laboral coma polos seus usuarios/as, denunciando o desleixo cada vez máis intenso co que os menores e familias teñen que convivir na súa vida cotiá, ou as condicións de grave precariedade que os traballadores sofren no seu desenvolvemento laboral.

Malia as constantes reclamacións co obxecto de mellorar o funcionamento do servizo, a Consellería, aínda recoñecendo as dificultades que sofre o sistema, non ten resposta nin ofrece solucións. Esta inacción provoca que se perpetúe a situación de abandono dos menores que precisan axuda, tanto dos que se encontran atendidos coma dos que están agardando polos recursos axeitados, así coma de aqueles que están en primeira liña para prestarlla. Estas dúas partes, a que sostén en pé o servizo e a que o

Asinado o día 27/10/2025 ás
17:19
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 27/10/2025 ás
17:19
Por Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vive en primeira persoa como usuario, vive a diario circunstancias que se poden cualificar coma dramáticas e que poden ser evitadas con vontade política, e que analizamos dende eses dous puntos de vista, como expoñeremos a continuación.

Algunhas das principais dificultades ás que se enfrontan as traballadoras, educadoras e resto de persoal, tanto os que se atopan en centros de protección, de cumprimento de medidas cautelares ou terapéuticas, coma os que están a formar parte das equipas técnicas do menor son:

1. A extrema carga de traballo das equipas técnicas do menor, a elevada responsabilidade e carga emocional, e as condicións laborais precarias, son o inicio de grande parte do deterioro do sistema de protección no seu conxunto, que fan que sexa moi complicado garantir eficacia e calidade nel.

A maioría dos problemas comezan no incumprimento da administración do estipulado na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, onde se especifica que os servizos sociais estarán dotados de medios para levar a cabo a súa función de xeito correcto fronte á violencia exercida sobre as persoas menores de idade, algo que non se está a asegurar por parte da Consellería competente na materia.

Este traballo das equipas debe ser coordinado e especializado, con actuacións e intervencións reflexionadas e responsables, cun seguimento continuado e con traballadoras que sufran o menor cambio posible ao longo do tempo, conferíndolle estabilidade e calidade ás medidas e decisións tomadas sobre os menores e o seu entorno. Para todo iso é imprescindible que as equipas de traballo estean ben dotadas de profesionais e dispoñan de tempo para facer a súa labor con garantías e sen presión, que aseguren un correcto seguimento das medidas, evitando o alongamento innecesario destas, ou o seguimento adecuado das situacións das familias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É aquí onde comezan a maioría dos problemas que se levan arrastrando durante moito tempo no sistema de protección, malia que a administración é perfectamente consciente do grao de desleixo ao que está a someter aos profesionais e que repercute no funcionamento global. Nestes momentos a insuficiencia de medios é moi grave, acompañada doutras denuncias por parte do sector, que ten categorías laborais que non son acordes coa responsabilidade e a especialización que se requiren, sen perfís técnicos nas equipas que garantan un adecuado desempeño profesional e cunha ausencia evidente de acompañamento profesional e formación continua do persoal.

A cantidade de funcións que as equipas técnicas teñen que levar a cabo son moi numerosas e variadas, incluíndo dende entrevistas coas persoas do entorno dos NNA, a procura de recursos para estes nenos e nenas ou a elaboración de informes complexos para fiscalía e rexistro de datos nas plataformas informáticas, función que logo non se traduce na transparencia sobre o sistema que a Consellería, máis coa que as traballadoras se ven constantemente sometidas a presión. Esta carga de traballo administrativo empeora as condicións de saturación do sistema e resta tempo para as funcións naturais das equipas, tendo en conta a maiores que o traballo administrativo non ven recollido no Manual de procedemento de servizos sociais. É evidente que o que se traduce destes feitos é que dende a administración pública non se está a fomentar nin a calidade do emprego nin a estabilidade destas, tratando con desleixo absoluto ás persoas que forman parte do noso sistema de protección e que manteñen este en pé coa súa labor, en moitos casos en detrimento da súa saúde física e mental, por unha cuestión de vocación que as mantén nos seus postos de traballo. Non entanto, en ningún caso debера usarse a responsabilidade e bo facer das traballadoras para sometelas a precariedade, baixas retribucións e sobrecarga laboral, que ten como resultado unha rotación de persoal inasumible polo servizo e que non lle confire a estabilidade necesaria para ser efectivo e funcional e ofrecer unhas condicións laborais dignas.



Esta saturación vai en detrimento da atención adecuada dunha parte da poboación, a infancia, xa de por si vulnerable, e increméntase coa falla de medios noutros ámbitos relacionados, coma son os servizos sociais comunitarios, a atención en saúde mental infantoxuvenil, os xulgados de familia, que aumentan o número de casos que entran no sistema de protección.

2. Insuficiencia crónica de medios e recursos: moitos nenos, nenas e adolescentes non poden acceder ao sistema de protección polas causas anteriores, permanecendo mentres non se inclúen nel en situacións de risco ou desamparo, agardando a que se tomen medidas para mellorar a súa situación. Non coñecemos cantos menores están a vivir esta circunstancia pola falla da atención debida, xa que non existen listas de agarda que nos indiquen un número de rapaces e rapazas que se atopan a diario en situacións de violencia, desatención, negligencia, etc. Dar a coñecer estes datos sería útil para saber a que nos enfrontamos e cales son as principais deficiencias coas que convive o sistema, máis a opacidade é a tónica principal nesta área de Infancia e Familia, ocultando unha grave situación de negligencia por parte da administración.

Unha vez estes menores entran no sistema de protección e decididas as medidas a tomar en cada caso, existen unha serie de eivas que deben corrixirse se queremos ofertarlle a esta infancia vulnerable a oportunidade de ter unha vida o máis normalizada posible, nunhas condicións de atención e coidados que garantan a súa estabilidade e crianza o máis parecidas ao habitual. Dentro dos recursos aos que os menores acceden unha vez incluídos no sistema existen tamén eivas que deben ser resoltas o máis pronto posible e que dan lugar a situacións graves que non se deberan producir nun sistema público de protección. Un dos recursos que acumulan graves incidencias son os centros de menores, sexa cal sexa a súa clasificación.

Moitas das causas dos conflitos e das que logo derivan outros problemas existentes neste recurso de acollemento, son intrínsecas á normativa vixente, neste caso



ao Decreto 329/2005 do 28 de xullo que regula os centros de menores e de atención á infancia. Un decreto obsoleto que non contempla as realidades actuais nin as particularidades de cada neno ou nena, onde as rateos non están actualizadas e a atención especializada non é doada de ofertar co persoal existente.

É practicamente imposible que se poidan realizar as actividades de promoción da igualdade, apoio psicosocial e educativo, traballos en prol da eliminación da discriminación, promoción da saúde ou animación planificada no tempo libre, que se especifican dende a propia Consellería, coa dotación de medios que na actualidade entra dentro da legalidade dos centros de protección de menores.

A atención que se debiera ofertar nestes centros vese minguada, sexa cal sexa a modalidade, no momento en que nas rateos se permite que un só traballador faga a función de atención nocturna nas casas de primeira acollida con 15 nenos ao seu cargo, con 8 NNA nas casas de familia ou con ata 15 ou 25 nenos nenas e adolescentes baixo a súa responsabilidade nas quendas de noite nas minirresindencias e residencias. É evidente que a atención deste conxunto de NNA nesas condicións non é doado nin garante que se poida facer de xeito correcto por parte do persoal, tomando como exemplo o simple feito das emerxencias que se poden dar entre os usuarios en quendas nas que só hai un traballador ao cargo, dos casos de enfermidade ou de conflito, etc. Nas quendas de día pasa exactamente o mesmo, cunha rateo de atención dificilmente asumible por un educador que ten que atender a 15, 10 ou 8 NNA de diferentes idades, necesidades e especial vulnerabilidade. A creación dun vínculo necesario para o correcto desenvolvemento dos menores é comprensiblemente difícil se analizamos o número de rapaces e rapazas coas que traballan os e as educadoras nas institucións, cuxas funcións pouco poden superar as de manter os coidados básicos diarios.

Esta deficiencia no persoal ten especial énfase no caso da atención que se ofrece nos centros de reeducación ou de atención específica, tanto por causas terapéuticas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coma no caso do cumprimento de medidas xudiciais situacións ámbalas dúas que requiren un coidado especial, e onde as rateos que se manexan e permiten por lei non son tampouco as adecuadas segundo os propios educadores ou traballadoras, con 10 NNA en quenda por cada traballador ou traballadora de noite e de 8 ou 4 NNA en horario diúrno, por exemplo. Estes mínimos non contabilizan os casos nos que un educador ten que ausentarse por motivos laborais sen previo aviso, momento no que as rateos se descontrolan e incumpren, sendo habitual estes casos. O mesmo ocorre nas quendas de fin de semana, onde a rotación de persoal por condicións laborais precarias ou pola falla de retribución especial desas horas e a imposibilidade de facerlle fronte as rateos establecidas deixa estes centros en condicións penosas que os menores perciben, asumindo un total abandono da administración cara o seu caso, co que isto implica para eles e para as súas familias.

Non menos importante é a realidade da falla de prazas en centros residenciais que a propia Consellería de Política Social admite dende fai meses e que non resolve por falla de vontade. A administración non ten capacidade real para atender a todas as crianzas que o precisan coas prazas que actualmente temos no país, nin coas aportadas polas entidades privadas que xestionan este servizo, nin coas existentes xestionadas dende a administración pública. A creación de prazas públicas é esencial para garantir a demanda de medios actual, prazas que deberan ser xestionadas pola Xunta de Galiza abandonando o sistema privatizado de atención, que é o que se leva fomentando dende o goberno nos últimos anos, feito que se proba ao analizar os número de centros residenciais e prazas públicas, os mesmo que hai 16 anos.

Non entanto, sendo conscientes de que o recurso dos centros residenciais debe ser un feito temporal, debemos ollar cara o acollemento como parte da solución ao problema da saturación. Neste caso tamén as familias, tanto extensas coma alleas, sofren o abandono e as constantes trabas no desenvolvemento da súa función, baseada en aportarlle aos menores un fogar estable mentres non poden regresar ao seu propio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non se trata só do aumento das contías económicas a percibir como axuda no coidado dos nenos e nenas, que é moito menor que a necesaria para a atención das crianzas, nenos e adolescentes que se atenden en centros residenciais, trátase do tratamento que reciben dende a administración, que se traduce nun menor número de familias na actualidade que no 2010, tomando os datos do 2022, os últimos coñecidos ao respecto.

Todo iso, no seu conxunto, ten como resultado un sistema infradotado, mal xestionado e pouco coidado que ten como vítimas os NNA, a infancia, un dos colectivos sociais máis vulnerables e a quen se desenvolve profesionalmente dentro del. De non tomar medidas ao respecto non só se trata de que non poidamos atender aos nenos e nenas que chegan dende as illas Canarias tras un éxodo migratorio ao que temos que dar resposta de xeito responsable e integrador e que dou lugar a opinións moi reprobables por parte do goberno galego, trátase de que os actuais traballadores do sistema de protección, as familias e os menores que xa están nese sistema, non contarán coas garantías de atención e de desenvolvemento da súa vida e do seu traballo profesional adecuadas, unha irresponsabilidade gravísima da administración galega.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

1. Prevé a Xunta de Galiza reforzar as equipas técnicas do menor dotándoas dos medios humanos e técnicos precisos para garantir o correcto funcionamento do Sistema de Protección de Menores, fomentando a estabilidade laboral do persoal, evitando as constantes rotacións e revertendo a situación de precariedade laboral na que se atopan os profesionais?
2. Creará a Consellería de Política Social novos perfís profesionais para as equipas técnicas do menor e reconecerá os niveis axeitados á responsabilidade e especialización dos postos de traballo que se están a desenvolver?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Prevé a Xunta de Galiza crear un sistema informatizado transparente para o acceso ao servizo público de protección e aos centros residenciais que os profesionais poidan usar para facilitar a xestión das listaxes de agarda e que confira claridade na oferta e demanda de ditos recursos?

4. Como pretende solucionar a Xunta de Galiza a sobreesaturación do sistema de protección de menores e dos seus recursos, especialmente no caso dos centros residenciais, sexan cales sexan as súas características? Prevé a Xunta de Galiza adaptar o Decreto 329/2005 do 28 de xullo á realidade actual da infancia e a adolescencia garantindo unha atención de calidade e unhas condicións de traballo dignas do persoal dos centros de menores?

5. Considera a Consellería de Política Social que está a velar polo interese superior do menor con esta actitude de desleixo co sistema de protección galego en todas as súas áreas?

6. Considera a Consellería de Política Social que é transparente no manexo dos datos do Sistema de Protección de Menores?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/10/2025 17:19:13

Ariadna Fernández González na data 27/10/2025 17:19:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:20:47
Nº Rexistro: 37695
Data envío: 27/10/2025 17:20:47.164

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 17:20:47
Nº Rexistro: 37695
Data envío: 27/10/2025 17:20:47.164

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 17:20:47

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:07:31
Nº Rexistro: 37715
Data envío: 28/10/2025 13:07:31.838

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos anos o sector marisqueiro galego vén alertando da presenza crecente da ouxa (*Myliobatis aquila*) nas rías galegas, especialmente nas de Pontevedra e Arousa.

Trátase dunha especie depredadora de bivalvos —ameixas, berberechos, navallas e outros moluscos— que está a provocar perdas económicas significativas e serios prexuízos nos bancos marisqueiros.

A preocupación do sector levou o pasado mes de febreiro de 2025 á celebración de xornadas para expoñer o programa “Sol-Ouxa I”, organizadas pola Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra coa colaboración do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), o CETMAR e a Consellería do Mar, co obxectivo de analizar o impacto da especie e establecer liñas de actuación e investigación.

Hai uns días a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro anunciou en sede parlamentaria a posta en marcha do programa “Sol-Ouxa II”.

Non obstante, a día de hoxe o Parlamento de Galicia non dispón dun informe oficial e actualizado sobre o resultado das investigacións desenvolvidas, nin sobre as medidas de control, mitigación ou seguimento que a Consellería do Mar teña previsto aplicar.

Tendo en conta a importancia socioeconómica do marisqueo a pé e a flote en Galicia, así como a necesidade de que as políticas públicas se baseen en

Asinado o día 28/10/2025 ás
12:18
Por Carlos López Font

Asinado o día 28/10/2025 ás
12:18
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131985

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:07:31
Nº Rexistro: 37715
Data envío: 28/10/2025 13:07:31.838

información científica e transparente, resulta imprescindible que o Goberno galego remita ao Parlamento un documento detallado que recolla a situación actual, as conclusións dos estudos realizados e as medidas planificadas ou executadas.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que avaliación realiza o Goberno galego sobre a incidencia actual da especie *Myliobatis aquila* (ouxa) nos bancos marisqueiros galegos e, en particular, nas rías de Pontevedra e Arousa?
2. Dispón o Goberno galego dun informe técnico ou científico elaborado polo CIMA, polo CETMAR ou por outros organismos dependentes da Xunta, que recolla os resultados das investigacións e as medidas recomendadas fronte á presenza da ouxa como depredadora de bivalvos? En caso afirmativo, prevé remitilo ao Parlamento de Galicia?
3. Que actuacións concretas ten previsto impulsar o Goberno galego, en coordinación co sector marisqueiro e cos centros de investigación mariña, para mitigar o impacto da ouxa e garantir a sustentabilidade da actividade marisqueira afectada?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

131986

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/10/2025 12:18:43

Carlos López Font na data 28/10/2025 12:18:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:07:31
Nº Rexistro: 37715
Data envío: 28/10/2025 13:07:31.838

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:07:31
Nº Rexistro: 37715
Data envío: 28/10/2025 13:07:31.838

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 13:07:32

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:28:48
Nº Rexistro: 37726
Data envío: 28/10/2025 13:28:48,226

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

A Policía Autonómica de Galicia, corpo adscrito á Xunta de Galicia e dependente organicamente do Ministerio do Interior, leva anos sufrindo unha progresiva redución dos seus efectivos.

Esta situación está a provocar importantes dificultades para o desenvolvemento das súas funcións, que inclúen, entre outras, tarefas esenciais de seguridade en edificios públicos, protección institucional e apoio a diversos servizos da Administración galega.

Nos últimos anos observouse un progresivo desmantelamento da presenza da Policía Autonómica en dependencias da propia Administración galega, como o complexo administrativo de San Caetano ou mesmo o Parlamento de Galicia, onde o Goberno galego anunciou a inminente substitución deste corpo por servizos privados de seguridade.

Esta decisión non só mingua o papel da Policía Autonómica como instrumento de servizo público, senón que tamén contribúe á perda de experiencia, estabilidade e especialización no ámbito da seguridade institucional da Comunidade Autónoma.

Cómpre lembrar que a ampliación e reforzo dos efectivos da Policía Autonómica require a sinatura dun convenio entre o Estado e a Xunta de Galicia.

Porén, a negativa da Xunta a subscribir o dito convenio, por non aceptar o principio de cofinanciamento ao 50 % dos custos de persoal, está a impedir a

Asinado o día 28/10/2025 ás
13:25
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 28/10/2025 ás
13:25
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131989

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:28:48
Nº Rexistro: 37726
Data envío: 28/10/2025 13:28:48,226

incorporación de novos axentes e, por tanto, o fortalecemento dun corpo que é fundamental para o exercicio das competencias propias de Galicia en materia de seguridade.

A negativa a cofinanciar este servizo público esencial non se pode xustificar cando se trata dun corpo que garante a seguridade de institucións galegas e contribúe á coordinación entre administracións. A situación actual é insostible e require unha resposta inmediata para garantir tanto a continuidade da Policía Autonómica como o mantemento da súa presenza nos edificios públicos e nas tarefas que lle son propias.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ata cando vai seguir utilizando, o Goberno galego, o corpo da unidade de policía adscrita como arma política contra o Goberno de España?
2. Vai o Goberno galego cumprir a lei e asinar un convenio co Estado que permita o incremento do cadro da policía adscrita?
3. Por que non asume o Goberno galego o cofinanciamento do 50 % deste corpo como fan outras CC.AA?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

131990

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/10/2025 13:25:18

Patricia Iglesias Rey na data 28/10/2025 13:25:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:28:48
Nº Rexistro: 37726
Data envío: 28/10/2025 13:28:48,226

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 13:28:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:28:48
Nº Rexistro: 37726
Data envío: 28/10/2025 13:28:48,226

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:17:30
Nº Rexistro: 37788
Data envío: 29/10/2025 12:17:30.342

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

O servizo de asistencia xurídica gratuíta, coñecido como quenda de oficio, constitúe un servizo público esencial que garante o acceso efectivo á tutela xudicial e á igualdade ante a lei das persoas con menos recursos.

A xestión deste servizo recae directamente nos colexios da avogacía galega, coordinados polo Consello da Avogacía Galega, que asumen funcións fundamentais como a organización das quendas, a verificación e tramitación de solicitudes, o control das designacións, a xestión de pagos e o seguimento administrativo das actuacións profesionais.

Esta actividade administrativa require unha estrutura técnica, recursos humanos e medios materiais estables, sen os cales non sería posible garantir o funcionamento ordinario do servizo nin a súa cobertura territorial.

Porén, a achega económica que a Xunta de Galicia destina á compensación destes custos leva anos conxelada e resulta claramente insuficiente, xa que apenas cobre arredor do 8 % do gasto real xustificado polos colexios profesionais.

Isto obriga ás corporacións colexiais a asumir co seu propio orzamento o 92 % restante, o que supón un importante esforzo económico e organizativo que non lles corresponde asumir, tratándose dun servizo público financiado e promovido pola Administración autonómica.

Asinado o día 29/10/2025 ás
12:14
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 29/10/2025 ás
12:14
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

131993

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:17:30
Nº Rexistro: 37788
Data envío: 29/10/2025 12:17:30.342

Esta situación está a xerar tensións financeiras e dificultades na xestión, ao tempo que desincentiva o mantemento de persoal especializado e a modernización das ferramentas administrativas necesarias para un servizo de calidade.

Por todo o anterior, considérase imprescindible revisar e actualizar a achega económica da Xunta de Galicia aos colexios da avogacía, garantindo unha compensación suficiente, acorde co custo real da xestión do servizo e co incremento da demanda e da carga de traballo rexistrada nos últimos anos.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten previsto o Goberno galego revisar e incrementar de maneira inmediata a dotación económica destinada aos colexios da avogacía para sufragar os custos de organización e tramitación da quenda de oficio, co fin de garantir unha cobertura suficiente e evitar que sigan asumindo con recursos propios máis do 90 % do custo deste servizo público esencial?
2. Cal é o motivo polo que o Goberno galego mantén desde hai anos conxelada a partida orzamentaria destinada a compensar os custes de xestión do servizo de asistencia xurídica gratuíta por parte dos colexios da avogacía galega, cando esa achega apenas cobre o 8 % do gasto real xustificado e a carga administrativa do servizo non deixou de medrar nos últimos exercicios?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

131994

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/10/2025 12:14:24

Patricia Iglesias Rey na data 29/10/2025 12:14:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:17:30
Nº Rexistro: 37788
Data envío: 29/10/2025 12:17:30.342

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 12:17:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 12:17:30
Nº Rexistro: 37788
Data envío: 29/10/2025 12:17:30.342

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as escolas infantís de 0 a 3 anos privadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As condicións laborais e salariais dos traballadores e traballadoras de parte do sector dos coidados motivan a folga convocada para o próximo 6 de novembro deste presente ano, que xuntará dentro da mesma mobilización ao persoal que desenvolve a súa función nos centros residenciais de menores, nos centros de persoas con discapacidade e nas escolas infantís do país. Demandan, entre outras melloras, a creación dun convenio galego que garanta un salario adecuado aos profesionais, que se rexen na actualidade por un convenio estatal.

Malia tratarse dun servizo que atende a unha parte vulnerable da poboación, na maioría dos casos o persoal traballador dependente de empresas privadas nas que se externaliza dito servizo, por unha carencia de oferta pública que o preste. Este persoal é vítima dunhas condicións laborais de grave precarización que se evidencian, por exemplo, nas súas remuneracións, que apenas chegan ao salario mínimo interprofesional, feito nada doado de comprender tendo en conta que estes profesionais están a atender a persoas con discapacidade, menores do sistema de protección e crianzas de 0-3 anos.

Neste último caso, as traballadoras das escolas infantís privadas, na maior parte mulleres, están a levar a cabo unha función imprescindible na nosa sociedade, tanto

Asinado o día 29/10/2025 ás
13:48
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 29/10/2025 ás
13:48
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asistencial coma educativa, a través da súa atención ás crianzas. Porén, este feito non implica que as súas condicións laborais e salariais sexan as adecuadas, habendo grandes diferenzas segundo a entidade na que traballen realizando as mesmas labores, ou segundo a categoría profesional pola que son contratadas malia non corresponderse coas súas atribucións, todo elo financiado de xeito público.

Non menos importante é insistir en que as empresas privadas que participan na gratuidade promovida pola Xunta de Galiza na educación 0-3, reciben unha maior remuneración por praza que no caso das escolas infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, pola AGSS, polas escolas de xestión municipal ou polos puntos de atención á infancia. Malia ter un maior financiamento por praza, nalgúns casos unha diferenza do triplo con respecto das escolas públicas, isto non repercute nas traballadoras nin nas súas condicións e que rematan afectándolle a elas en primeira instancia e nos nenos, nenas e as súas familias despois.

Este é un dos principais motivos polos que a actuación da Consellería de Política social nos parece inadecuada xa que, aínda que este servizo de escolarización infantil se está prestando en moitos casos a través de empresas privadas, o financiamento corre a cargo da Xunta de Galiza cos cartos de todas e todos os galegos, polo que se debora velar por garantir condicións dignas de traballo nestas empresas fornecedoras.

A irresponsabilidade da Xunta nesta situación é dobre, xa que nin controla de xeito estrito como se trata ao persoal nun servizo que ela mesma sufraga, nin abastece de recursos suficientes o noso sistema público de escolas infantís, cuxas prazas son claramente insuficientes para atender a demanda que existe por parte das familias galegas.

Non é menos importante poñer o foco no decreto que regula os centros de atención á infancia, o 329/2005 do 28 de xullo, un decreto obsoleto que non se adapta ás necesidades actuais das crianzas e da lugar a unha infradotación de persoal nas escolas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

infantís, sexan do carácter que sexan. Ao revisar as rateos especificadas na normativa vixente, polas que as traballadoras están tamén preocupadas, en moitos casos por motivos de seguridade, é doado comprender a complexa situación á que estas persoas se enfrontan decote. Que a proporción de adultos por neno continúe a ser a mesma que hai 20 anos non é de recibo, cun adulto por cada 8 nenos e nenas nas unidades de menores dun ano, un adulto cada 13 crianzas nas unidades de 1 a 2 anos ou un adulto por cada 20 menores nas unidades de 2 a 3 anos, con educadores que teñen que facer outras labores que restan tempo de atención educativa, tales coma a de encargarse do xantar, por exemplo.

É evidente que as rateos non son realistas se se pretende dar un servizo máis aló do asistencial e da conciliación, que é o obxecto das escolas infantís, ofertar tamén un proxecto educativo, cuxo desenvolvemento require de tempo e medios para levalo a cabo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Prevé a Xunta de Galiza escoitar e atender as demandas laborais e salariais das traballadoras e traballadores que desenvolven a súa actividade laboral nas escolas infantís privadas, que a propia Consellería de Política Social financia para a prestación do servizo de escolarización infantil 0-3?

2. Considera a Xunta que o decreto 329/2005 do 28 de xullo que regula os centros de atención á infancia está adecuado á realidade actual das crianzas e das familias e garante que se desenvolva sen eivas o proxecto educativo das escolas infantís?

3. Considera a Xunta de Galiza necesario modificar o decreto 329/2005 do 28 de xullo que regula os centros de atención á infancia no seu artigo 27 punto 2, no referido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ás rateos e requisitos específicos do persoal para adaptar o número de adultos por neno á realidade actual, garantindo unha correcta atención das crianzas e unhas condicións laborais adecuadas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 29/10/2025 13:48:07

Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2025 13:48:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 13:49:50
Nº Rexistro: 37807
Data envío: 29/10/2025 13:49:50.362

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2025 13:49:50
Nº Rexistro: 37807
Data envío: 29/10/2025 13:49:50.362

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/10/2025 13:49:50

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:09:27
Nº Rexistro: 37835
Data envío: 30/10/2025 10:09:27.062

Asinado o día 30/10/2025 ás 10:06
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o compromiso da Xunta coa posta en marcha de accións centradas no sector do libro galego en 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos a literatura galega tense convertido nunha das nosas expresións culturais máis recoñecidas dentro e fóra de Galiza e unha das plataformas de internacionalización cultural, lingüística e identitaria de maior proxección.

No entanto, a representación do sector do libro galego non ten correspondencia coa política cultural da Xunta, tal e como se pode comprobar no progresivo decrecemento nos exercicios orzamentarios do goberno do Partido Popular, que volve repetirse no proxecto de orzamentos para 2026.

A incapacidade para aprobar, de forma participada e consensuada co sector do libro galego, o tan anunciado como inexistente Plan de fomento da lectura, conforme o regulado na Lei do libro e da lectura na Disposición adicional primeira, é boa proba da ausencia de calquera estratexia que aspire a converter o libro galego nun eixo social, económico e cultural.

Tan incomprensíbel resulta nos axentes do libro e da lectura de Galiza a renuncia explícita da Xunta, ao longo dos 16 anos de goberno do PP, a desenvolver o Plan de fomento da lectura pendente como o anuncio feito polo Director xeral de cultura

Asinado o día 30/10/2025 ás 10:06
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 30/10/2025 ás 10:06
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

na Comisión 4ª do pasado mes de marzo de Lemos+. Un Plan para a dinamización da lectura en Galiza.

Unha nova completamente descoñecida até ese momento polos axentes que interveñen no proceso de creación, distribución e difusión do libro galego e que, segundo a Xunta, esta conformado por “máis de 100 medidas e un investimento de 32 M€, no que se recollen os eixes e as liñas estratéxicas a seguir ata o 2029 co propósito de continuar a incrementar os hábitos lectores na Comunidade, nun momento no que Galicia rexistra uns índices superiores á media nacional, situándose no seu mellor momento histórico”.

Un Plan que, curiosamente, mentres di o goberno da Xunta que “se centra en potenciar as conexións entre o conxunto de axentes do ecosistema do libro e no apoio directo a este sector”, o mesmo sector declárase descoñecedor do mesmo.

Por outra banda, a proposta de orzamentos que está a tramitar o PP no Parlamento segue a escalada de baixada nos investimentos para o ecosistema do libro galego, unha decisión política inexplicábel cando a creación literaria galega está nun momento de máximo nivel creativo e de recoñecemento.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Con que representantes do sector do libro galego consensuou a proposta anunciada como Lemos+. Un Plan para a dinamización da lectura en Galiza?
- Que medidas puxo en marcha ao longo deste 2025?
- Que orzamento se destinou ás mesmas?
- Que avaliación fai da súa aplicación?
- Que medidas do Plan vai continuar a desenvolver en 2026?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Con que orzamento?
- Cando vai comezar a elaborar a Xunta o Plan de fomento da lectura regulado na Lei do libro e da lectura de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/10/2025 10:06:38

Iria Taibo Corsanego na data 30/10/2025 10:06:45

Daniel Castro García na data 30/10/2025 10:06:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:09:27
Nº Rexistro: 37835
Data envío: 30/10/2025 10:09:27.062

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 10:09:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 10:09:27
Nº Rexistro: 37835
Data envío: 30/10/2025 10:09:27.062

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:29:13
Nº Rexistro: 37873
Data envío: 30/10/2025 13:29:13.049

Asinado o día 30/10/2025
13:22
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos meses publicáronse diversas informacións en medios locais da comarca de Bergantiños que poñen de manifesto o mal funcionamento da liña de autobuses Carballo – A Coruña, xestionada pola empresa concesionaria Arriva SL ao abeiro do plan de transporte público da Xunta de Galicia.

Segundo recollen cabeceiras como *Diario de Bergantiños* e *Que pasa na Costa*, moitos dos autobuses directos que parten dende Fisterra ou Muxía chegan a Carballo xa sen prazas dispoñibles, o que obriga ás persoas usuarias que pretenden viaxar dende esta localidade a agardar polo seguinte servizo. O problema agrávase porque o seguinte bus, normalmente, non é directo e tarda o dobre de tempo en completar o traxecto ata A Coruña.

Ademais, diversos usuarios denunciaron situacións irregulares na estación de autobuses da Coruña, onde non se respecta a orde de chegada na cola de embarque e se dá prioridade ás persoas que viaxan até o final da ruta (Fisterra), deixando en terra ás que teñen como destino Carballo. Trátase dunha práctica arbitraria, sen base regulamentaria coñecida, que vulnera o principio de igualdade no acceso a un servizo público e afecta á fiabilidade do transporte.

Tamén se recollen queixas polo uso de billetes anunciados como “directos” que logo son substituídos por servizos lentos, con múltiples paradas, prolongando un traxecto de apenas 35 quilómetros ata unha hora e media de duración.

Esta situación ten un impacto directo sobre a cidadanía da comarca de Bergantiños:

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:21
Por Carlos López Font

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:21
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

132008

28071 Madrid



- dificulta o acceso ao emprego, á educación e aos servizos públicos na cidade da Coruña;
- desincentiva o uso do transporte público fronte ao vehículo privado;
- e frea o desenvolvemento económico e social dunha das zonas máis dinámicas da Costa da Morte.

Por todo o anterior, considérase imprescindible que a Xunta de Galicia actúe con urxencia para garantir un servizo de transporte digno, eficiente e equitativo na liña Carballo–A Coruña.

Polo exposto, a deputada e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cales son as frecuencias actuais da liña Carballo–A Coruña que parten desde Carballo nas horas de maior demanda?
2. Cantas prazas dispoñibles existen, de media, nos autobuses que chegan a Carballo procedentes de Fisterra e Muxía, e cantas persoas quedan sen praza semanal ou mensualmente?
3. Que medidas de control exerce a Xunta sobre a concesionaria Arriva SL para evitar prácticas de prioridade no embarque que prexudiquen a persoas usuarias con destino Carballo?
4. Existe un protocolo oficial que regule a orde de embarque nas estacións de Carballo e A Coruña? En caso afirmativo, como se supervisa o seu cumprimento?
5. Cales son os tempos medios actuais de viaxe dos servizos directos Carballo–A Coruña e dos servizos con paradas múltiples, e que variacións se rexistraron no último ano?
6. Ten previsto a Xunta de Galicia reforzar as frecuencias directas dende Carballo e mellorar a coordinación horaria cos principais horarios laborais e educativos da cidade da Coruña?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:29:13
Nº Rexistro: 37873
Data envío: 30/10/2025 13:29:13.049

7. Considera a Xunta facer públicos de maneira regular os datos de ocupación, incidencias e queixas da liña Carballo–A Coruña, tal e como se propón nesta iniciativa?

Santiago de Compostela, a 30 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

132010

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/10/2025 13:21:49

Carlos López Font na data 30/10/2025 13:21:58

Aitor Bouza Manso na data 30/10/2025 13:22:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:29:13
Nº Rexistro: 37873
Data envío: 30/10/2025 13:29:13.049

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 13:29:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:29:13
Nº Rexistro: 37873
Data envío: 30/10/2025 13:29:13.049

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:57
Nº Rexistro: 37879
Data envío: 30/10/2025 13:30:57,483

Asinado o día 30/10/2025 ás 13:26
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A mobilidade é un dereito básico que garante a igualdade de oportunidades, a cohesión territorial e o desenvolvemento económico. Sen transporte público de calidade, as comarcas rurais sofren un dobre prexuízo: a dependencia obrigatoria do vehículo privado e o abandono institucional que impide fixar poboación e atraer investimentos.

Na Costa da Morte, a situación do transporte público segue a ser un dos grandes impedimentos para o progreso. Exemplos recentes amosan a insuficiencia do servizo:

- No concello de Ames, as liñas metropolitanas de conexión con Santiago rexistran masificación en horas punta, deixando persoas usuarias nas paradas.
- En Camariñas, Fisterra ou Muxía, o transporte escolar non garante horarios nin prazas suficientes, obrigando ao alumnado a desprazarse en condicións inadecuadas.
- A autovía AG-55 continúa sen completar o seu trazado ata Cee, limitando a conectividade da comarca e xerando un agravio comparativo con outras zonas de Galicia.

O caso máis paradigmático é o da liña Carballo – A Coruña, que debería ser a principal arteria de comunicación da comarca e, porén, funciona en condicións claramente deficientes:

Asinado o día 30/10/2025 ás 13:26
Por Carlos López Font

Asinado o día 30/10/2025 ás 13:25
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

132013

28071 Madrid

@PSdeG



- Moitos autobuses directos que chegan a Carballo desde Fisterra ou Muxía dispoñen xa de poucas ou ningunha praza libre, obrigando ás persoas usuarias de Carballo a esperar por outro bus.
- O seguinte servizo non é directo e tarda o dobre de tempo, convertendo un traxecto de apenas 30 km nunha viaxe longa e ineficiente.
- Na estación de autobuses da Coruña, a empresa concesionaria Arriva SL prioriza o embarque de viaxeiros con destino final en Fisterra, excluindo a usuarios de destinos intermedios como Carballo. Esta práctica arbitraria non conta con cobertura legal, supón un trato desigual e resulta incompatible cun servizo público.

Este modelo non garante equidade nin eficacia, desincentiva o uso do transporte público e converte Carballo, capital económica da Costa da Morte, nun exemplo de como as malas decisións en materia de mobilidade penalizan a toda unha comarca.

En consecuencia, é urxente que a Xunta de Galicia, como autoridade competente en materia de transporte, actúe con decisión para corrixir esta situación.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que medidas pensa adoptar a Xunta para garantir que todas as persoas usuarias que acceden á liña Carballo – A Coruña desde Carballo dispoñan de praza nos autobuses?
2. Vai revisar a Xunta as condicións da concesión da empresa Arriva SL, para prohibir prácticas discriminatorias como a prioridade no embarque en función do destino final?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:57
Nº Rexistro: 37879
Data envío: 30/10/2025 13:30:57,483

3. Ten previsto a Xunta aumentar as frecuencias de autobuses directos Carballo – A Coruña en horas punta, reducindo así tempos de viaxe e masificación?
4. Cales son as actuacións previstas para adaptar os horarios e reforzar o transporte escolar en Camariñas, Fisterra, Muxía e outros concellos da Costa da Morte?
5. Cal é o calendario real de execución da prolongación da autovía da Costa da Morte ata Cee e que medidas adoptará a Xunta respecto das peaxes da AG-55?

Santiago de Compostela, a 30 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

132015

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/10/2025 13:25:58

Carlos López Font na data 30/10/2025 13:26:04

Aitor Bouza Manso na data 30/10/2025 13:26:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:57
Nº Rexistro: 37879
Data envío: 30/10/2025 13:30:57,483

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:30:57
Nº Rexistro: 37879
Data envío: 30/10/2025 13:30:57,483

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 13:30:58

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:39:35
Nº Rexistro: 37883
Data envío: 30/10/2025 13:39:35.550

Asinado o día 30/10/2025
13:35
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero supuxo, desde a súa aprobación en 2017, un avance histórico no compromiso das administracións públicas coa erradicación desta lacra social, coa mellora da protección das vítimas e coa coordinación institucional na loita contra todas as formas de violencia machista.

A Comisión de Seguimento e Avaliación dos Acordos do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero aprobou o 26 de febreiro de 2025 a súa renovación, froito dun amplo acordo político e social que culminou nun novo texto aprobado polo Congreso.

Este novo Pacto de Estado, mellorado e ampliado, recolle 461 medidas, o que supón un incremento substancial respecto das 290 incluídas no pacto orixinal de 2017. Ademais, incorpora importantes novidades en materia de violencia vicaria, económica e dixital, reforzando a protección das vítimas e das e dos menores, e actualizando os dez eixes orixinais con tres novos ámbitos de actuación.

O texto renovado pon unha especial atención nas mulleres do medio rural, nas mulleres maiores, nas mulleres migrantes e nas persoas con discapacidade, incorporando tamén as perspectivas de infancia e xuventude como elementos esenciais na prevención e na resposta integral á violencia de xénero.

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:35
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/10/2025 ás
13:35
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

132018

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:39:35
Nº Rexistro: 37883
Data envío: 30/10/2025 13:39:35.550

Outro dos avances máis relevantes é o incremento orzamentario, cun 50 % máis de dotación económica, o que se traduce nun compromiso de 1.500 millóns de euros para os próximos cinco anos, co obxectivo de garantir a aplicación efectiva das medidas e a súa coordinación territorial.

En Galicia o último informe do Consello de Contas advirte que a política do Goberno galego en relación coa violencia machista é reactiva, existindo un declive nas políticas de prevención.

O Dirección Xeral de loita contra a violencia de xénero manifestou que: *“Lamentablemente o número de asasinatos e vítimas de violencia de xénero non ten unha relación directa , causa-efecto, coa intensidade das políticas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero”*

Dende o Grupo Socialista amosamos a nosa total discrepancia ao contido destas alegacións entendendo que a prevención a sensibilización e a educación en igualdade son actuacións clave na loita contra o machismo, do que deriva a violencia contra as mulleres, e polo tanto, deben ser liñas políticas estratéxicas e fundamentais.

A violencia de xénero segue sendo unha realidade inaceptable que require do compromiso constante e activo de todas as administracións públicas. Galicia, como comunidade autónoma, debe seguir reforzando os seus mecanismos de prevención, atención e reparación, e asumir con determinación as novas liñas marcadas polo renovado Pacto de Estado.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego:

1. Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para garantir a incorporación efectiva das novas liñas de actuación do renovado Pacto de





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:39:35
Nº Rexistro: 37883
Data envío: 30/10/2025 13:39:35.550

Estado contra a Violencia de Xénero —en particular as referidas á violencia vicaria, económica e dixital— nas políticas autonómicas de igualdade?

2. Prevé o Goberno galego incrementar a dotación orzamentaria destinada á loita contra a violencia de xénero, en consonancia co aumento do 50 % recollido no novo Pacto de Estado, e asegurar que estes fondos se traduzan nun reforzo real dos servizos de atención ás vítimas e da coordinación cos concellos?

3. Como ten pensado o Goberno galego mellorar a atención e protección das mulleres do rural, das mulleres maiores, das mulleres migrantes e das persoas con discapacidade fronte á violencia de xénero, tal e como establece o novo Pacto de Estado aprobado polo Congreso?

4. Entende o Goberno galego que a prevención a sensibilización e a educación en igualdade son actuacións clave na loita contra o machismo?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

132020

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 30/10/2025 13:35:08

Elena Espinosa Mangana na data 30/10/2025 13:35:30

Silvia Longueira Castro na data 30/10/2025 13:35:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:39:35
Nº Rexistro: 37883
Data envío: 30/10/2025 13:39:35,550

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 13:39:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 13:39:35
Nº Rexistro: 37883
Data envío: 30/10/2025 13:39:35.550

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a aprobación de plans de xestión de cada un dos espazos incluídos na Rede Natura 2000.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sitúase á cola do Estado e de Europa en porcentaxe do territorio amparado e protexido pola Rede Natura 2000. Malia as esixencias da Comisión Europea, os acordos parlamentares e os anuncios da propia Xunta, a realidade é que o goberno galego vetou de facto a ampliación desta Rede de protección ambiental e da biodiversidade pola presión de determinados lobis da industria extractivista.

Por outra parte existe un requirimento por parte da Comisión Europea a respecto da insuficiencia do Plan Director da Rede Natura 2000 como instrumento de xestión dos espazos incluídos na Rede. En sucesivas comunicacións ao Estado español, a Comisión Europea reclamou a necesidade de elaboración e aprobación dun instrumento específico de xestión para cada unha das ZEC e ZEPA incluídas na Rede Natura. Mesmo existe a posibilidade de expedientes de sanción no caso de incumprimento desta obriga.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Recibiu a Xunta comunicacións da Comisión Europea ou do goberno central sobre a necesidade de aprobar plans de xestión de cada un dos espazos da Rede Natura 2000 e sobre posíbeis sancións polo incumprimento desta obriga?

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:51
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:51
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Que previsións ten a Xunta en relación coa aprobación dos plans de xestión de cada un dos espazos incluídos na Rede Natura 2000?

Ten previsto o goberno galego incrementar o orzamento destinado á xestión de cada un dos espazos incluídos na Rede Natura 2000?

Ten previsto a Xunta ampliar a Rede Natura 2000, en que prazo e con que tipoloxía de hábitats que a Unión Europea considera que están insuficientemente representados?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 16:51:13

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2025 16:51:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:53:28
Nº Rexistro: 37947
Data envío: 30/10/2025 16:53:28.069

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 16:53:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:53:28
Nº Rexistro: 37947
Data envío: 30/10/2025 16:53:28.069

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:18
Por Alexandra Fernáñez

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as denominadas “zonas ben conservadas en estudo”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O visor xeográfico de conservación da natureza do sistema de información xeográfica de Galiza inclúe como “zonas de exclusión” ás denominadas “zonas ben conservadas en estudo.”

Moitas destas zonas albergan hábitats e especies de especial interese ou de interese prioritario e en moitos casos coinciden con zonas propostas en 2008 e 2011 para a ampliación da Rede Natura 2000.

Polo que respecta a áreas como a serra do Suido, a existencia destas “zonas ben conservadas en estudo” foi un argumento de peso para facer informes desfavorables de proxectos industriais eólicos.

A delimitación destas zonas está avalada por informes técnico-científicos, mais o goberno galego négase sistematicamente a darlles un estatus de protección acorde coa súa importancia biolóxica e para a biodiversidade.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que rango legal teñen as zonas de exclusión denominadas “zonas ben conservadas en estudo”?

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:18
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:18
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que a Xunta non lle outorga un estatus de protección dos previstos na lei do patrimonio natural e a biodiversidade a estas zonas?

Que criterios segue o goberno galego para denegar autorizacións ambientais a proxectos que afectan a estas zonas de interese para a biodiversidade?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 17:18:00

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2025 17:18:21

Alexandra Fernández Gómez na data 30/10/2025 17:18:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:23:15
Nº Rexistro: 37950
Data envío: 30/10/2025 17:23:15.247

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:23:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:23:15
Nº Rexistro: 37950
Data envío: 30/10/2025 17:23:15.247

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:40:21
Nº Rexistro: 37962
Data envío: 30/10/2025 17:40:21.066

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a aprobación do Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego aprobou no mes de febreiro de 2025 a Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas (ORDE do 4 de outubro de 2024 pola que se aproba a Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas).

A Estratexia Galega de Infraestrutura verde establece os seguintes elementos da infraestrutura verde: “En consonancia coa Estratexia da Unión Europea e a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde, así como coas características bioxeográficas e territoriais de Galiza, os elementos da Infraestrutura Verde establécense en 7 categorías. A escala rexional recoñécense: Áreas Núcleo, Corredores Ecolóxicos, Áreas de Amortecemento e Áreas Multifunacionais. A escala subrexional e local, poderían engadirse as Áreas Pronucleares”.

O documento da Estratexia aprobado inclúe un apartado denominado “Programa de Accións” no que se recolle o seguinte compromiso:

“A concreción e desenvolvemento do programa de accións establecerase e adecuarase periodicamente durante o período de vixencia da Estratexia a través do **Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde de Galicia**, no que se incluírá un cronograma, criterios e indicadores para o seguimento e a avaliación, así como unha estimación de custos e fontes previsibles de financiamento.”

Asinado o día 30/10/2025 ás
17:38
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 30/10/2025 ás
17:38
Por Luis Bará Torres



No apartado do programa de accións recóllense accións prioritarias e un cronograma e orzamento:

“Cronograma e estimación económica

6.1.- As accións contempladas no Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde de Galicia, deben incluír unha proxección temporal, así como unha estima de custos e de posibles fontes de financiamento.”

A estas alturas non se coñece nin o citado cronograma nin as consignacións orzamentarias para a implementación e seguimento da Estratexia. E os orzamentos da Xunta para 20026 non inclúen ningunha partida específica para este Plan.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Ten previsto a Xunta aprobar a curto prazo meses o Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas que detalle as actuacións prioritarias así como o cronograma e a estimación económica dos custos de cada unha?

Vai o goberno galego dotar unha partida económica nos orzamentos de 2026 para a posta en marcha do Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas?

Ten previsto a Xunta presentar no parlamento un informe anual de avaliación do Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 17:38:40

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2025 17:38:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:40:21
Nº Rexistro: 37962
Data envío: 30/10/2025 17:40:21.066

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:40:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:40:21
Nº Rexistro: 37962
Data envío: 30/10/2025 17:40:21.066

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:57:28
Nº Rexistro: 37964
Data envío: 30/10/2025 17:57:28,987

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:17
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

Nas últimas semanas saíu á luz un feito especialmente grave na área sanitaria de Ourense: a existencia dun protocolo interno do Sergas que limitaba a derivación desde Atención Primaria a distintas especialidades hospitalarias en función da idade das persoas doentes, e mesmo, nalgún caso concreto, do seu índice de masa corporal.

Segundo a información publicada, o documento —elaborado, entre outros, por Miguel Abad Vila, actual responsable provincial de Atención Primaria en Ourense, ex edil do Partido Popular e ex delegado de Sanidade— establecía ata en cinco apartados restricións explícitas por idade para a derivación a distintas especialidades.

En concreto:

- No punto 5.2.1, relativo a Reumatoloxía, excluíase da derivación por sospeita de espondiloartrite precoz ás persoas maiores de 65 anos.
- No punto 5.3, referido a Neurocirurxía, limitábase a derivación a pacientes menores de 80 anos e cun índice de masa corporal (IMC) de 35, o que na práctica supón a exclusión de persoas maiores con obesidade.
- Nos apartados 6.1.1 e 6.1.2, correspondentes a Traumatoloxía, indicábase que só se podían derivar a hospitalización os menores de 65 anos en casos de sospeita de rotura ou lesión aguda do manguito rotador (ombreiro).

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:17
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:17
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

132035

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:57:28
Nº Rexistro: 37964
Data envío: 30/10/2025 17:57:28.987

- Ademais, no mesmo servizo de Traumatoloxía, non se recomendaba derivar a pacientes menores de 50 anos con gonalgia postraumática que non respondesen a tratamento sistemático durante tres semanas.

Este protocolo, segundo o propio texto, tiña por obxecto “establecer os criterios clínicos e organizativos necesarios para optimizar a avaliación inicial e o procedemento de derivación”.

Porén, a súa aplicación real suporía unha limitación do dereito á atención hospitalaria en función da idade, vulnerando os principios básicos de equidade, universalidade e non discriminación do sistema público de saúde.

A resposta dos profesionais de Atención Primaria foi inmediata. En alegacións presentadas ante a Xerencia do CHUO, os médicos e médicas de familia denunciaron que o documento pretendía trasladar a eles a responsabilidade das listas de agarda hospitalarias, cando o problema real é a falta de persoal e de recursos.

Nun dos puntos das súas alegacións afirmase textualmente:

“Para a derivación a Traumatoloxía parece razoable pensar que o problema das listas de espera depende dese servizo, non de Atención Primaria e da súa forma de traballar ou derivar. Chama a atención que só se poidan derivar pacientes menores de 65 anos. Quizais a un paciente de 70 anos só lle quede a resignación cristiá.”

Os profesionais tamén advertiron das demoras inasumibles nos servizos de Rehabilitación e Fisioterapia, sinalando que moitas persoas se ven obrigadas a acudir á sanidade privada:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

132036

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:57:28
Nº Rexistro: 37964
Data envío: 30/10/2025 17:57:28.987

A situación descrita revela un problema estrutural de planificación e recursos no sistema sanitario galego, e non un mal uso das derivacións por parte do persoal médico.

Especialmente grave é que se introduzan criterios de idade ou condición física como barreira de acceso á atención hospitalaria, nun contexto no que Galicia, e particularmente a provincia de Ourense, teñen unha das poboacións máis envellecidas do Estado.

Aínda que o Sergas anunciou posteriormente unha rectificación parcial, o contido do protocolo e as reaccións dos profesionais esixen explicacións claras, transparencia e responsabilidades políticas.

Non é aceptable que se tente xestionar as listas de espera recortando dereitos en lugar de reforzar servizos.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno galego aceptable introducir criterios de idade como limitación para derivar pacientes desde Atención Primaria a especialidades hospitalarias?
2. Vai o Goberno galego confirmar oficialmente a existencia deste protocolo na área sanitaria de Ourense e explicar baixo que autoridade e con que criterios foi elaborado e difundido?
3. Participaron os profesionais de Atención Primaria na súa redacción ou revisión?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:57:28
Nº Rexistro: 37964
Data envío: 30/10/2025 17:57:28.987

4. Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para garantir que ningún protocolo asistencial poida discriminar ás persoas por razón de idade, sexo, peso ou condición física?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

132038

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/10/2025 17:17:15

Elena Espinosa Mangana na data 30/10/2025 17:17:23

Silvia Longueira Castro na data 30/10/2025 17:17:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:57:28
Nº Rexistro: 37964
Data envío: 30/10/2025 17:57:28.987

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:57:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:57:28
Nº Rexistro: 37964
Data envío: 30/10/2025 17:57:28.987

CSV: BOPGDSPG-ozSbwzM3-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

